



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 25

Sesión plenaria
23 de outubro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-TUjcxg6U-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 2113 (12/PNP-000246)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar adiante en relación coa súa xestión en Galicia do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

3.2 2140 (12/PNP-000249)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxectivo de mellorar o transporte público por estrada da súa competencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

3.3 5065 (12/PNP-000521)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a chegada da alta velocidade ferroviaria ás cidades de Lugo e Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

3.4 10158 (12/PNP-000833)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que proceda a unha repartición xusta dos fondos para o fomento das linguas cooficiais no ámbito da industria cinematográfica e audiovisual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 81f1, do 11.09.2024

3.5 11391 (12/PNP-000939)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxectivo de concretar a planificación en materia de vivenda protexida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91f2, do 25.09.2024

3.6 11863 (12/PNP-000982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en política de I+D

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024



Punto 4. Interpelacións

4.1 2721 (12/INT-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a revisión do sistema de financiamento da Administración local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

4.2 8091 (12/INT-000406)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e tres deputados/as máis

Sobre a elaboración dunha nova lei de medios de comunicación e os cambios que nela se pretenden incorporar, nomeadamente no relativo ao sistema de elección de director ou directora xeral da CRTVG e á emisión de producións en castelán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f1, do 22.08.2024

4.3 10366 (12/INT-000453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a transparencia na contratación pública da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 82, do 12.09.2024

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 13333 (12/POPX-000019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre as prioridades da Xunta de Galicia para resolver os problemas da cidadanía galega no vindeiro 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024

5.2 13334 (12/POPX-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a eventual derogación do decreto que está facendo caer en picado o uso do galego entre as novas xeracións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 13305 (12/PUP-000050)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e nove deputados/as máis

Sobre os efectos que están a ter nos concellos galegos, singularmente no seu financiamento, as últimas decisións do Goberno de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024



6.2 7762 (12/POP-001063)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Comesaña, Julio e oito deputados/as máis**

Sobre a situación actual en España das probas da avaliación de bacharelato para acceso á universidade (ABAU)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024

6.3 12429 (12/POP-001905)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da cobertura docente do CEIP Chans-Bembrive, de Vigo, para unha mellor atención á diversidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97f2, do 09.10.2024

6.4 7365 (12/POP-000957)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre os prazos para a posta en marcha do futuro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 61, do 06.08.2024

6.5 7442 (12/POP-001004)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as primeiras medidas que o Goberno galego pensa materializar para cumprir os pactos acadados cos estamentos que traballan en defensa da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024

6.6 7581 (12/POP-001016)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego verbo da execución do convenio entre o Concello de Lugo e a Xunta de Galicia para desenvolver o proxecto do Museo da Romanización de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024

6.7 8475 (12/POP-001415)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis**

Sobre as principais medidas do Goberno galego para impulsar o uso da lingua galega e o incremento de neofalantes, especialmente entre a mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f3, do 22.08.2024

6.8 13292 (12/PUP-000048)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Vidal Lamas, Sonia**

Sobre a situación do sector agrogandeiro, especialmente no que atinxe á recollida da pataca e do millo forraxeiro, despois dos efectos da borrasca *Kirk*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024



6.9 13293 (12/PUP-000049)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o eventual desenvolvemento dun plan de axudas directas ao sector agrario co obxectivo de compensar as perdas ocasionadas pola borrasca *Kirk*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as prioridades da Xunta de Galicia para resolver os problemas da cidadanía galega no vindeiro 2025. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S)*. (Páx. 11.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 12.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a eventual derogación do decreto que está facendo caer en picado o uso do galego entre as novas xeracións. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 22.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre o asasinato homófobo de Samuel Luíz. (Páx. 23.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en política de I+D. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Méndez López (S)* (Páx. 27.) e *Sr. García Comesaña (P)* (Páx. 30.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Ojea Bouzo (M)*. (Páx.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 32.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar adiante en relación coa xestión en Galicia do



Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025: *rexeitado por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D^a Paloma Castro Rey, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxectivo de mellorar o transporte público por estrada da súa competencia: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a chegada da alta velocidade ferroviaria ás cidades de Lugo e Ferrol: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que proceda a unha repartición xusta dos fondos para o fomento das linguas cooficiais no ámbito da industria cinematográfica e audiovisual: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxectivo de concretar a planificación en materia de vivenda protexida: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en política de I+D: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Interpelación de D. Óscar Insua Lema e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a revisión do sistema de financiamento da Administración local.
(Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Insua Lema (BNG).* (Páx. 38.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 42.)

Réplica do autor: *Sr. Insua Lema (BNG).* (Páx. 45.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 46.)

A señora Rodil Fernández (BNG) pide a palabra e intervén, con base no artigo 76.1, por alusións directas. (Páx. 48.)



Interpelación de D^a Silvia Longueira Castro e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a elaboración dunha nova lei de medios de comunicación e os cambios que nela se pretenden incorporar, nomeadamente no relativo ao sistema de elección de director ou directora xeral da CRTVG e á emisión de producións en castelán. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 49.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 53.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 55.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 57.)

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a transparencia na contratación pública da Xunta de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 59.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 62.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 67.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os efectos que están a ter nos concellos galegos, singularmente no seu financiamento, as últimas decisións do Goberno de España. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 69.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 70.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 72.)

Pregunta de D. Julio García Comesaña e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación actual en España das probas da avaliación de bacharelato para acceso á universidade (ABAU). (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Suárez (P)*. (Páx. 74.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 75.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Suárez (P)*. (Páx. 76.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 76.)

A señora Castro Rey (S) pide a palabra e intervén, con base no artigo 76, para solicitar a retirada dunha palabra manifestada pola señora Vázquez Suárez (P), alegando que afecta gravemente o decoro e a dignidade do seu grupo parlamentario. O señor presidente manifesta que, segundo o seu xuízo, o significado da palabra citada hai que entendela nun contexto diferente ao interpretado pola señora Castro Rey (S) e que, polo tanto, non hai que retirala, xa que entra dentro do permitido no debate. (Páx. 78.)



Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da cobertura docente do CEIP Chans-Bembrive, de Vigo, para unha mellor atención á diversidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 80.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 81.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 83.)

Pregunta de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os prazos para a posta en marcha do futuro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 84.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 85.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 86.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia o debate acumulado de dúas preguntas. (Páx. 87.)

Pregunta de D^a Silvia Longueira Castro D. Julio Ernesto Abalde Alonso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as primeiras medidas que o Goberno galego pensa materializar para cumprir os pactos acadados cos estamentos que traballan en defensa da lingua galega. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D. José Luís Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as principais medidas do Goberno galego para impulsar o uso da lingua galega e o incremento de neofalantes, especialmente entre a mocidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 87.) e *Sr. Ferro Iglesias (P)* (Páx. 88.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 89.)

Réplica dos autores: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 91.) e *Sr. Ferro Iglesias (P)* (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 93.)

Pregunta de D^a Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego verbo da execución do convenio entre o Concello de Lugo e a Xunta de Galicia para desenvolver o proxecto do Museo da Romanización de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Méndez López (S)*. (Páx. 95.)

Resposta da Xunta: *Sr. Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 97.)



Réplica da autora: Sra. Méndez López (S). (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: Sr. Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos). (Páx. 99.)

A señora Prado del Río (P) pide a palabra, con base no artigo 76.3 do Regulamento, por alusións que afectan o decoro do seu grupo parlamentario feitas pola señora Méndez López (S). O señor presidente considera que as palabras pronunciadas pola señora Méndez López (S) si poden afectar o decoro ou a dignidade dun grupo parlamentario ou dunha persoa, ao nomear directamente a persoa a que se refiren. Consecuentemente, pídelles á señora Méndez López (S) que retire a expresión e, ante a negativa desta de retirala se o Grupo Parlamentario Popular de Galicia non retiraba tamén a alusión feita pola señora Vázquez Suárez (P) nun punto anterior, na que se utilizaba a mesma palabra, procede a retirala el e a chamala á orde. (Páx. 100.)

A señora Prado del Río (P) volve pedir a palabra con base no mesmo artigo, ao considerar que o señor presidente non lla outorgara a primeira vez, e recoméndalle ao señor presidente que consulte cos Servizos Xurídicos da Cámara. (Páx. 101.) A seguir, a señora Prado del Río (P) e o señor presidente debaten respecto de se a palabra lle foi dada ou non a esta deputada e non comparten a interpretación sobre esta cuestión. (Páx. 101.)

Remata a sesión ás dúas e cincuenta e un minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión, neste caso co punto quinto da orde do día, que son as preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Antes de comezar, saudamos o presidente e os membros da Cámara Municipal de Vilanova da Cerveira, que hoxe nos acompañan e que visitan o noso Parlamento. Benvidos ao Parlamento.

E, sen máis, comezamos.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as prioridades da Xunta de Galicia para resolver os problemas da cidadanía galega no vindeiro 2025

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas, e tamén aos que nos visitan no día de hoxe no Parlamento.

Señor Rueda, estamos nunha semana onde se presentaron os orzamentos..., bueno, a presentación oficial, porque algúns datos sobre eses orzamentos xa os tivemos en datas pasadas, con anterioridade á chegada ao Parlamento das cifras da Xunta de Galicia.

A verdade é que son uns orzamentos grises, pouco ambiciosos —esa é a miña opinión e a dos socialistas—...; bueno, un pouco na forma de ser que teñen vostedes. Creo que é un reflexo fiel de como son vostedes, de como plantean as contas públicas conforme a súa ideoloxía e de como practican a política no día a día.

A verdade é que, nun contexto onde Galicia se di que vai medrar no ano 2024 sobre o 2,3 e a previsión para o 2025 é de medrar sobre o 2,1 por cento menos que España, cando en todos os informes se conclúe que este ano España medrará en torno ao 3 por cento —polo tanto, un diferencial non menos importante—, e tendo en conta, ademais, que o conselleiro de Facenda fixo hoxe mención a que un dos obxectivos políticos do Goberno da Xunta de Galicia era converxer no ano 2030, dentro de seis anos, parece que ese obxectivo está cada vez máis lonxe.

En todo caso, é o reflexo claro da situación na que se atopa Galicia, que medra menos có resto de España e, por tanto, nese sentido, aproveita pouco as oportunidades. E nese contexto aparecen os orzamentos da Xunta de Galicia, condicionados tamén polas débedas, cunha importante débeda pública, de case 1.700 millóns dentro deses orzamentos; esa débeda que vostede non quere condonar, que non quere que lla condenen. Polo tanto, seguimos apostando por unha partida importante para a débeda pública, a débeda cos bancos, pero das débedas dos cidadáns esquecémonos; non nos acordamos dos veciños e dos cidadáns.



Por iso é lóxico que, unha vez vistos eses orzamentos e antes de ser presentados, vostede xa fixase cales eran as prioridades da Xunta de Galicia e do seu partido con eses orzamentos. E as súas prioridades quedaron ben claras; as prioridades son beneficiar as concesionarias das autoestradas con ese novo beneficio, con ese novo regalo fiscal —xa se fixo no 2014, cando despois, tal e como dixo o Consello de Contas, non procedía— no 2014 de 200 millóns e agora con 300 millóns máis. Tamén ás enerxéticas. Acaba vostede de anunciar esa sociedade de recursos; por certo, o instrumento para operar ten un 30 por cento, segundo vostedes din, de subscripción de capital público e o resto cunha iniciativa privada. Por tanto, pon á Xunta a traballar para o sector privado, podendo facelo, como se fixo tradicionalmente —e seguindo podendo facelo—, dende os instrumentos públicos e dende o público; iso si, sen obviar que se pode chegar á colaboración privada, público-privada, en proxectos ben diferenciados e interesantes para Galicia.

Segue mirando, non soamente para as concesionarias de autoestradas, senón tamén para o sector enerxético. Mira tamén para os bancos; prefire pagarlles as débedas aos bancos, e cada vez máis o peso da débeda sobe un 16 por cento. E tamén ás construtoras, porque a súa aposta pola vivenda, tal e como dixo o seu director xeral, vai pola aposta de liberalizar solo e por que a iniciativa sexa a que sexa capaz de solucionar o problema evidente dos veciños e veciñas de Galicia, fundamentalmente dos mozos, que teñen que esperar a esa iniciativa, porque é unha iniciativa menor a que se propón desde a Xunta de Galicia.

E finalmente tamén, en materia de patrimonio, seguimos cos regalos fiscais aos que máis teñen. Como di o Consello de Contas, nos últimos anos, 258 millóns de regalos para os que máis teñen. Loxicamente, para o resto da cidadanía, que terá que pagar o seu recibo do lixo, aí si que non hai ningún tipo de bonificacións. Por tanto, ímoslle meter un bo apertón nas contas públicas.

En todo caso, creo que esas son as prioridades que vostede marcou con anticipación á presentación dos orzamentos, pero imos seguir falando desas prioridades, e no segundo turno seguiremos falando, ademais, desas propostas que o Partido Socialista tamén fará neste trámite parlamentario, para mellorar o que nós consideramos como unhas contas moi deficientes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Eu tamén saúdo os convidados de hoxe, especialmente os que veñen de Vilanova da Cerveira.

Recorde a pregunta, señor Besteiro. Vostede, en fin, di o que estima oportuno, por suposto, pero moitas veces é que nin se acorda do que preguntou. Vostede preguntábame cales son as miñas prioridades para resolver os problemas da cidadanía galega en 2025. Pois mire,



efectivamente: as que expliquei na miña comparecencia de hai dúas semanas, que logo quedan reflectidas nos orzamentos para o ano 2025. Eu podería dicir «máis nada e moitas grazas», porque a súa pregunta xa quedou explicada hai dúas semanas.

Pero agradézolle a oportunidade de seguir falando dos orzamentos, agradézollo moitísimo, de verdade; iso si, voulle facer unha recomendación —e xa sei que non lle gusta—. Cando levabamos dez minutos de anunciarlos vostede xa falou deles como se os coñecese de sempre. Sempre din o mesmo: non lle gustan, son orzamentos grises, non resolven os problemas, pouco ambiciosos... Sen coñecelos de nada xa os descualificou absolutamente.

Agora adquiriu aquí publicamente o compromiso de estudalos. Iso tamén llo recomendo, que os estude e que os vexa, e que, por suposto, fagan o seu traballo dicindo que non lles gustan ou complementando aquilo que lles gusta para que sexa aínda mellor. Espero que así o fagan. Agora van entrar os orzamentos na Cámara e vai empezar todo o proceso. Di a señora Pontón que iso non ten ningún mérito, pero si que o ten jeh! Si que o ten. Levámolo facendo moitísimos anos, e hai que comparalo con outros, que non son capaces nin de empezalo. Creo que ten o mérito da normalidade e da estabilidade. Polo tanto, imos ter orzamentos unha vez máis, e xa van moitísimos anos, señor Besteiro. *(Aplausos.)* Imos ter orzamentos.

Mire, a Xunta vai dispoñer de 13.954 millóns de euros. É o maior orzamento de gastos que tivemos nunca, un 2,6 por cento. Son orzamentos prudentes. Eu xa dixen que podían ser cifras moito maiores, pero preferimos ser conservadores e realistas. A xente confía nos que nos comportamos así, e vémolos cada vez que hai eleccións.

Medramos. Medramos moito despois da pandemia, e moi por enriba da media de España. Naquel momento vostedes dixeron que iso non tiña ningún mérito, e agora que as cousas se van acompasando, como é lóxico —e nesa subida media do noso país tamén terá que ver algo Galicia—, entón, din que aí si que hai que preocuparse polo diferencial.

Son orzamentos do crecemento económico. Xa digo, imos crecer. Xa puxemos unha previsión conservadora que imos superar este ano, e volvemos facelo para o 2025, que estou seguro de que tamén a superaremos. Son orzamentos de creación de emprego. Imos estar por primeira vez en moitísimo tempo debaixo dos dous díxitos de desemprego, imos pechar sobre o 9 por cento ou aínda menos o ano 2025; así o agardamos.

Son os orzamentos do gasto social: 3 de cada 4 euros van a emprego, sanidade, política social e educación. E son orzamentos de apoio aos concellos. Vostede non lle dá ningún mérito, pero, mire, son 30 millóns de euros máis que o ano pasado; 641 millóns de asignación directa aos concellos, e iso ten moito mérito.

Son os orzamentos das rebaixas fiscais. A vostedes, ao socialismo, que tanto lle gusta subir impostos, temos que dicirles que aquí os baixamos: baixadas ás familias numerosas, baixadas para adquirir un vehículo, baixadas, efectivamente, para os que compren unha vivenda ou para alugala, que é un gran problema, e baixadas para os que herden. Son 750 millóns de euros que van aforrar os galegos en baixadas de impostos da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*



E son orzamentos tamén, señor Besteiro, para a vivenda, que é un dos grandes problemas da sociedade e, por tanto, tamén dos galegos, da sociedade galega. Triplicamos os investimentos para vivenda. En definitiva, señor Besteiro, son orzamentos para seguir gobernando, para que a xente siga confiando en nós.

Mire, esas son as nosas prioridades. As nosas prioridades non son a amnistía, non nos interesa a amnistía. As nosas prioridades non son que unha comunidade concreta, a que os mantén a vostedes no Goberno en Madrid, teña o concerto económico que lles convén, pois está todo día tapando as vergoñas. Esas non son as prioridades. As nosas prioridades non son ter que mirar para outro lado mentres vemos como un ministro di que o ferrocarril está vivindo o mellor momento da súa historia —¡pero, ¿de que vai?!—. E as nosas prioridades non son facerlle a pelota ao señor 1, como fan vostedes todos os días aquí. Si, si, non ría, señor Besteiro. Esa é a imaxe que vostedes translocen, na miña opinión e na opinión de moitos galegos.

É unha pena, porque tiñan que ser un partido moitísimo máis importante. Agardo que agora, durante a tramitación dos orzamentos —como vostede se acaba de comprometer—, os estuden, falen deles con coñecemento e fagan aportacións. Se non, verase unha vez máis que as prioridades nosas e as do Partido Socialista son moi diferentes e que a xente confía nas nosas prioridades cada vez que lle preguntamos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Si, moitas grazas, señor presidente.

Mire, voulle dar as cifras verdadeiras dese orzamento da historia presupostaria do Partido Popular nos últimos quince anos, pero, en concreto, agora: 500 millóns e 200, máis 300 en relación co rescate das concesións das autoestradas. Un 1,97 por cento —poñámoslle 2 por cento— que soben as bonificacións e as peaxes. As peaxes soben un 2 por cento nesas autoestradas que vostede non quere rescatar, pero que tampouco quere bonificar. Esa é a grande incoherencia do Partido Popular: pide rescate, pide gratuidade para as autoestradas do Estado, e estamos de acordo, pero non practica esa mesma gratuidade nin as bonificacións para as nosas. (*Aplausos.*) ¡Gran coherencia por parte do Partido Popular!

Son 1.768 millóns de débeda ante a amortización, interese...; en definitiva, é o que vostedes sitúan nos orzamentos: 1.768 millóns. Por tanto, esa débeda que vostede non quere que lle condonen, nin total nin parcialmente; non quere falar da condonación da débeda, e o 70 por cento de participación privada nesa sociedade de recursos, menos de 72 millóns... Se vostede considera que a vivenda é unha prioridade absoluta.... Na última sesión de control díxenlle que determinación; e a determinación mídese con orzamentos da Xunta de Galicia. Vostede nese orzamento ten menos de 72 millóns do que o Partido Socialista presupostou no ano 2009. (*Aplausos.*) ¡Menos de 72 millóns!, cos prezos, loxicamente, actualizados.



Temos que seguir pagando 410 millóns para o Álvaro Cunqueiro. Desas débedas esquecese vostede, pero falaremos, e ademais nas próximas datas falaremos dese Álvaro Cunqueiro; ¡410 millóns!

Nós imos traballar en mellorar estes orzamentos, ¡claro que si! Naquela sesión na que vostede facía mención de cales eran as súas prioridades, nós tamén lle plantexabamos cuestións: un plan de emprego para mozos para os próximos catro anos —diso vostede non se acordou en absoluto, para nada—; de máis recursos para a sanidade pública —diso tampouco vostede di nada—; de mellorar a competitividade das nosas empresas; de apostar realmente desde o público por controlar e por traballar no campo do sector das enerxías renovables. E, mire, finalmente quero dicirle que tamén para que se poña fin á situación na que vostedes levan en relación coa porcentaxe de gasto en normalización lingüística e cultura sobre o total da Administración en Galicia, fíxese (*O señor Gómez Besteiro mostra un gráfico.*) cal é a evolución desde o 2007, pasando polo 2009, cando vostedes chegan ao Goberno. Imos na liña do encefalograma plano: moi por debaixo do 1 por cento dos orzamentos da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Esa realidade é a que vostede ten que corrixir: máis e mellores servizos públicos, aposta tamén polo noso idioma, pero sobre todo determinación para resolver os verdadeiros problemas que teñen os galegos e as galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, é certo que podía haber outra alternativa, que era non estar falando dos orzamentos, como nos contan vostedes sempre dende Madrid. Un día dinnos que é moito mellor non ter orzamentos, que se goberna moito mellor, con máis liberdade e máis capacidade de manobra, e outras estanos contando o que nos perdemos por non ter orzamentos; unha cousa e a contraria. E eu dígolle que a verdadeira, e a que vale, é ter orzamentos e estar discutindo sobre eles; discutindo en serio, ¡eh!, estaría moito mellor.

Mire, ¡que vostede nos bote en cara, despois de ter conxeladas durante varios anos as peaxes das autovías galegas, cando subía moito o IPC, mentres vostedes o ano pasado lles meteron unha subida histórica ás autopistas que dependen do Goberno central!... Agora resulta que o gran problema é que este ano non conxelamos as tarifas, e todo o que nos contaron. Vostede contounos que ían ser gratis as autopistas estatais este ano, e iso non é un problema, esa é unha mentira. (*Aplausos.*) Nós o que facemos é conxelar as tarifas. Vostede mentiu, señor Besteiro.

Despois dinos que lles regalamos ás concesionarias por ter rescatado... ¡Oia!, ían cobrar máis de 600 millóns de euros e queda na metade. Pero, ¿que regalo, señor Besteiro?, ¿que regalo? ¡Se ao final van ter a metade dos beneficios que esperaban ter! Así é todo o que vostede di.



Ese é o rigor, señor Besteiro, e lánzao ao aire. Igual que cando di que triplicamos os orzamentos de vivenda, porque hai que facer moitas vivendas e porque hai que suplir a parálise absoluta e a propaganda do Goberno central, que non pon un só ladrillo nin libera un só piso para poder alugar.

Ponme como comparación os orzamentos do Bipartito; por certo, era unha consellería do Bloque, deberían infórmalo mellor. Estaban os orzamentos de xestur en vivenda. ¿Sabe que nos deixaron as xestur quebradas por ese investimento que non foi á vivenda, foi a chan industrial, e que despois nós tivemos que rescatar as xestur, señor Besteiro? Esa é a gran diferenza. Que o informen ben no BNG, porque, se non, vostede di cousas que non teñen defensa.

E eu quero falar dos orzamentos en serio. Vostedes séguense enrocando no de sempre, nas cousas que di, nese corta e pega que fan cada ano para falar dos orzamentos. E eu falo en serio.

En educación, mire, imos esgotar a taxa de reposición na oferta de emprego público, de xeito que dende o ano 2009 ata o que imos facer agora vai haber unha incorporación de máis de 20.000 docentes novos; imos ter a maior *ratio* profesor/alumno, a pesar de que está baixando o índice demográfico. (*Aplausos.*)

Dime que non falo da sanidade, señor Besteiro, e a vostedes, que lles gustan as comparacións co Bipartito, direilles que a sanidade pública ten 1.700 millóns de euros máis respecto do último orzamento que vostedes deixaron. Onte tivemos un bo exemplo —recoñecido, ademais, por alcaldes socialistas que había alí—: inauguramos as Urgencias de Verín, dicindo que era unha grande obra, das que hai que facer, desa sanidade pública que vostedes difaman e din que é ridícula. Nótase que non van aos sitios e non ven o que se está facendo: 1.700 millóns de euros máis.

Imos vertebrar Galicia, seguimos vertebrando Galicia. É un esforzo de investimento moi superior á media das comunidades autónomas e, por suposto, moi superior ao que está facendo o Goberno central, que leva prometendo obras anos e anos, que nin se ven, nin están, nin se lles espera.

Vai ser unha Galiciaa cada vez máis social, con máis prazas de residencia. Imos facer un plan de choque para un problema que recoñecemos que hai que axilizar: os pagos de dependencia. Imos seguir coa conciliación, imos seguir, en definitiva, señor Besteiro, traballando para cumprir cos galegos. E, ademais —como lles dicía—, imos gobernar sen ter que pedirle permiso a ningún socio, sen deixarnos chantaxear e gobernando en serio con orzamentos.

Mire, xa lle dixen antes, non lle fagan a pelota ao señor 1, que non llo vai agradecer en absoluto. Vostede mire un pouco o estilo Galicia. O estilo Galicia é o estilo da Galicia que funciona, que é o que nos piden os galegos, tanto aos que gobernamos —para iso nos dan a súa confianza—, como aos que os colocan na oposición.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Se fai iso, iralle mellor; se non, parecerase cada vez máis ao Goberno central, que —non hai máis que velo— é un Goberno bastante escacharrado.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P do Bloque Nacionalista Galego, sobre a eventual derogación do decreto que está facendo caer en picado o uso do galego entre as novas xeracións

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, ¿imaxinan o primeiro ministro de Inglaterra votando en contra do inglés?, ¿imaxinan o presidente Macron detrás dunha pancarta contra o francés? Creo que é moi difícil de imaxinar porque é un disparate. Pero aquí non temos que imaxinalo, porque xa o fixo o señor Rueda: empezou colocándose detrás da pancarta nesa indigna manifestación contra o galego e terminou votando en contra da nosa lingua neste Parlamento. (*Aplausos.*) Unha indignidade que o perseguirá sempre, señor Rueda, ¡sempre!

Levan quince anos de *bullying* ao galego, e tristemente ese *bullying* está tendo resultados, e aí temos ese demoledor informe oficial do Instituto Galego de Estatística, que nos di que o galego se desangra como consecuencia das súas políticas lingüicidas. E quero darlle só dous datos. Na xeración integramente educada co «decreto da vergoña», un de cada tres fala pouco ou nada galego. Só o 7 por cento dos nenos e nenas de entre 5 e 14 anos falan sempre galego. É a metade que no 2018. Con esta progresión, en seis anos o galego estará laminado nas xeracións máis novas e vostede terá unha medalla para o seu currículo, que é roubarlles aos máis novos o seu dereito e a súa liberdade a falar en galego.

Pero máis alá dos datos hai unha realidade evidente, co «decreto da vergoña» os nenos e as nenas que entran pola porta da escola falando galego saen falando castelán, porque vostedes situaron a lingua propia deste país como unha lingua de segunda. Calquera presidente cun mínimo de preocupación estaría alarmado con estes datos. ¿Pero que fixo vostede? Fixo o de sempre, que é buscar culpables: os culpables son os inmigrantes, os culpables son as familias, os culpables son as redes sociais ou o culpable tamén é o Instituto Galego de Estatística. Iso si, vostede, que ten as competencias, que ten os orzamentos e que ten o poder para reverter esta situación, non asume ningunha responsabilidade e vai en dirección contraria: mantén o recortazo ao galego nos orzamentos de 2025, seguen lexislando contra o galego na Administración pública, na TVG, para arrinconalo aínda máis na sociedade e, como non, manteñen ese «decreto da vergoña» que até o propio Consello de Europa lle está dicindo que elimine.



Señor Rueda, abandone a súa política de acoso e derribo contra o galego, triplique o investimento en lingua, derroque o Decreto do plurilingüismo e aplique o Plan xeral de normalización lingüística. Son propostas de mínimos que espero que acepte porque estamos nunha situación crítica.

Pero, mire, a pesar de estar nunha situación crítica, no BNG somos optimistas porque o galego, a pesar das dificultades que tivo que superar na historia, sempre saíu adiante, porque se algo hai neste país é amor polo noso, e o amor prevalecerá pese a vostede, señor Rueda.

Pídlle que rectifique e deixe de estar detrás da pancarta contra o galego. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Si, antes que nada, señora Pontón —xa sei que non me vai facer caso, pero teño que dicilo—: un pouco de respecto ás familias. Non frivolice co *bullying* nin co acoso, creo que hai comparacións realmente que sobran. (*Aplausos.*) Señora Pontón, realmente sobran.

Mire, dito isto, que é moi serio, permítanme un momento. Voulle ler unha cita que xa lla lin máis veces, pero é que me gusta moito porque os define tan ben... É de alguén que os coñece tan ben...; é do señor Alonso Montero, expresidente da Real Academia Galega, que di que a relación do BNG coa lingua é como a desas nais que queren tanto os nenos que os afogan. Iso díxoo o señor Montero. ¡É tan definitoria! Vostedes, reaccionando como reaccionan sempre —con esa mesura e esa elegancia, cando lles din as verdades directamente, e quen máis os coñece—, chamaron ao señor Alonso Montero, «bocazas petulante», «home rancio e anticuado», e o peor: «españolista e extremista», e xa está.

Mire, non entenden nada, señora Pontón. Amósanse como son; iso si, pero non entenden nada, seguen sen entender a maioría do pobo galego. Vostedes utilizan o galego como unha carga política de demolición, cando o galego ten que ser un instrumento, unha riqueza que nos identifica para construír pontes. De verdade que ten que ser difícil ser tan catastrofista, tan negacionista e ter ese amargor para falar de algo que nos debía unir tanto.

Mire, o galego —vostedes xa o sabe— é a lingua cooficial que máis se utiliza en España. O 95 por cento dos galegos sabe falalo, o 97 por cento sabe lelo e o 85 por cento sabe escribilo. Nunca antes houbera índices de coñecemento e lectoescritura tan altos. ¿Que hai que mellorar? Por suposto, pero, desde logo, son superiores a calquera das outras comunidades autónomas onde existen linguas cooficiais, onde están os seus socios. Entón, ¿que?, ¿eses fracasaron moitísimo máis? ¿Que facemos con eles, entón? ¿Quere que lle fale de fracasos e quere que lle fale de informes? Hai un da *Revista Española de Pedagogía* bastante coñecido que di que nos últimos anos, en rendemento escolar en Cataluña, os nenos baixaron 21 puntos nada máis e nada menos, e que iso se debe principalmente á inmersión lingüística que vostedes querían para Galicia. Señora Pontón, aquí temos 23 puntos de diferenza a favor en rendemento escolar dos nenos e nenas que van á escola en Galicia.



Eu, de verdade, loitarei para evitar o que queren vostedes: para quedar ben cos seus socios, queren igualar por abaixo e que esteamos mal en rendemento escolar coa inmersión lingüística. Eu non o vou tolerar mentres sexa presidente da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Iso o primeiro.

E, dito isto, claro que hai que mellorar, claro que non nos gustan os datos da enquisa do IGE e claro que temos que traballar para melloralos, pero vostede di: botámoslle a culpa a..., e vostede sabe perfectamente que as causas que se expuxeron son causas certas. A Galicia viñeron nos últimos cinco anos —que son os que mediaron dende a última enquisa do IGE— 115.000 persoas que non eran galegofalantes. Iso traducíuse en arredor de 25.000 nenos e nenas escolarizados. ¿Que hai que atraelos ao galego? Por suposto ¿Pero que ten unha incidencia? Tamén. Vostede sábeo de sobra, pero non o vai recoñecer. E, loxicamente, non digo que sexa a causa única, por suposto, pero é unha causa principal, e vostede sábeo, o que pasa é que, claro, iso fastídialle o argumento e non pode facer o discurso que fai sempre.

Mire, o conselleiro de Lingua vai chamar os grupos políticos —empeza mañá, paréceme—. Se vostede quere falar disto en serio, se quere ver como atraemos os neofalantes, como seguimos coidando a nosa fala, como seguimos utilizándoa como un elemento de unión, entón, estará con nós. Se quere seguir cos seus dogmatismos nacionalistas, se quere seguir querendo tanto o galego que vai acabar afogándoo, mire, por suposto, non conte nin comigo, nin con este grupo, nin con este goberno, nin, por suposto, coa maioría dos galegos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, recórdolle cal é o significado de *bullying*, que é acoso, que é o que fan vostedes coa lingua deste país, (*Aplausos.*) exactamente o que fan vostedes coa lingua deste país.

Se alguén demostrou o seu amargor —que non sei por que o teñen contra o galego— é o Partido Popular, porque vostedes si que utilizan a lingua para dividir. O galego é a lingua común deste país, é a lingua que nos une a todas as persoas que vivimos aquí, falen o que falen. E o que nos ten que explicar, señor Rueda, é por que os intereses partidistas fan que vostedes ataquen e fagan esa política de *bullying* contra a nosa lingua.

Porque, mire, cando vostede se puxo detrás da pancarta contra o galego nesa manifestación cos sectores máis ultras da sociedade galega, ¿por que foi vostede alí? ¿Por que foi, señor Rueda? Non pode levantar os ollos e mirarme, porque é unha vergoña, efectivamente, (*O señor presidente da Xunta de Galicia, Rueda Valenzuela, levanta a cabeza, mira a señora Pontón Mondelo e sorrí.*) que o presidente estivese nesa manifestación. (*Aplausos.*) ¿Sabe por que? ¿Sabe por que foi, señor Rueda? Non sei se foi por amargor contra o galego ou por un mísero puñado de votos, que é o que vostedes buscaban nesa mobilización. Exactamente, igual que lle pregunto: ¿por que romperon os acordos aos que chegamos de maneira unánime neste



Parlamento? ¿Por que romperon o acordo do Plan xeral de normalización lingüística? Romperon un por un todos os acordos, única e exclusivamente por intereses partidistas, señor Rueda, ¡por intereses partidistas! (*Aplausos.*)

E aínda temos que escoitalos a vostedes con ese argumento e vir aquí atacar o BNG. Levan quince anos de políticas de acoso e derribo contra o galego; quince anos roubándolles ás xeracións máis novas o dereito e a liberdade de falar galego.

E para esconder a súa política de acoso vostedes sacan o rótulo da liberdade. Sen igualdade, señor Rueda, non hai liberdade. E eu preguntolle: ¿onde está a igualdade para o galego? ¿Onde está o 50 por cento do galego nos medios de comunicación? ¿Onde está o 50 por cento do galego na xustiza? ¿Onde está o 50 por cento do galego na sanidade? ¿Onde está o 50 por cento do galego nas estreas de cine? ¿Onde está o 50 por cento do galego no ensino, señor Rueda? ¿Onde está a igualdade para o galego? ¡¿Onde está, señor Rueda?! (*Aplausos.*)

E remato, presidente, cunha última cuestión. O BNG vai ir a esa xuntanza de mañá coa mellor das disposicións, pero, se o ton desa xuntanza é o mesmo que está tendo vostede hoxe aquí, o que nos demostran é que non queren un acordo; que o único que queren é unha foto. Porque, mire, neste país xa hai un gran pacto pola lingua, e ese pacto chámase Plan xeral de normalización lingüística, votado por unanimidade e cuxos obxectivos seguen hoxe vixentes. Se vostede está de acordo con ese plan, seguro que na súa réplica nos vai anunciar que vai derrogar ese «decreto da vergoña» que incumpre os acordos e que sitúa a nosa lingua nunha lingua de segunda.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E deixe de frivolar, porque vostede sabe perfectamente que é o que está pasando neste país; sabe que hai un problema gravísimo, porque non é que a xente non queira falar galego, é que as súas políticas están indo en contra da liberdade de todas esas persoas que queren falar galego, e porque nin tan sequera na súa Administración se garante o dereito a ser atendidos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...na nosa lingua.

Señor Rueda, o galego é un tesouro que temos neste país, é a lingua que herdamos das nosas avoas, que herdamos dos nosos pais e das nosas nais. É a lingua...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que queremos que siga sendo lingua dos nosos fillos e fillas. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: Señores do PP...,



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...escoiten con respecto, como eu escoitei o señor Rueda...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: ...porque sabemos que este tema lles molesta.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Miren —remato, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Non, remate, remate...

A señora PONTÓN MONDELO: Sempre lle deixa tempo a todo o mundo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, porque...

A señora PONTÓN MONDELO: Pídlle, por favor, que me deixe acabar...

O señor PRESIDENTE: Non, non, mire o reloxo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a miña intervención.

O señor PRESIDENTE: Isto non é...

Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Desde logo, queremos que se abran...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: ...as portas para o galego...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a lingua que nos une.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Deixe, señor Rueda, de estar detrás da pancarta... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)



Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, a verdade é que é mellor botarlle humor. Estaba escribindo mentres me falaba. Se a miro mentres estou escribindo, tórcenseme os renglóns e despois non podo lelo. (Risos.) Non é nin vergoña nin nada... En fin, non me impón vostede tanto, non se preocupe, ¡eh! (Murmurios.) ¡En absoluto! Mire, o que me impón son as cousas que di.

Sei perfectamente o que significa *bullying*: acoso. Efectivamente. E vostede, señora Pontón, está aí, xa que lle gustan... Estamos falando con anglicismos, e *sostenella y no enmendalla*. Sabendo que meteu a pata absolutamente, prefire seguir así antes que rectificar. Pois volvo dicir: un respecto para as familias e para os nenos, señora Pontón. (Aplausos.)

Mire, imos uns meses atrás. No debate da campaña electoral celebrado na Televisión pública de Galicia, eu fíxenlle unha pregunta directa: ¿quere vostede instaurar en Galicia un modelo de inmersión lingüística para conseguir un ensino totalmente en galego? Non facía outra cousa que lerlle o seu programa electoral. E naquel momento vostede, como tiña instrucións de ser moderada, para non asustar a xente, non foi capaz de responder, señora Pontón; ¡non foi capaz de responder! (Aplausos.)

Agora xa foron as seleccións, vostede xa se autoproclamou presidenta na sombra, nomeou 24 conselleiros na sombra e xa non ten que disimular, e non disimula absoluto. E voulle dicir unha cousa: nós tampouco. Nós imos recoller ese testemuño de confianza que nos deu tanta xente para facer o que quere a maioría do pobo galego, que é un bilingüismo cordial, unha convivencia, un respecto á riqueza que temos por ter dúas linguas.

Mire, onde vostedes queren un único idioma que arrolle cos demais, que os borre do mapa, nós queremos prestixiar o noso idioma propio, pero tamén queremos que os rapaces saiban, por suposto, castelán e saiban un terceiro idioma para andar polo mundo. Esa é a diferenza, señora Pontón; esa é a diferenza. (Aplausos.)

Mire, nós queremos un galego como o que sempre foi, unha lingua fermosa e útil, (Murmurios.) unha lingua de unión que nos identifica e que nos une, señora Pontón. Xa sei que lles molesta moito, porque esta óptica vostedes non a teñen. É un instrumento de ataque político, de exclusividade, de etiquetas, pero non é iso. E a maioría da xente en Galicia, a inmensa maioría, non o sente así.

Polo tanto, desde logo, nós imos traballar. Vostede xa lle mandou un recado aquí, antes de empezar, ao conselleiro de Lingua: ¡coidado con que non me guste o que me vai dicir mañá!, porque, como non me guste, non conte comigo. É o que lle acaba de dicir aquí antes de empezar a reunión. El sabe moi ben o que ten que facer, que é o que quere facer este goberno e que é o que nos pide a xente en Galicia: que melloramos para que os neofalantes, sobre todo, queiran a nosa lingua e a utilicen. E para iso hai que ter medidas concretas. Voulle dicir algunha: ofrecer máis de cen cursos para que as persoas que veñen de fóra aprendan a nosa



lingua; colaborar tamén con organismos que traballen con persoas migrantes e nas aulas, dirixíndose de forma especial aos alumnos que non naceron en Galicia; aproveitar o enorme potencial do galego como ponte cara aos 200 millóns de falantes en lingua portuguesa; avanzar na vinculación entre a nosa lingua e as posibilidades das novas tecnoloxías, co Proxecto Nós; e lanzar un programa de voluntariado lingüístico para crear grupos de conversa entre galegofalantes e neofalantes. Son algunhas das medidas que mañá, se vostede lle deixa e se lle parece ben, lle explicará o conselleiro.

Pero, mire, todo iso ímolo facer cunha premisa: a liberdade. ¡A liberdade, señora Pontón! Vostede falou da liberdade con ton case despectivo. ¿Pero de que vai, señora Pontón? ¿De que van vostedes? Mire, imposición, non; galego, si; monolingüismo, non; bilingüismo e trilingüismo, si; e nacionalismo e independentismo, non; e liberdade, si. *(Aplausos.)* Está claro que a UPG manda no BNG, pero non vai mandar nos galegos.

E, mire, onde vostedes queren apropiarse da lingua, nós queremos que os galegos sintan a lingua galega como algo propio, señora Pontón. É así... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Polo tanto, vostede, se quere apostar polo coñecemento do galego, polo respecto ás outras linguas, polo multilingüismo, pola súa promoción e entendemento, entón, poderemos atopar puntos de encontro. Pero se vostedes se empeñan en seguir sendo unha especie de policía do galego que a todos nos controla e coa que a todos nos din no que temos que falar, como temos que pensar e como temos que comportarnos, entón, señora Pontón, xa lle digo, vaian gardando a porra, porque os galegos en liberdade seguiremos falando no que nos pete.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou dar lectura a unha declaración institucional que me fan chegar os grupos e que vai sobre o asasinato homófobo de Samuel Luiz. Di así:

«O 4 de xullo de 2021, Samuel Luiz, un mozo de 24 anos, foi asasinado na Coruña tras unha brutal agresión homófoba. Este asasinato, que conmocionou a toda a sociedade, puxo de manifesto, máis unha vez, a persistente violencia da LGTBIfobia que continúa presente no noso país.

A resposta social foi inmediata, con manifestacións en toda España pedindo «Xustiza para Samuel» e condenando a violencia homófoba. Estas accións demostraron que a sociedade reclama políticas máis contundentes para protexer os dereitos do colectivo LGTBI e garantir unha convivencia libre de odio e discriminación.



Con todo, este crime non é un feito illado. Os delitos de odio e, en particular, os relacionados coa orientación sexual e a identidade de xénero, experimentaron un preocupante aumento nos últimos anos.

O xuízo polo asasinato de Samuel Luiz representa un momento clave non só para facer xustiza, senón tamén para reafirmar o compromiso das administracións na loita contra a LGTBIfobia. As políticas públicas deben centrarse en previr estes delitos, protexer as vítimas e fomentar unha cultura de respecto pola diversidade. A violencia e a LGTBIfobia non poden ter cabida nunha sociedade que aspira á igualdade e á convivencia pacífica.

O Pleno do Parlamento aproba esta declaración institucional e acorda:

Condenar a agresión homófoba que causou o asasinato de Samuel Luiz e expresar o rexeitamento máis firme desta Cámara ante calquera forma de violencia e odio motivada pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

Trasladar o apoio e a solidariedade á familia e aos amigos de Samuel Luiz, así como o seu compromiso coa xustiza.

Instar ás administracións públicas competentes a intensificaren as accións dirixidas a erradicar a LGTBIfobia e calquera forma de discriminación e odio, mediante políticas educativas, campañas de sensibilización e apoio ás vítimas.

Condenar todas as condutas que atenten contra a dignidade e os dereitos do colectivo LGTBI e manifestar o compromiso deste Parlamento coa construción dunha sociedade inclusiva, diversa e libre de odio.

23 de outubro do 2024.>>

Moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Apróbase por asentimento.*)

Grazas.

Continuamos coa orde do día.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en política de I+D

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Lara Méndez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)



Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte punto:

«2 bis. Marcar un horizonte para o 2030 de alcanzar o 3% do PIB en I+D+I, incentivando a participación da iniciativa privada, tal e como ten sinalado a Comisión Europea como meta.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio García Comesaña, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º.- Seguir a incrementar o orzamento en I+D+i ao longo da presente lexislatura.

2º.- Seguir a incorporar aos axentes do ecosistema investigador na elaboración do vindeiro Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027, no seo da Comisión Interdepartamental de I+D+i, e seguir a deseñar un programa forte de retención e captación do talento, garantindo a carreira profesional.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Saben que para o Bloque Nacionalista Galego a ciencia, a investigación e a innovación son o eixo sobre o que debe pivotar o presente e o futuro económico de Galiza. Desde ese convencemento impulsamos na pasada lexislatura a Lei Ángeles Alvariño para a igualdade na ciencia e na investigación, na que chegamos, ademais, a un acordo unánime nesta Cámara. Con ese mesmo convencemento trouxemos a proposición de lei de creación da Innogal, a Fundación Galega para a Ciencia, que non saíu adiante polo rexeitamento e o veto á súa tramitación do Partido Popular.

Con ese mesmo convencemento traemos hoxe aquí esta proposición non de lei, porque —dixémolo moitas veces—, señorías, a I+D+i, a ciencia, o coñecemento, a investigación son unha panca de desenvolvemento esencial. Pero para iso debe levarse a cabo unha política integral encamiñada a fortalecer un ecosistema investigador, que con todas as dificultades, que son moitas, no noso país foi consolidándose nos últimos anos nun escenario altamente competitivo.

Para o BNG son tres os elementos fundamentais que deben conformar esa política de I+D: un investimento estable e constante á altura das necesidades presentes e futuras do país,



un programa de recursos humanos que garanta condicións laborais dignas e un horizonte profesional estable, e, sobre todo, a coordinación e cooperación entre os distintos axentes do ecosistema investigador galego, e engadiría que entre os departamentos da Xunta de Galiza, que o Partido Popular fragmentou en até cinco consellerías — agora falarei delas — as áreas en materia de investigación e ciencia. Son tres piares básicos nos que o noso país, ao abeiro e á luz dos datos, ten moito camiño para mellorar.

Hoxe queremos centrar a nosa proposta nos dous primeiros chanzos desa política: no orzamento e na carreira profesional.

A respecto do nivel de investimento, Galiza está moi lonxe do investimento e do esforzo que se fai nalgúns países máis próximos da nosa contorna. Galiza sitúase, sendo xenerosas, nun 1,1 por cento do produto interior bruto; moi lonxe da media investidora do Estado, que está no 1,4 por cento do PIB, e a anos luz do 2,3 por cento da media europea. Para avanzar precisamos un compromiso que sexa real e, sobre todo, firme, sostido no tempo desde o ámbito público, co obxectivo de situar o orzamento público, o orzamento da Xunta de Galiza, á altura da importancia que un sector estratéxico para o desenvolvemento social e económico do país ten.

Se sumamos todo o investimento en I+D+I da Xunta de Galiza no Proxecto de orzamentos para 2025, a función 56, —insisto: dividido en cinco consellerías— o orzamento sitúase en 343,73 millóns de euros. Isto supón apenas —e insisto que son moi xenerosa— o 2 por cento do total do orzamento. Por certo, ademais, non é ouro todo o que reloce. Cando imos debullando e imos afinando ese orzamento, vemos como no Proxecto de lei de orzamentos para 2025 a Xunta de Galiza lle recorta 48 millóns de euros á Axencia Galega de Innovación, recorta 2 millóns de euros na investigación que se desenvolve na Consellería do Mar, co que escoitamos aquí onte precisamente da voz do propio sector na situación na que se atopan as nosas rías, e gravísimo tamén porque recorta 3 millóns de euros na investigación sanitaria.

Pero non só hai que orzar, hai que executar o que se pon nos orzamentos. E o Goberno do Partido Popular non o fai, non o fixo ademais ao longo dos últimos quince anos. Cos últimos datos remitidos aquí a esta cámara polo propio Goberno galego de execución orzamentaria entre 2009 e 2023, o Goberno galego deixou nunha gabeta sen executar 211,6 millóns de euros do Plan galego de investigación, innovación e crecemento, programa 561B. Deixaron sen executar o 30 por cento do diñeiro orzado nun sector económico que é esencial para o presente e para o futuro deste país. É desde calquera punto de vista inaceptable que a Xunta de Galiza deixe no caixón sen poñer á disposición do ecosistema investigador galego máis de douscentos millóns de euros en quince anos.

O que hoxe traemos é unha proposta realista, de compromiso firme coa I+D+I, que é situar nese orzamento do 2025, que agora está en tramitación dentro desta cámara, o orzamento de I+D+I no 3 por cento do conxunto das contas galegas. Que tres de cada cen euros vaian destinados o próximo ano á xeración de coñecemento, á ciencia, á investigación, co obxectivo, sobre todo, de fortalecer a quen produce ese coñecemento. E quero lembrar que máis do setenta por cento da I+D que se produce no noso país xérao o Sistema universitario público galego, que é o principal motor da investigación e do desenvolvemento en Galiza.



«Sen ciencia non hai futuro», repetímolos moitísimas veces. E no BNG temos claro que o coñecemento é un sector produtivo máis, pero é que, ademais, é panca para desenvolver e modernizar os demais sectores produtivos e económicos galegos, os tradicionais e tamén os emerxentes, nos que xa somos vangarda, como, por exemplo, a biomedicina, xunto con aqueloutros nos que temos un enorme potencial para medrar. Pero o coñecemento non aparece da nada, non é —ía dicir— o Espírito Santo ou ciencia infusa, faino o persoal investigador, a xente que conforma ese ecosistema investigador galego. Sen ese persoal investigador non hai ciencia.

Por iso, a segunda das nosas propostas é apostar polo máis valioso que temos dentro do ecosistema investigador galego, que son as persoas; apostar nunha carreira investigadora, que no día de hoxe é máis unha carreira de obstáculos, que en moitos casos nin sequera leva a ningún sitio. Galiza carece no día de hoxe dunha carreira investigadora completa, especialmente na última etapa de consolidación e profesionalización. Hai convocatorias de formación con contratos predoutorais e posdoutorais ou doutoramentos industriais mellorables, pero hainos, e nada máis. Continuar máis aló da carreira investigadora depende de convocatorias estatais ou europeas.

Hoxe propoñemos a definición dunha carreira profesional investigadora completa, desde a formación á consolidación para todo o persoal científico e técnico que desenvolve a súa actividade nos organismos e centros de investigación públicos e tamén naqueles de prestación de servizos tecnolóxicos que existen no país. Unha carreira que garanta a estabilidade ao persoal e, sobre todo, un horizonte profesional a quen quere desenvolver os seus proxectos en Galiza, sexa talento propio formado aquí, sexa captado fóra, ou crear camiños de volta tan importantes para quen tivo que marchar, que poida volver.

A proposta —e con isto remato— que hoxe trae o BNG é unha aposta estratéxica polo futuro, pero centrándonos no máis importante, comezando por sentar unha base científica sólida hoxe no presente. Por iso, agardamos contar co apoio de todos os grupos para que esteamos á altura dun sector económico estratéxico que é presente pero, sobre todo, futuro económico e social para este país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bos días a todos e a todas.

Investir en I+D+I non é só esencial para o éxito empresarial, senón que tamén ten un impacto significativo no desenvolvemento social e económico. As empresas e os gobernos que priorizan este investimento están mellor posicionados para afrontar os desafíos do futuro. Apostar polo coñecemento e innovación son esenciais tamén para manter e mellorar o be-



nestar social e o crecemento económico. A competitividade e a produtividade do tecido económico depende da cantidade de coñecemento avanzado incorporado pola actividade produtiva e, polo tanto, a súa renovación ten que ser continua. A investigación en ciencias naturais, sociais e humanas é unha fonte de valores e enriquecemento cultural tamén. Galicia ten que apostar firmemente pola ciencia e innovación como valor estratéxico e pilar do benestar e do crecemento.

Investir en I+D+I é crucial para mellorar a competitividade. O investimento permite ás empresas desenvolver novos produtos e servizos que melloran a súa posición no mercado, facéndoa máis competitiva e axúdalles a diferenciarse tamén da competencia. A innovación continua, fomentar unha contorna de investigación e desenvolvemento impulsa a innovación e é esencial para adaptarse aos cambios do mercado e ás necesidades dos consumidores. Se falamos a nivel macroeconómico, o investimento en I+D+I pode impulsar tamén e fomenta a creación de emprego e aumenta a produtividade.

No eido da sustentabilidade, tamén é clave para desenvolver tecnoloxías sostibles e solucións que aborden retos como o cambio climático, co que se promove tamén así un futuro moito máis ecolóxico.

Hai que fomentar tamén a colaboración e as alianzas para estes investimentos e fomentar a colaboración entre empresas, universidades, centros de investigación, o que enriquece o coñecemento e a innovación. Hai que facelo atractivo para os investidores. As empresas teñen que investir, e canto máis investimento son vistas tamén como máis innovadoras; polo tanto, tamén se fan máis atractivas para os investimentos, o que pode facilitar tamén a obtención de financiamento. E mellora, en definitiva, tamén a calidade de vida das persoas, pois a investigación e a innovación adoitan conducir a novos avances en saúde, tecnoloxía e calidade de vida, beneficiando a sociedade no seu conxunto.

Falamos moito e falamos de ser competitivos, de aproveitar o talento, de reter talento, de atraer talento, e iso pasa polo investimento en I+D+I. Facemos como sociedade un grande esforzo no investimento que facemos na educación, pero facemos pouco en que todo ese investimento retorne no noso país, retorne en Galicia.

Falamos de que a mocidade é a mellor preparada da historia. Ten e quere verse coa capacidade para desenvolver todo o seu potencial para o que dedicou moito tempo e esforzo no seu país, para desenvolver o seu proxecto profesional. Pero moitas veces non teñen esa posibilidade pola falla de oportunidades e polas condicións precarias para desenvolver todo ese coñecemento no noso territorio, o que nos permitiría realmente recoller os froitos dese esforzo feito de maneira colectiva e de aproveitar todo ese potencial, así como de ter capacidade de crecemento.

Non podemos permitir que a carreira profesional dedicada á investigación se basee só na vocación dos propios investigadores e no sacrificio persoal, que viven moitas veces en situacións moi precarias. Trátase de aumentar razoablemente o investimento público necesario tanto en ciencia —centros de investigación, universidades e outros axentes do sistema— como en innovación para alcanzar o investimento medio da Unión Europea en I+D+I.



Dábanse xa eses datos, pero é bo recordalos. O investimento en I+D+I no noso país apenas supera o un por cento, concretamente o 1,06 por cento; moi lonxe do que debería de ser o investimento e lonxe tamén do investimento de España, que se atopa nese 1,44 por cento, e moito máis lonxe da media europea, que está nese 2,26 por cento. E no caso de Galicia non só estamos por debaixo da media do Estado e de Europa, senón que fomos a menos nos últimos anos pola falta decidida e aposta do Partido Popular. E así o volven demostrar estes orzamentos que imos recompilando en fascículos e que se nos van presentando parcialmente, e vemos como a partida de investigación «Desenvolvemento e innovación» sobe dous puntos menos do que o fai o orzamento xeral, ou se falamos da liña concreta de «Investigación sanitaria», esta baixa un 11,51 por cento.

Estamos vinculando sempre a importancia da I+D+I tamén ao coñecemento, pero cando falamos desa partida da sociedade da información ou do coñecemento tamén ten unha baixada. Así é como demostra o Partido Popular o seu compromiso na aposta da I+D+I. É un obxectivo mínimo que ten que ser consensuado entre todos os axentes económicos, sociais e políticos, converxendo tamén na distribución do investimento en I+D+I entre o sector público e privado.

A Comisión Europea estableceu recentemente un obxectivo para o ano 2030, para que os estados membros invistan en total nesa colaboración público-privada o 3 por cento do PIB en I+D+I e que o investimento público represente o 1,25 por cento do PIB.

Ademais de aumentar os recursos, a Xunta de Galicia debe garantir o cambio xeracional, a atracción e retracción de talento —como dicía—, así como tamén garantir o principio de igualdade efectiva entre homes e mulleres.

O ecosistema da I+D+I na nosa comunidade precisa dun marco estable e sostible dos programas e convocatorias, así como un marco estable de financiamento das actividades da I+D+I. O Plan galego de investimento en innovación debe ser o marco instrumental da Xunta de Galicia para avanzar nestas políticas. A Xunta de Galicia ten que reforzar as políticas públicas de transferencia de coñecemento e innovación empresarial, con especial atención tamén ás pemes. O Goberno autonómico debe consolidar unha carreira pública, estable e previsible para o persoal técnico e investigador, equivalente á dos países máis avanzados, que os investigadores dispoñan dos medios materiais e administrativos necesarios dende o principio e que se dupliquen os recursos públicos actuais para a incorporación e formación do persoal.

Por isto, nós engadimos unha emenda para garantir, non só o investimento do orzamento do ano 2025 e do ano que vén, senón para marcar o horizonte para ese 2030 de alcanzar o 3 por cento do PIB en I+D+i, incentivando a participación da iniciativa privada, tal e como ten sinalado a Comisión Europea como meta.

Agardamos que teñan en conta esta emenda de engádegas, que o que pretende é sumar e garantir no futuro. En todo caso, esta iniciativa contará co apoio do PSdeG.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Imos falar de I+D+i. A verdade é que cando vin a iniciativa dubidei de se imos falar en serio de I+D+i, de facer política con maiúsculas, ou de se iamos facer outro tipo de política. Non o teño claro aínda, e vou desenvolvelo.

Falan vostedes na súa iniciativa, señora Rodil, de situar o investimento do I+D+i nun 3 por cento. Bueno, eu non sei que escenario manexa vostede, pero eu voulle dar algún dato.

En Galicia fixemos todos un esforzo grande nos últimos anos en materia de I+D+i, que se reflicte nun maior desenvolvemento da nosa comunidade. A Estratexia de especialización intelixente, a denominada RIS3, e a creación da Axencia Galega de Innovación no ano 2012 trouxeron diversos cambios en tres aspectos fundamentais.

Por unha banda, o primeiro deles foi a inclusión de novos e pioneiros instrumentos na política de I+D+i, como foron, por exemplo, as unidades mixtas de investigación, como é a compra pública innovadora ou o apoio á creación deses centros tecnolóxicos que temos nos nosos campus; tamén probas de concepto como o do programa Inicia, a convocatoria de grandes proxectos tractores, a fábrica intelixente e sustentable, o programa Conecta Peme, ou as axudas a micro e pequenas empresas que se poden dedicar á innovación.

O segundo gran punto foi o incremento do gasto autonómico en materia de I+D+i. Entre outros resultados esta gobernanza permitiu o incremento dese investimento, que fixo crecer en máis do 80 por cento ese presuposto dende o ano 2019. Temos un orzamento que medra de maneira importante todos os anos, incrementándose nun 14,0 por cento dende o ano 2009, e, tras superar a crise financeira do 2014, ese incremento foi de máis do 200 por cento. En 2024, neste ano no que estamos, o incremento respecto ao 2023 foi do 21 por cento, ata chegar aos 341 millóns de euros que temos agora mesmo. Isto supón, señora Rodil, o 2,57 por cento do presuposto do ano 2024. Non estamos tan lonxe deste 3 por cento do que vostede fala.

Este presuposto, por certo, é máis grande que o presuposto do concello máis poboado de Galicia, Vigo. Vigo ten un presuposto de 374 millóns, e nós en I+D+i gastamos máis que o Concello de Vigo —luces led incluídas—. Por certo, para os señores do Partido Socialista de Vigo, hai que dicir que o presuposto da Xunta en Vigo é cinco veces o do Partido Socialista no Concello de Vigo. *(Aplausos.)*

E un terceiro cambio foi —moi importante— o cambio no foco da política, movéndose dunha política científica —que é importante, por suposto— a unha política de innovación empresarial. Con estas premisas construímos un ecosistema. O ecosistema xa funciona, señora



Rodil, e está moi ben integrado e fortemente baseado na colaboración dunha emisión sistémica do proceso de innovación, que é o que impulsa o crecemento das empresas a través da competitividade.

Podemos dar algúns indicadores que avalan esta política. No sétimo programa marco, Galicia acadou 87 millóns de euros. No horizonte 2020, Galicia acadou 191 millóns de euros.

Podía seguir dando datos, pero vou destacar, por exemplo, que na última convocatoria Horizonte Europa, Galicia liderou o 28 por cento dos proxectos captados.

O investimento en I+D galego foi de 751 millóns de euros no 2022. O último informe dispoñible, o do INE, avala —e aí sinto levarlle a contraria, señora Lara Méndez— que Galicia non está en absoluto á cola, senón que está por riba da media en investimento, e así o reflicte o informe do INE; simplemente ten que lelo.

Os logros acadados son consecuencia dun esforzo conxunto do sector público. Eu, señora Rodil, non sei de onde saca vostede que o 70 por cento do investimento de I+D+i está nas universidades. Ese é un dato falso. Nese dato do INE, nesa enquisa do INE que vostede pode ver, ese 44 por cento que ten España, soamente o 56 por cento corresponde á empresa privada; só a empresa privada, o 56 por cento; é dicir, o 0,81 por cento do PIB conségueo a empresa privada, afortunadamente. E as universidades, por exemplo, están no 0,3 por cento, e a Administración pública, no 0,25 por cento dese PIB.

Polo tanto, o investimento en I+D+i recae fundamentalmente nas empresas. Aquí teño que dicir, señora Lara Méndez, que onte mesmo a Unión Europea sacou un informe en Estrasburgo onde claramente di que é imposible chegar ao 3 por cento do PIB. Hai distintos factores, e hai un informe do ano 2020 que o reflicte perfectamente e no que se ve que España está bastante por debaixo desa tendencia do 3 por cento; soamente Bélxica está nesa tendencia de poder chegar ao 3 por cento, e realmente pódese falar do 3 por cento, pero é un brinde ao sol. Todo o mundo no ámbito da investigación e innovación sabe que ese 3 por cento, dende logo, no 2030 non se vai acadar. En Galicia si que temos ese obxectivo tamén na propia Estratexia 2030 da Xunta, pero situado no 2 por cento, e nós estamos traballando tamén para avanzar nese incremento.

Un dato sobre os profesionais que traballan en I+D+i: en Galicia —e dío novamente o informe do INE— traballan en I+D+i 12.350 persoas. Isto, se o pasásemos ao Parlamento de Galicia, habería 164 grupos de 75 persoas dedicadas á investigación en toda Galicia. Por cada dous concellos que temos en Galicia, hai un instituto, un elemento de investigación, con máis de 75 persoas dedicadas a iso. E se falamos de investigadores, estamos a falar de 7.985. É dicir, estamos traballando de forma importante neste ámbito, e temos que seguir, por suposto. Hai que destacar a compra pública innovadora, que ten un papel importantísimo.

E indo ao segundo aspecto do que vostede fala, de construír unha mesa de traballo, bueno, eu teño que dicirlle que xa o temos feito, señora Rodil. En decembro do ano 2020 púxose en marcha a Comisión Interdepartamental de I+D+i, co obxectivo de integrar e complementar unha rede na que participan 32 departamentos da Xunta —32 participan nesa rede—, per-



tencentos, por suposto, a varias unidades. Porque a investigación e innovación é discutible se teñen que estar nunha consellería soa ou se teñen que estar en todas. Ten que ser unha política, e a política non é simplemente estar agrupadas nun sitio.

A través desa comisión impulsáronse accións transversais a toda a Xunta. Elaborouse a nova RIS 2021-2027, que precisamente inclúe ese plan de investigación e innovación no que estamos traballando. E, por suposto, claro que hai grupos de expertos traballando nese ámbito. Esa RIS3 2021-2027 prevé mobilizar 5.000 millóns de euros de investimento público, e prevé que se alcance o 2 por cento do PIB no ano 2020-2030, señora Méndez. É o que din os expertos galegos que están traballando en I+D+i.

Por dar algún dato, son 800 representantes de 500 empresas, centros de coñecemento e tecnolóxicos, Administración e sociedade. Todos estes expertos son os que están a avalar esta política. É un traballo que se fixo con 175 entrevistas persoais e 27 mesas de traballo. Polo tanto, teño que dicirlle que no segundo punto o traballo está feito, señora Rodil. Vostede pode facer política da pequena ou sumarse á política grande de investigación e innovación e engadirse a isto.

E vou falar dun último punto. Non sei se coñecen —bueno, paréceme aquí que ningún de vostedes o comentou— o Decreto para a contratación e externalización de persoal investigador, publicado no DOG en xaneiro deste ano. Igual non o coñecen. Ben, é para todo o persoal investigador. Está publicado no ano 2024, como digo, o 25 de xaneiro, e prima por encima de todo a excelencia, xerando un marco laboral estable e atractivo para o talento investigador. Está consensuado cos sindicatos, con Innogal, con aspectos de igualdade —que alguén o comentou aquí tamén— e perspectiva de xénero. É pioneiro. Non hai ningunha comunidade autónoma que teña ese desenvolvemento, e, por suposto, é froito do consenso. Tampouco escoitei falar do programa Oportunius, que está permitindo retornar investigadores a Galicia nunhas condicións francamente boas.

En definitiva, eu creo que a situación de I+D+i en Galicia está ben. Pode mellorar, por suposto, claro que pode mellorar, e animo os partidos políticos e os grupos parlamentarios a sumarse a seguir entre todos mellorando ese bo sistema que temos, que por suposto, como digo, pode mellorar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías e visitantes.

«A ciencia é unha arma cargada de futuro». A frase orixinal non era así, pero tamén podería ser. Efectivamente, os países máis avanzados sono, entre outras razóns, por unha razón moi



fundamental, que é o investimento en ciencia e en investigación. E iso non é de agora, basta con mirar a historia.

O noso país, España, sempre tivo un pouco de lado todo isto da ciencia e todo isto de investigar. Existe unha famosa frase que se dicía hai unhas cantas décadas ou mesmo séculos: «*Que inventen ellos*». Sempre eran os estranxeiros os que debían aportar as innovacións científicas. Mesmo aquí a ciencia incluso estaba mal vista, non entraba dentro do que se consideraba cultura. A xente interesada na ciencia, os investigadores, era máis ben vista como uns bichos raros. Falaba antes de que o investigador tradicional era un científico loco, encerrado nun laboratorio, ao que lle estoupaban as probetas nos nariz e tal. España sempre foi máis polo tema das humanidades, da literatura, da pintura. Basta con ver os premios Nobel e outros premios de similares características que temos en ciencias, realmente escasísimos, comparados con outros países.

Iso crea un clima social no que o investigador —imos imaxinar un rapaz novo que quere iniciarse na investigación científica— non ten un apoio social, un contorno que o anime, e séguese vendo co estereotipo do rapaz raro, do pitagorín, etc., etc. Entón, claro, loxicamente, son os poderes públicos os que teñen que darlle un contorno favorable.

Os modelos de hoxe en día para os rapaces novos, para os adolescentes son: o futbolista, o tertuliano de telebasura, etc., etc. Entón, basta con ver cal é a formación científica media das persoas. Están proliferando, incluso na xuventude, as pseudociencias. Non lle pregunte vostede ao groso dos adolescentes algo sobre as teorías de Darwin, sobre Copérnico, ou xa non digamos de Einstein ou da vangarda científica.

Quero dicir con isto que teremos que cambiar esa actitude social cara á ciencia, primeiro para que os potenciais investigadores se vexan respaldados, valorados pola sociedade, e segundo para que os poderes públicos os apoiem e invistan na formación. Porque aquí se falaba hai un pouco de gasto científico como se fora gasto. O gasto en investigación científica e tecnolóxica é realmente investimento.

A min gustaríame ver, de todas esas medidas que anunciou o señor conselleiro no futuro, cantos premios Nobel saen de aquí, ou aínda que non sexan Nobel, que sexan premios internacionais, cantas publicacións hai en revistas científicas e tecnolóxicas internacionais, cantas patentes, canta empresa baseada no I+D+i, nas tecnoloxías vangarda, etc., etc.

Quero dicir que os poderes públicos teñen aquí unha dobre función: reverter esa imaxe social negativa ou estereotipada do investigador científico e dos equipos de investigación, e, segundo, investir para que se sintan cómodos, para que teñan recursos, para que teñan medios. Eu teño a sorte de ter amigos que son investigadores, aquí, en Galicia, compañeiros meus que estudaron e que eran verdadeiros cracks —falando co señor Abalde, deime conta de que compartimos algúns deles—. E eu podo dicir que non se viron naquela época respaldados nin polos amigos, nin pola sociedade, nin pola familia. Quero dicir que tiveron que loitar —dicíao tamén a portavoz do Partido Socialista—, e ás veces teñen que facer un esforzo sobrehumano para superar esa visión estereotipada que teñen do potencial investigador común, do bicho raro, do *nerd*, como din os ingleses. Os poderes públicos temos que reverter



esa visión social do científico, do investigador científico —basta con ver que están de moda as teorías terraplanistas e todo iso—, e, segundo, hai que facer que se sintan cómodos nas universidades, que se lles valore o traballo e que se invista en investigación, coa idea de que vai devolver á sociedade moito máis do que se inviste. Con isto quero dicir que apoiaremos esta iniciativa.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Grazas aos demais grupos.

Imos aceptar a emenda do Partido Socialista. Cremos que acrecenta e enriquece tamén a nosa proposta.

Señor Comesaña, o BNG sempre fala en serio. Aquí non vimos facer carreira para as eleccións municipais en ningunha cidade galega, pero permítame que lle diga unha cousa: crer que a ciencia, a investigación e a xeración do coñecemento emana das empresas é ou non saber de que estamos falando ou non querer falar realmente da cuestión. (*Aplausos.*) Falamos do «i» do principio, do de investigación e desenvolvemento. (*O señor García Comesaña pronuncia palabras que non se perciben.*) Bueno, vostede fale do último, se quere, só, pero é que aquí a iniciativa do Bloque fala dos tres, pero fundamentalmente dos dous primeiros, do de investigación e desenvolvemento; e por iso as competencias —agora que entraba o conselleiro de Educación— as levaron supostamente vostedes de novo para a Consellería de Educación e de Universidades. Porque o gran motor na xeración de coñecemento é o sistema universitario público —tamén quero subliñar isto: ¡público!— galego. O 70 por cento do coñecemento que se xera —que non é transferencia só, nin debe selo— sae do sistema universitario público deste país.

E vostede falaba da carreira investigadora e do decreto que aprobou o Goberno da Xunta de Galiza para o persoal investigador —puido acabar de ler o título do decreto— dependente da Administración xeral da Xunta de Galiza, que son 500 persoas; brillantes e maravillosas, pero 500 persoas que dependen da Administración central da Xunta de Galiza. Está fóra todo o persoal investigador do sistema universitario, dos centros de investigación, dos OPI, do CSIC, ou as persoas tamén que son dependentes desas empresas das que vostede falaba; que —insisto— non son o motor da investigación, do desenvolvemento e da xeración de coñecemento no noso país.

E non falou vostede dun programa, efectivamente, o Oportunius, que vostedes se abrazan a el coma se fose o único que existe. E eu o primeiro que lle digo é que se vostede colle a convocatoria do Oportunius verá que a primeira obriga que establece que debes cumprir para poder entrar na convocatoria é que hai que estar en posesión ou ser finalista dunha beca



ERC Synergy Grant ou Consolidator Grant. Claro, é que a xente que está nunha ERC, señor Comesaña, íten un millón e medio de euros europeos garantidos! (*O señor García Comesaña pronuncia palabras que non se perciben.*) Falamos doutra cousa. Ninguén fala de suprimir o Oportunius, señor Comesaña, ninguén está falando diso; pero é que vostedes crearon un baleiro entre a posdoutoral e o Oportunius, e o Bloque onde está centrando a súa iniciativa é, precisamente, nese burato negro, nesa falta de consolidación da carreira investigadora, para que a excelencia poida despois concorrer ao Oportunius. Nós non queremos suprimir o Oportunius, estamos falando de crear os outros pasos na carreira investigadora que vostedes se cargaron cando lle deron navallada ao Plan Incite, (*Aplausos.*) porque había as Isidro Parga Pondal e as Manuel Colmeiro, (*Aplausos.*) que neste país xa consolidaban e incorporaban o persoal investigador nos centros de investigación, no sistema universitario e en todo o ecosistema investigador galego.

Iso é do que está falando o Bloque Nacionalista Galego. É o que pide o sistema universitario público, os centros de investigación, o persoal investigador de Galiza...; ter un horizonte estable, un chanzo desde a posdoutoral até o Programa Oportunius. Ninguén está pedindo que se suprima ese programa, pero é que é para persoas excelentes. (*Murmurios.*) Fíxese cal é o resultado que desde que está en vigor entre o 2014 e o 2023 só se asinaron 18 contratos. ¿Só queremos crear esa carreira profesional? ¿Queremos crear máis? Pois, entón, hai que facer os chanzos para que ti poidas ir progresando desde que rematas a etapa formativa até que entras nunha fase de consolidación da carreira investigadora.

E nós, por último —e para rematar—, non imos aceptar a emenda do Partido Popular, porque di «seguir facendo». O que pide o BNG é pisar o acelerador, dedicar 3 de cada 100 euros, como mínimo, do orzamento de 2025 para cumprir cos propios obxectivos da Xunta de Galiza. Señor Comesaña, ¿sabe que obxectivo se marcaba o Goberno galego en investimento en relación ao PIB para 2025 —plan estratéxico actualmente en vigor? O 1,7; o 2 por cento para o 2030. Rozamos o 1. É que non van cumprir outra vez máis, porque xa incumpriron no plan estratéxico anterior os seus propios obxectivos. Dicimos desde o BNG: pisemos o acelerador, apostemos de maneira decidida cun nivel de investimento á altura das necesidades...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...nun sector económico que é estratéxico, igual que o é a automoción, igual que o é o sector agrogandeiro, igual que o é o sector naval. A xeración de coñecemento que sae da Administración pública e do sistema universitario público galego merece, como mínimo, que o ano que vén neste país 3 de cada 100 euros vaian parar a el.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.



Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Silvia Longueira Castro.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar adiante en relación coa xestión en Galicia do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Carlos López Font.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D^a Paloma Castro Rey, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxectivo de mellorar o transporte público por estrada da súa competencia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Elena Candia López.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista e Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a chegada da alta velocidade ferroviaria ás cidades de Lugo e Ferrol.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor,74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Carmen Pomar Tojo.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, pero non se acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que proceda a unha repartición xusta dos fondos para o fomento das linguas cooficiais no ámbito da industria cinematográfica e audiovisual.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor,74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxectivo de concretar a planificación en materia de vivenda protexida.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en política de I+D.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos coa orde do día, co punto cuarto, interpelacións.

Interpelación de D. Óscar Insua Lema e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a revisión do sistema de financiamento da Administración local

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Insua.

O señor INSUA LEMA: Grazas, presidente.

Bos días, señor conselleiro.

Hoxe traemos un asunto que nos parece de absoluta importancia e que xa tivemos tamén a oportunidade de traer a esta Cámara, pero que é necesario volver traer porque, á vista do que xa previamos, os orzamentos presentados polo Goberno seguen sen resolver un problema que cada vez é máis grave e que segue provocando o afogamento económico dos concellos galegos. Non sei se vostede sabe cantos deputados hai aquí que fosen concelleiros e alcaldes. Podedes levantar a man. ¿Cantos sodes concelleiros ou concelleiras? Bastantes. Eu penso que ata case máis da metade, polo que coñecen perfectamente cales son os puntos de inflexión das entidades locais; a algúns tócalles no Goberno e a outros tócalles lidiar na oposición.

Supoño que vostede está á altura, xa sabe do que imos falar e xa traerá tamén o discurso preparado sobre as novidades orzamentarias a respecto da Administración local para vendelas, obviamente; mais pode aforrarse todo ese discurso porque nós xa lemos tamén a memoria e pouco ou nada cambia. É un baile de números e letras co mesmo compás do ano pasado, si, a ritmo daquela canción de Siniestro: «arde Galiza, pero non queima». Pois, si, arden os concellos, pero non queiman. E vostedes seguen poñendo esa puntilla, ¿non? de: tacón, punta, tacón; tacón, punta, tacón. É dicir, mire, as declaracións de intencións están ben, pero, se lemos as memorias dos orzamentos anteriores, o que comprobamos é que parece que copian e pegan os mesmos textos dun ano para outro, e iso soamente significa unha



cousa: que non hai avances e que as demandas dos alcaldes, ao final, a través da Fegamp, volven caer en saco roto.

Se vostede vai volver aquí falar —como fixo xa na interpelación anterior— do presidente Sánchez, das súas vendetas para manterse no poder, de que rompen España, de que rompen a caixa única..., bueno, pois, escusa de vir. Primeiro, porque xa sabemos esa cantaleta, ese mantra de Feixóo que nos ten aburridos. E, segundo, porque eses contos lles valerán para sacar un titular, pero ao día seguinte seguen sen resolverse os verdadeiros problemas municipais.

Eu hoxe quero falarlles de tres cuestións —e espero que hoxe, nesta interpelación, faga como a señora Ayuso, é dicir, que pase de Sánchez e se centre no que lle vou comentar—: a delimitación de competencias, un novo marco de financiamento e blindar por lei todo o anterior.

Sobre a delimitación de competencias, non pode quedar todo en boas intencións, señor conselleiro. É que leva repetindo lexislatura tras lexislatura o mesmo. Levan gobernando anos neste país e non teñen escusas, porque tamén gobernaron no Estado español con maiorías absolutas, por certo. O último intento de delimitación de competencias foi esa modificación da Lei de bases por medio desa Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, aprobada polo PP no 2013 para evitar duplicidades, entre outras cousas. E mire se valeu de algo que seguimos ás voltas co mesmo, cunha comisión técnica de delimitación de competencias entre a Xunta e a Fegamp intentando delimitalas precisamente. Non fixeron nada ben os deberes, se non, obviamente, non estabamos neste punto.

Ía reunirse o día 4 deste mes esa comisión técnica —disque agora vai ser a final de mes, precisamente—, pero non se dan aclarado ou non queren, co fácil que é, porque a competencia é dun ou é doutro. O señor Pazos —que é unha pena que non estea aquí— debe telo moi claro, ¿non? Tívoo sempre tan claro que pouco durou na Dirección Xeral da Administración Local. Xa digo, é unha pena que non estea. Pero os alcaldes do PP, desde logo, non o teñen tan claro, e o resto de alcaldes doutras formacións políticas, do Bloque e o PSOE, pois tampouco.

No pleno pasado rebateu aquí e dixo que eu dicía salvaxadas e que debía ruborizarme por amosar «un descoñecemento total da lexislación» —dixo— «e dos antecedentes», por afirmar simplemente que o SAF é competencia municipal; por non citar esa Lei 5/2014, de medidas urxentes, derivada da entrada en vigor, precisamente, da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local. Eu pediríalle ao señor Pazos un pouco de respecto. É unha pena que non estea aquí. Xa sabemos que quere ser o máis listo da clase, pero para iso tamén hai que estudar e hai que hincar os cóbados; é dicir, que non chega con encargar soamente informes á universidade.

Porque se repasan realmente ben esa lei, a 5/2014 —que dicía que non leramos— e le a disposición adicional cuarta, di: «A asunción pola Comunidade Autónoma das competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais» —é do 2014, jeh!—, «en cumprimento das disposicións da Lei 27, continuarán sendo prestadas polos municipios». Efectivamente,



pero as competencias son titularidade da Xunta. Poderán ser prestadas polos municipios porque, precisamente, na lei o que se permite é a delegación desas competencias. Iso si, ten que facerse con financiamento, pero a titularidade é da Xunta. Deben asumir, que non é o mesmo que prestar. Por iso, a competencia é, precisamente, da Xunta.

Vostedes o que tiveron foi algo de sorte, iso si, e precisamente grazas ao PSOE, con este tema de non ter claro o tema da competencia do SAF, ¡que manda truco! Porque vostedes se aproveitaron do recurso de inconstitucionalidade presentado pola Asemblea de Estremadura contra a Lei 27/2013 —si, si—, que rematou na Sentenza esa 4/2016 que derogaba a disposición transitoria segunda —a asunción polas comunidades autónomas das competencias relativas—, pero con respecto á data de entrada en vigor. Porque esa disposición dicía que o 31 de decembro de 2015 tiñan que asumir as comunidades autónomas a titularidade, e foi derogada, precisamente, por esa sentenza.

Vostedes estiveron como a procesión dos caladiños —da que falaba aquí onte algunha deputada do Partido Popular—... Si, si. É dicir, vostedes calaron a boca e non presentaron recurso, pero agora aproveitáronse dese recurso presentado precisamente polo PSOE para non finalizar o proceso de delimitación de competencias.

Hoxe vostede venderanos aquí —seguramente— que vai subir 10 millóns de euros o SAF, pero eses cartos non chegan a nada, e sábeo perfectamente. Iso fano porque saben que vostedes pecaron. Pecaron e, entón, fan penitencia con esas esmolas.

Pero, por desgraza, non é soamente o tema do SAF, tamén é o tema das escolas infantís; de todas as escolas infantís que non están na rede galega do Consorcio. Na miña comarca hai concellos como Corcubión —de onde son eu—, como Vimianzo ou como Cee que teñen que asumir o financiamento das escolas infantís. E mentres na rede os concellos pagan 1.200 euros por neno, estes concellos teñen que pagar custos de case tres mil, ou incluso de máis de tres mil euros por neno. ¡E despois temos que escoitar aquí o señor Rueda falar de igualdade entre galegos! Se vostede considera que isto é igualdade, pois, desde logo, vaia por Dios.

Tamén pasa o mesmo co tema dos grupos de emerxencias supramunicipais, coas unidades municipais de drogodependencia ou cos centros de saúde.

Sobre financiamento municipal, hai que dicir que a última reforma xa sabe vostede que foi no 2004, e parece que vostedes nunca gobernaron e que nunca tiveron responsabilidade. Xa sabe vostede o que fixeron co fondo base, que segue sendo o mesmo, 112 millóns. Din que aumentan 5 millóns para os concellos de menos de 15.000 habitantes, pero o fondo adicional, ao final, apenas sobe un millón de euros. Incorporan 10 millóns que non executaron o ano pasado, efectivamente, pero que vostedes os están regalando dúas veces, porque xa tiñan que ser para os concellos e vostedes agora aquí véndennos que aumentan. Non, non, eses cartos xa estaban; os regalos non se poden volver regalar. Pero vostedes, xa digo, venden e venden porque teñen unha televisión pública secuestrada pola maioría absoluta, a mesma pola que vostedes estaban onte protestando en Madrid, alí, no Congreso. «Consellos vendo, pero para min non teño»; di o refrán. Son vostedes moi hábiles e moi agudos.



E despois o Fondo de Cooperación, como saben, supón o 25 por cento dos fondos que destinan aos concellos, porque o resto, o 75 por cento, é a través de subvencións e convenios. E sabemos para quen son. E baixo un criterio que se pode resumir moi ben por un señor do Partido Popular. Como non quero poñer as palabras na miña boca, miren que dicía este señor. *(O señor Insua Lema saca o seu teléfono móbil e pon en alto un audio no que se escoita cantar alguén e que di o seguinte: «Si no eres del PP, jódete, jódete. Si no eres del PP, jódete, jódete. Si no eres del PP, te vuelves a joder.»)* Este é o criterio. Só lles falta corear aquí no Parlamento, cada vez que nos recordan os resultados de febreiro diso que chaman vostedes enquisa... Non, chámanllo vostedes, pero non, foron eleccións. As enquisas o que din é que temos un problema coa venda e que temos un problema co galego.

Precisamos, tal e como aprobou a Fegamp na última asemblea, que os recursos obtidos polos concellos con cargo ás dotacións orzamentarias do Fondo de Cooperación Local teñan carácter de financiamento incondicionado, conforme o disposto, precisamente, no punto 1 da disposición adicional quinta da Lei 14/2010 da Comunidade Autónoma de Galiza; e, sobre todo, a integración paulatina do Fondo de Cooperación Local, das axudas e subvencións anuais que a Comunidade Autónoma destina ás entidades locais, para o maior respecto á autonomía financeira e á suficiencia local.

E, por último, o que precisamos é unha nova Lei da Administración local de Galiza, que a que temos é do 1997, señorías. *(O teléfono do señor Insua Lema ponse só en funcionamento e escóitase unha música e voces.)* ¿Isto que ten? *(O señor Insua Lema apágao.)* Xa anunciaron vostedes nos orzamentos do 2024 que ían presentala este ano, pero agora volven coa cantilena. A ver se é verdade e cumpren, porque vostedes incumprindo son uns campións. Porque precisamente nesa Lei 5/2014 —que dixo o señor Pazos que non leramos—, na disposición derradeira primeira, fálase —ano 2014— de que no prazo de seis meses dende a entrada en vigor do novo sistema de financiamento se presentará a Lei da Administración local. Dez anos sen presentala, nin con maiorías absolutas en Madrid, nin con maiorías absolutas aquí.

Señorías, nin sistema de financiamento, nin de facendas locais, nin nova Lei da Administración local de Galicia. Son vostedes uns fantasiosos e poden vender crecepelos neste país, que seguro que, polo menos, venden 700.000 botes.

Eu preguntolle, señor conselleiro: ¿que medidas vai tomar o Goberno galego de forma inmediata para paliar o actual afogo económico producido polo insuficiente financiamento dos servizos de competencia autonómica prestados polos concellos?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Señor Insua, a vindeira vez que precise, para o seu debate ou para argumentar a defensa da súa exposición, que se reproduzan audios ou similares, prégoille que respecte o Regulamento e que o solicite previamente. Espero que a segunda interrupción fose involuntaria, porque era unha música, pero, respecto da primeira, infórmoo de que para poder ser empregado no debate ten que pedir previamente autorización. *(O señor Insua Lema pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Ah! Ben, pero infórmoo porque o Regulamento debemos intentar que se cumpra sempre.



Continuamos agora coa contestación do señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

(O señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Calvo Pouso, diríxese á señora presidenta do Parlamento, Candia López.)

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Eu, antes de nada, quería dicirlle ao señor Insua que me aclarase algo, porque dixoo vostede que, se vendiamos crecepelos, polo menos había 700.000 galegos que o compraran. ¿Estábase referindo aos votantes do PP? ¿Estalles chamando tontos? ¿Esa é a súa maneira de enfrontar unha iniciativa como esta? (Aplausos.) Díxoo vostede, ¡eh! Eu non vou poñer ningunha musiquiña nin nada polo estilo, pero iso vostede díxoo aquí. Supoño que o retirará na seguinte intervención súa, por iso llo digo agora.

E a verdade é que me sorprende o grao que teñen vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, de estirar ou de facer algunha argumentación. Porque nesta semana que presentamos os orzamentos xerais da Xunta de Galicia os números están claros, só que a algúns non lles interesa velos. Non lle interesa velos, señor Insua, a vostede.

Dende logo, vaia por diante o compromiso do Goberno galego cos concellos, que é indiscutible, e ese apoio e colaboración da Xunta nunca deixou de medrar.

Fíxese, no ano 2019, a aportación aos concellos, esas migallas que vostede dicía que lles dabamos aos concellos, era de 390 millóns de euros. Iso, no 2019, hai cinco anos. E agora estamos en 641. Creceu moito máis que o propio crecemento dos orzamentos da Xunta durante estes anos. Seguramente non serán nunca suficientes, efectivamente, pero, se se pasa de 390 a 641, hai unha boa subida en cinco anos. Se quere vostede ser crible, polo menos debería de recoñecer algún esforzo por parte da Xunta de Galicia, pero quedou claro que vostede non viña aquí a iso.

Di vostede que o Fondo de Cooperación Local subiu en 10 millóns, pero que unha parte xa era dos concellos. Efectivamente, nas distintas ordes de concorrencia que se presentan os concellos non gastan a totalidade, ou quedan sempre uns restos. Loxicamente, como lle tiven que explicar o outro día aos integrantes da Fegamp que estaban na reunión que tivemos con eles o conselleiro de Facenda e mais eu, eses cartos non os perden; incorpóranse, loxicamente, nos anos seguintes. Pero o incremento deste ano —eses 5,4 millóns de euros— foi para o fondo base, señor Insua; para concellos que, como o seu, se poidan beneficiar máis. Esa era a gran reclamación que tiñan os concellos de Galicia dende hai anos: que tiñamos que incrementar o fondo base. Por certo, un fondo base —e vostede segue sen recoñecelo— que, grazas ao cambio normativo, ao cambio lexislativo que fixemos, está garantido por lei e nunca baixa. Iso posibilitou que vostede —non sei se aínda daquela, no 2014-2015, era concelleiro—, cando o seu concello, o concello de Corcubián, tiña que recibir menos cartos porque había menos ingresos na Comunidade Autónoma, recibira e tivera blindado a súa achega por parte da Xunta. Pero vostede iso non llelo di, nin lle interesa. (Aplausos.)



A partir de aí, loxicamente, sempre que os recursos da Xunta foron medrando, tamén houbo máis recursos para os concellos nese fondo adicional. Este ano o incremento, xa que o están pedindo dende sempre, pois, moi ben, imos ao fondo base. Pero agora, como a proposta da Xunta de Galicia é para os de menos de 15.000, entón os representantes do Bloque e os representantes do Partido Socialista din que iso non lles interesa. Pero pregúntenlles aos veciños do seu concello se están de acordo con esa proposta ou non, porque vostede non está de acordo por temas políticos única e exclusivamente.

Decía o presidente da Fegamp que a maior parte da poboación reside nos concellos de máis de 15.000. Claro, e eses concellos de máis de 15.000 son os que teñen máis facilidades para ter ingresos, para xerar ingresos, porque son os que cobran máis taxas. Pero, os concellos de menos de 15.000, como Corcubión, e os que están ao redor de Corcubión, de todo o partido xudicial de Corcubión e da provincia da Coruña e de moitos máis, eses teñen menos capacidade para xerar ingresos. Aí non hai grandes promocións nin se xeran ICIOs importantes; nada polo estilo. E por iso, porque a Xunta de Galicia ten a tutela financeira dos concellos, sabemos cales son os concellos que teñen máis dificultades no seu orzamento e máis dificultades para poder prestar a súa función. Por iso fixemos a proposta dos de menos de 15.000. Os representantes do Bloque e do PSOE, salvo o presidente...; é dicir, o alcalde de San Sadurniño e a alcaldesa de Betanzos nesa reunión calaron. Despois foi o presidente da Fegamp o que asumiu el a representación de todos os alcaldes de Galicia. E é mentira, como é mentira todo o que veu dicindo de que representaba a todos os alcaldes e que todos os alcaldes pensaban o mesmo. Non é certo. Eu pódolle asegurar que os alcaldes do PP da provincia da Coruña —aos outros aínda non me deu tempo a preguntarlles—, os que son pequenos, están de acordo con ese fondo base para os de menos de 15.000; están totalmente de acordo. E estou seguro de que os veciños do seu concello, tamén. O que pasa é que iso non o vai preguntar porque non interesa.

Polo tanto, di vostede que levamos traballando na delimitación de competencias. Pois aí está a base de todo este proceso. Por iso no ano 2020 xa se encargara un estudo. A Fegamp quixo ir por separado, de acordo. Nós presentamos o estudo e mandamos o estudo completo, que nolo reclamara algún compañeiro seu dende o grupo. Está aí. ¿Pero o estudo para que é? O estudo é para poñernos de acordo, para ver que competencia é de cadaquén e despois ver como se financia, efectivamente.

E di vostede, pois iso é sinxelo. Non, non é sinxelo. E vostede veu aquí demostralo. A Lei de servizos sociais do Bipartito di que o SAF é un tema municipal, e vostede di que non e fai unha interpretación na que vostede di que non. Pois eu dígolle que a miña interpretación e a interpretación da Xunta de Galicia é que o SAF é de competencia municipal. Iso non quere dicir que os concellos non teñan necesidades para o SAF, ¡claro que as teñen! Pero é curioso porque a escalada de prezos no custo do SAF, ¿a que se debe nestes últimos anos? A cambios regulatorios do Goberno central e á subida tamén dos salarios. ¿E vostedes dixeron algo acerca dos cambios regulatorios do Goberno central? Non abriron a boca, porque vostedes practican sempre o mesmo: cando chegan aquí, a este Parlamento, son moi gallitos e aquí non son caladiños; aquí berran contra os do PP e bótanlles a culpa de todo. Agora, iso si, dírcille algo ao socio que lles garante os asentos nas deputacións ou que lles garante moitas cousas, aí non; aí si que fan a procesión dos caladiños. (*Aplausos.*) Aí vostedes están caladiños, non vaia ser que estes señores do PSOE se veñan enfadar. Aí vostedes calan.



Do que se trata con ese estudo, efectivamente, é de fixar as competencias. Ten que haber unha discusión e un debate técnico e cada un exporá as súas propostas. Efectivamente, a seguinte reunión é o 30 de outubro e van varios asuntos: van os servizos sociais, van os GES... Van moitas cousas das que temos que falar. E cada vez que hai unha nova competencia, temos que aclarar exactamente para que administración é e con que cartos se vai facer. Por certo, vostedes tamén calaron aí, porque na Lei de protección animal do Goberno do Estado —e vostede, se é concelleiro, saberá o que lle supón ao Concello de Corcubión e aos pequenos concellos—, ¿que fixo o Bloque nese caso? Calou. Era unha carga para os concellos. ¿E que votou o Bloque en Madrid? ¿E que votaron vostedes? Nada. E nas obrigas que teñen os concellos para identificar todos os edificios que no seu concello teñen amianto e sacalo, ¿que fixeron os do Bloque nese cambio lexislativo? ¿Non se acordaron do seus alcaldes, ou é que o deputado que está en Madrid é independente do Bloque? Aí non miraba para os concellos, ¡aí non miraba! E vostedes aí, ¿que é o que practican? ¡Caladiños, caladiños!, non vaia ser que o Partido Socialista se enfade e teñamos que rachar os gobernos que nos dan nos concellos. E, se temos que rachar iso ou perdemos o sillón da deputación, entón, é mellor calar; botámoslle a culpa ao PP e xa estamos na política de sempre. Iso é o que fan vostedes, señor Insua; iso é o que fixo vostede.

Di vostede que nese estudo da competencia que dicía vostede, o presidente da Fegamp dicía que había 600 millóns de euros que a Xunta lles debía aos concellos. Iso é falso, señor Insua. Os técnicos que contratou a Fegamp din que os concellos teñen un déficit de financiamento de 600 millóns, pero non falan de que competencias se levan a cabo e cales non, que esa é a clave. Volvemos outra vez ao mesmo asunto.

Polo tanto, señor Insua, ¿que quere que lle diga? Di vostede que non fixemos nada e que isto se arranxa cunha lei de administración local. Efectivamente, levamos tempo traballando con moitas aportacións de todo o mundo; igual que con moitas aportacións do ámbito universitario fixemos o último congreso sobre a planta local, que é algo que tamén ten que ver, e vostede, sendo de Corcubión, debería ser consciente deste debate. É algo que tamén ten que ver.

Por certo, nese foro e nese estudo que nós encargamos tiñamos xente como como Rubén Lois, que é integrante do equipo redactor do programa do Bloque Nacionalista Galego. Suportoño que estaría ben. Pero, ¿que fixo o Bloque? Prohibir ir aos alcaldes do Bloque. ¿E que fixo o Partido Socialista? Mandou un correo electrónico un a un dicíndolles que non fose ningún. (*Murmurios.*) É que a planta municipal non ten nada que ver cos concellos —escoite, que igual aprende algo, señora Rodil—... (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non ten nada que ver, non? Non ten nada que ver; aí non ten nada que ver. Pero esa é a preocupación que ten o Bloque cada vez que presentamos un estudo ou que facemos unha proposta plural, onde se contratou as tres universidades de Galicia, con técnicos das tres universidades de Galicia, onde estaba a vicepresidenta da Fundación Juana de Vega, que foi quen fixo o contrato con nós —por certo, Teresa Táboas, ¿sóalles?, ¿sóalles tamén?—... (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, o contrato coa Fundación foi do ano 2020, señor Bará. A ver se aprende vostede tamén, que igual tamén aprende algo. (*Murmurios.*) Claro, ¿entende? Isto, é o que pasa. Pero aí o Bloque non está presente, non vai dar as súas ideas, non fai propostas; non, prefire vir aquí e cargar contra o PP. Agora, iso si,



aos seus socios que non llelos toquen, non vaia ser que os escanos ou que algún goberno municipal ou algún goberno na deputación fraquee. Por iso, señor Insua...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...se vostede quere falar en serio, non teña dúbida de que o faremos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para a rolda de réplica, o señor Insua.

O señor INSUA LEMA: Grazas, presidenta.

A vostedes non lles fan caso nin os alcaldes do PP. Non houbo un dos que pretenden vostedes fusionar que dixese que quería fusionarse. ¡En fin, perden vostedes máis tempo con isto!

Voulles ler unhas declaracións: «Precisamos un pacto sobre financiamento entre todas as administracións. Os concellos estamos asumindo e pagando moitas competencias que non nos competen, en temas sociais, educativos e sanitarios; por exemplo, garderías, mantemento dos colexios e centros de saúde, o servizo de axuda no fogar... Aquí precisamos que o Goberno central e a Xunta financien o cen por cento do SAF, pagando cada un a parte que lle corresponde. O que non podemos é financiarlo desde os concellos, como estamos a facer». ¿Sabe quen dixo isto? ¿Si? ¿Sabe de quen son estas palabras, señor conselleiro? Son do alcalde do Pino este domingo en *El Correo Gallego*, un alcalde veterano do Partido Popular, Manuel Taboada. Non sei, segundo o señor Pazos, igual di salvaxadas, e ten que ruborizarse por dicir que a competencia do SAF non é dos concellos.

Xa lle dixen que hai moitos alcaldes descontentos coas súas políticas, e eu espero que sexan capaces de lerlles a cartilla, porque sería bo para todos, desde logo, aínda que, polo que sei, vostedes non aceptan a discrepancia nas súas filas e asistimos a ese escarnio e a ese castigo na praza pública, neste caso co alcalde do Incio, que foi o que non lle votou tampouco o outro día nesa reunión da Fegamp, porque se abstuvo, e vostedes van quitalo da Fegamp e van meter o alcalde de Poio. Así é realmente como actúan vostedes.

E voulle ler outra declaración doutro político —é algo máis antiga— «Viñemos aquí axudar a persoas, non a ferrados de monte». Si, si, ¡ve como se acorda!, alá polo ano 2012. ¡Como cambian as tornas! Daquela facíao, precisamente, porque gobernaba nas cidades da provincia, e agora, claro, co fondo...; é dicir, cambian as tornas. Mire, a falla de financiamento do SAF está a provocar listas de espera porque os concellos non teñen capacidade económica para poñer a parte que están poñendo, que é máis do 50 por cento dese custo da ORA, o que impide contratar máis persoal para atender os novos dependentes xa valorados por vostede, señor conselleiro. Porque vostedes, co tema das eleccións, apuraron, precisamente, a valorar. Así que espero que vostede veña axudar as persoas, as persoas que o precisan, e non contratar ferrados que queren poñer en bandexa a Altri, en Palas de Rei.



Pondere e teña en conta o número total das persoas usuarias das prestacións de servizos sociais, que supoñen o 22,4 por cento total da poboación aquí, en Galiza. Vostede falaba no pleno pasado de que o fondo de onde van saír os cartos para resolver o problema de financiamento é o mesmo, que é a mesma caixa, única; esa que vostede cre que o señor presidente vai romper. Eu dígolle que iso non é todo certo, porque vostedes, coas súas políticas liberais, precisamente o que fan é axudar e beneficiar os intereses das empresas amigas, e non os concellos, porque agora xa ven que nos presupostos din que queren aforrar 30 millóns de euros rescatando as concesións. Pero chegan vostedes tarde porque precisamente hai moitos cartos que vostedes poderían aforrar que se poderían dedicar aos concellos. ¿Sabe como que? Pois vostedes, no tema da débeda, en vez de contratala co FLA, preferiron darlles eses xuros e eses beneficios aos bancos. Ou co tema das caixas, precisamente; é dicir, os 8.000 millóns de euros que perdemos con esa venda que fixo o Partido Popular da Caixa galega, e os 8.000 millóns de euros que podían ir, precisamente, para os concellos. Pero vostedes, coma sempre, calan; é a procesión dos Caladiños, porque vostedes si que non enredan e non lles dan nunca nada aos de Madrid. Falan de que demos unhas perdas de 8.500 millóns; non, non, 8.000 millóns de euros que perdemos con esa venda que fixeron vostedes para beneficiar os amigos.

En resumo, en canto ao ámbito competencial, hai que dicir que nun dos elementos básicos da autonomía local pouco ou nada se avanzou nos últimos anos, como xa lle dixen antes, e a maiores a Xunta vén cargando os concellos —tamén o Estado; aí doulle a razón— con normas sectoriais, ás veces simples regulamentos, con novas competencias e servizos, as máis das veces en estudos de oportunidade, nin sequera co financiamento axeitado.

Neste senso, dende logo, é necesario, ademais de crear eses marcos lexislativos oportunos, incluír tamén a aprobación definitiva dunha norma reguladora das facendas locais de Galiza, e modificar o actual sistema de participación das entidades locais nos tributos do Estado e das comunidades autónomas, o sistema que segue basicamente a ser o mesmo dende hai décadas. E, por outra banda, tamén se fai necesario mellorar o réxime de transferencias, tanto o do Estado como o da comunidade autónoma, onde xa o obsoleto réxime de subvencións reiteradas, periódicas e condicionadas puidese ser —é a regra—...; é dicir, cando debería ser substituído, agás as excepcións debidamente xustificadas, por programas de colaboración económica municipal dotados do financiamento axeitado.

Señor conselleiro, señor Calvo, póñanse as pilas, porque o problema é grave. Aquí non vale vender crecepelos. Os alcaldes do PP —xa llo dixen no pleno anterior— son os que van ser e os que van acabar co voso goberno. Xa o fixeron no seu día, e acórdese: póñanse as pilas e traballen para mellorar o financiamento dos concellos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Insua.

Para a réplica, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):



Entendo —grazas, presidenta— que non retirou as palabras dos votantes do PP. *(Pausa.)* Non esperaba iso, a verdade, pero vostede saberá.

Mire, na base de todo isto, á parte do cambio da Lei de bases, está, loxicamente, un sistema de financiamento novo, como vostede di, efectivamente. E vostede tamén compartirá comigo que para cambiar o sistema de financiamento dos concellos e a participación nos ingresos do Estado tamén ten que mudar o sistema de financiamento das comunidades autónomas. Tería que ir acompasado no tempo ou, cando menos, un detrás doutro, ¿verdade? Moi ben.

Pois, nesta situación é na que nos encontramos no día de hoxe, onde vostedes, por certo, defenden que cos cartos de todos se sobrefinancien algúns territorios. Iso, loxicamente, prexudica a Galicia, pero a vostedes iso dálles igual, porque, con tal de ir en contra do Partido Popular, dálles igual ata ese punto. Pero é vostede consciente de que, igual que en Corcubión os fondos son limitados para acometer as súas funcións, en España, tamén, e en Galicia, tamén. Polo tanto, cando desviamos máis fondos cara a un territorio quedan menos para repartir. Vostede iso enténdeo, pero aí o seu posicionamento é o contrario; dálle exactamente igual e defende o sistema do que se está a falar en España nestes momentos, primando algún territorio.

Ou cando fala da débeda, que se falou pola mañá —e vostede fixo referencia a iso—. Claro, cando se lle perdoa a un territorio unha débeda moi elevada e a outros unha débeda moi pequena, é exactamente o mesmo. Para vostedes iso é exactamente o mesmo, porque non se perdoa a débeda, faise cargo o Estado, non desaparece. Vostede niso tamén está de acordo, ¿verdade?, e a vostede iso dálle igual. E segue vindo aquí e fala da Xunta de Galicia, e esta vez si que mete unha frase e di: «Bueno, e o Estado tamén, que tamén regula». ¿Canto lle supoñen os custos da Lei de benestar animal a un concello como Corcubión? ¿Bastante, verdade? Bastante, ¡bastante, claro! *(Murmurios.)* E, ¿que dixeron vostedes? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* As faixas —parte delas— financianse cos fondos da Xunta. ¿Que dixeron vostedes ou que dixo o seu partido cando se tramitou esa lei? ¿Que votou o seu partido? ¿E onde estaba vostede naquel momento? ¿Onde estaba vostede? ¿Díxolle o resto da dirección do Bloque neses momentos que se estaba aprobando unha cousa que ía en contra da autonomía dos concellos e que ía supoñer un custo importante para os concellos? Non, vostedes aí calaban; calaban porque iso é de Madrid.

Di vostede que a Xunta ten que pagar o cen por cento do SAF. Mire, o outro día vin un vídeo —non o vou poñer aquí, porque iso non vai así— dun alcalde socialista, o de Ames, que falaba das necesidades que ten no SAF. Decía que, efectivamente, hai uns custos que se incrementaron debido aos cambios fundamentalmente normativos, tanto no salario mínimo como nos cambios normativos que afectan a Lei de dependencia en Madrid —gobierno que vostedes apoian, pero no que vostedes calaron—. Decía o alcalde de Ames que, efectivamente, necesitaban máis recursos e que necesitaban que o Goberno do Estado pagase o que debe da Lei de dependencia. Diciao o alcalde socialista de Ames. Pode consultalo vostede nas redes, despois —que xa vin que tiña moita axilidade para esas cousas—. Consúlteo: alcalde socialista. Agora, ¿vostede, nalgún momento aquí, nas dúas intervencións, falou da necesidade de que o Goberno central cumpra coa lei e financie o 50 por cento da Lei de dependencia?



Non dixo nada. (*Aplausos.*) Agora, non dixo nada, señor Insua, nada; nin unha palabra, ¡nin unha palabra! Está gravado; igual non o sabe, pero as intervencións grávanse, e pode vostede comprobalo; non dixo absolutamente nada. Eses 150 millóns de euros anuais que nos deben e os 2.500 que van acumulados claro que daban para seguir aumentado o SAF, pero este ano no financiamento aos concellos non só se incrementa o Fondo de Cooperación local, senón que, como xa lle transmitimos tamén á propia Fegamp, á parte do canon medioambiental —que xa non vai incluída esta segunda parte no Fondo de Cooperación Local, e haberá 10 millóns nos orzamentos de medio ambiente—, o presidente xa se comprometeu aquí hai quince días a sentarse de novo cos concellos e a establecer unha nova senda para o SAF, como xa se fixo hai tres anos. E, por certo, adiantáronse os prazos para favorecer e para axudar os concellos. Vostede igual non o sabía.

Pois xa se ten falado de que nos imos sentar de novo, e vanse facer máis aportacións; agora ben, tamén queremos que vostedes reclamen a quen segue sen pagar; queremos que reclamen tamén ao Estado, queremos que ese deputado omnipresente que consegue tantas cousas e que nunca vemos en Galicia (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) faga algo e non se posicione en contra dos concellos de Galicia cada vez que ten oportunidade, señor Insua, que foi o que fixo votando determinadas leis sen orzamento, pero, iso si, con cargas para os distintos concellos. (*Aplausos.*)

Polo tanto, señor Insua, se vostedes queren falar en serio do financiamento dos concellos, estamos de acordo, pero, para falar en serio, non pode chegar aquí, mirar unicamente para a Xunta de Galicia e botarlle a culpa de todo; e o que me parece máis grave, menosprezar os votantes do Partido Popular, como fixo vostede na súa primeira intervención, e non cambiou esa cualificación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

(*A señora Rodil Fernández pide a palabra.*)

¿Si, señor Rodil?

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Polo artigo 76.1, por alusións directas sen estar eu no debate. Teño tres minutos, se non me confunde a min o artigo do Regulamento.

Señor Calvo, mire, o BNG non participou nese acto...

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¿Pode esperar a que lle dea o turno, por favor?

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ¡Ah!, si, perdón, pensei que me dera a palabra.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten vostede a palabra. Diga.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.



Señor Calvo e señorías do Partido Popular, o BNG non participou nese acto sobre a demarcación municipal do noso concello porque non había convidada nin unha soa muller a ese acto. Había 13 persoas relatoras —¡13 persoas relatoras!—, *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* 13 persoas relatoras....

A señora PRESIDENTA (Candía López): Señora Rodil, ¿pode escoitar un momentíño, por favor? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

É absolutamente importante que cando esteamos no debate, pois nos centremos no debate, que aí non vou entrar, pero se facemos alusións no debate, a persoa que é aludida ten, efectivamente, recollido no artigo 76 a posibilidade de defenderse. *(Murmurios.)* Esa é a miña interpretación, e é así; unhas veces beneficia a uns e outras beneficia a outros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Prégolle por favor que garden silencio. Ten dous minutos, que consumiu un. Por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Decía, que de 13 persoas relatoras non había nin unha soa muller, só unha persoa muller presentadora.

No BNG partimos do convencemento firme do feminismo e da igualdade. As mulleres estamos no mundo e na política para falar e para opinar, e por iso non asistimos a actos, e menos convocados polo Goberno galego, onde se exclúe e se nega a voz das mulleres. *(Aplausos.)*

Diciame —e con isto remato— o señor Calvo que calase, que igual aprendía algo. Pois, efectivamente, algo aprendín; aprendín que para o Partido Popular a igualdade é pura cosmética, porque non fixo nin sequera hoxe aceno de querer rectificar. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte interpelación.

Interpelación de D^a Silvia Longueira Castro e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a elaboración dunha nova lei de medios de comunicación e os cambios que nela se pretenden incorporar, nomeadamente no relativo ao sistema de elección de director ou directora xeral da CRTVG e á emisión de producións en castelán

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Conselleiro, benvido.

Tempos convulsos na CRTVG, tempos de manipulación, de incumprimentos grosos da lei que rexe os medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, de represalias, de externalizacións, de falta de pluralismo.



Para comezar esta interpelación, dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, queremos mostrar a nosa solidariedade, apoio e, sobre todo, admiración polos traballadores e traballadoras da CRTVG que están secundando a folga e os paros neste ente público. (*Aplausos.*) Son exemplares; defenden a democracia, a pluralidade informativa, o dereito á información...; a fin de contas, o dereito ao exercicio libre, imparcial, honesto e veraz da profesión xornalística.

Os paros lograron impedir a emisión do programa *O Termómetro*; un logro, conselleiro que, malia a que nun principio acadou como resposta o silencio informativo dalgúns medios, tardou pouco en recibir o *feedback* agardado. A CRTVG en folga é noticia en soportes dixitais, nas redes sociais, en xornais, incluso na prensa nacional como «*La Vanguardia*» ou «*El País*».

As traballadoras e traballadores aprobaron en asemblea mobilizarse contra o desmantelamento implacable da produción propia interna que está a promover dende hai anos o actual equipo directivo, tanto na radio como na televisión. O que está sucedendo na Comunidade Autónoma de Galicia cos medios públicos, conselleiro —e de aí esta interpelación—, sobrepasa todo límite democrático, como tamén sobrepasa os límites dunha democracia o Anteproxecto de lei de medios públicos que este Goberno do Partido Popular parece que pretende levar adiante en Galicia; unha proposta que dilapida o dereito á información independente, obxectiva e plural para converter os medios de comunicación públicos da nosa comunidade nun claro instrumento ao servizo, non da cidadanía, senón do poder.

Iso, en termos de sistema político, levaríanos perfectamente a falar de ditadura, e as ditaduras que censuran, que limitan, que controlan e afoğan, son o balado que impide avanzar e construír unha sociedade libre, democrática e plural. Estano facendo xa de facto, e pretenden, mediante a presentación do borrador da nova Lei de medios públicos de comunicación audiovisual, facelo por lei, e é gravísimo, abrindo un período de alegacións en pleno mes de agosto para que pasase desapercibido e degradando con este anteproxecto os principios que deberan observarse nun sistema democrático.

O que realmente pretenden, e non nos enganan, non é outra cousa que dotar o Partido Popular do control absoluto dos medios —un último golpe de graza— e borrar dun plumazo calquera participación profesional que non siga as pautas editoriais do Partido Popular, ademais de constituír un ataque sen precedentes aos dereitos lingüísticos.

O Grupo Parlamentario Socialista leva moito tempo denunciando a situación dos nosos medios públicos; uns medios de comunicación condenados, conselleiro, por sentenza firme, por vulnerar os dereitos dos traballadores e das traballadoras en liberdade ideolóxica, polo propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e por sancionar a traballadores e traballadoras pola súa participación activa nos «venres negros» do colectivo Defende A Galega.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas reprobaba a actual dirección, pero tamén polo incumprimento da actual Lei de medios, a Lei 9/2011; unha lei tamén do Partido Popular. Ese incumprimento deriva, en primeiro lugar, do non respecto á actividade profesional de traballadores e de traballadoras. É unha lei que obriga a ter un estatuto profesional, conse-



lleiro, e un consello de informativos, que sirvan de ferramentas esenciais para o persoal traballador para rematar coa manipulación á que se someten día tras día aos nosos medios públicos, e que nunca materializan nesa lei.

Asistimos tamén nestes últimos tempos á progresiva deterioración da estrutura territorial da CRTVG, cun baleirado continuo de persoal, que non pretende máis que relegar eses centros fundamentais á insignificancia, á decisión de suprimir delegacións e ás desconexións informativas. Privaron a cidadanía da posibilidade de recibir información do que acontece na súa contorna máis próxima, e agora dan un paso adiante para ese control absoluto e a represión.

Imos, pois, analizar a fraude que supón o Anteproxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, que ten como obxectivo converter un servizo público nunha compañía de servizos audiovisuais.

En primeiro lugar, está deseñado para os intereses electorais do Partido Popular; en segundo lugar, elimínanse o Estatuto Profesional e o Consello de Informativos; en terceiro lugar, mérmase ata límites nunca vistos a independencia xornalística e a función do ente público; en cuarto lugar, non se escoitaron as propostas nin do Colexio de Xornalistas de Galicia, nin de asociacións nacionais periodísticas, nin dos traballadores da CRTVG, nin de sindicatos, nin doutros colectivos sociais vencellados á cultura e á lingua galegas. Ignóranse as directrices estatais e do Regulamento Europeo, que é moi grave, o cal é de obrigado cumprimento, e advirte dos riscos de inxerencia política na liña editorial ou na gobernanza dos medios de comunicación ao servizo público cando non existen salvagardas ou estas son insuficientes.

En sexto lugar, a cidadanía vai sufrir un retroceso do dereito a recibir información local, como dicía antes —que xa se está producindo—, veraz e obxectiva, e os informativos poderán ser externalizados e afástanse da posibilidade de blindar a escasa produción propia, a total cobertura da información local e o mantemento das delegacións territoriais.

En sétimo lugar, segue sen crearse o Consello de Información como órgano interno de participación dos traballadores e das traballadoras. Crean un Consello Asesor con 15 membros, todos eles elixidos por organismos controlados polo Partido Popular. Esas son as modificacións.

Tamén o anteproxecto frea a difusión á promoción da lingua galega, que é moi grave, e non se recolle ningunha regulación sobre a intelixencia artificial —¿para que?—, co dano que pode facer á credibilidade dos contidos.

Están a tempo, señor Calvo, de rectificar. Dende o Grupo Parlamentario Socialista pedímoslle que retire este anteproxecto.

O pasado venres na Comisión de Control da CRTVG, preguntábaslle, dende a oposición, o Grupo Parlamentario Socialista, ao señor Sánchez Izquierdo, sobre a externalización do programa *A Revista*, programa histórico, con vinte anos de emisión e produción propia, que está vinculado aos informativos, como todos sabemos, tamén á web da propia CRTVG. Esta ex-



ternalización non é máis que un símbolo evidente do que vostedes pretenden con esa lei, e a partir de agora amparados por ela.

Este cambio foi a gota que colmou o vaso e o que provocou foi a primeira folga indefinida dos traballadores e traballadoras da Televisión de Galicia. O que fan é que o plató de realización segue sendo o da CRTVG, en tanto externalizan a produción, a redacción e a presentadora. Está claro que o que lle interesa ao Goberno galego, ao Goberno autonómico, é o control dos contidos. Son dúas produtoras externas —coñéceas ben— O Papaventos, que pertence á Cometa, e Setemedia, e non o dicimos nós, pero xa está nos medios de comunicación tamén. Cambian un programa propio por un externo dirixido agora por unha asesora de Mariano Rajoy, de M. Rajoy. *(A señora Rodríguez Dacosta mostra un documento.)*

Todos os camiños no Partido Popular parecen conducir ao mesmo lugar, a beneficiar con cartos públicos, con cartos dos galegos e galegas, intereses privados e políticos; os intereses do Partido Popular e dos seus amigos. *(Aplausos.)*

Dicía esta noticia, claramente, que Rocío —creo recordar—María Díaz Fernández *(A señora Rodríguez Dacosta mostra un documento.)* foi directiva e asesora de M. Rajoy durante oito anos en tres ministerios, ¡nada máis e nada menos!

A Mesa do Audiovisual Galego, o Comité Intercentros..., todos se manifestaron en contra desta cuestión. O PSdeG —e tamén a través do noso eurodeputado— tamén seguirá denunciando esta situación no Parlamento de Galicia. Esperemos que rectifiquen, señor Calvo; eu creo que están a tempo.

Solicitamos á Comisión Europea que analice este anteproxecto que elimina a necesidade desa maioría, dese Estatuto Profesional e toda esta modificación que emprende a lei. Por iso queríamos preguntarlle dende o Grupo Parlamentario Socialista se vai o Goberno galego rectificar retirando esta lei, este anteproxecto que pode entrar no Parlamento, neste camiño que lles leva ao control absoluto da CRTVG.

E en relación á folga —da que hoxe temos que falar, obviamente— mantida polos traballadores e traballadoras do ente, ¿teñen intención de negociar, de que esa negociación se produza coa parte social para recuperar esa produción propia interna e buscar solucións a esta folga iniciada...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—si si, xa remato— o pasado 7 de outubro?

Grazas, conselleiro. Espero a súa resposta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.



O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Señora Rodríguez Dacosta, sabe vostede que lle teño certa apreciación persoal, o que pasa é que ás veces é certo que o tempo xoga malas pasadas. *(Risos.)* E onte pola tarde eu dixen: bueno, mañá retiran unha interpelación. Dixen: vana retirar, porque sería imposible saír aquí dicir algunhas cousas despois do que está pasando en Madrid. Pero, ¡cal é a miña sorpresa de que non se retira, senón que se mantén a iniciativa! E vén vostede dicir aquí algunhas cousas que porían vermello a calquera deputado dos que están aquí. De verdade, síntoo; e así como o sinto, téñollo que dicir, porque ¡falar de control hoxe!... Eu trouxen unha, *(O señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Calvo Pouso, mostra a portada do xornal ABC.)* pero hai moitísimas portadas de medios en toda España *(Aplausos.)* —dá igual o medio, dá igual— acerca de que o Goberno toma o control de Radio-Televisión Española, pero cunha diferenza. ¿Sabe vostede cal é? Que aquí chove sobre mollado porque xa vimos o que fixeron no CIS, sábeo toda España —vostedes tamén, aínda que non o poidan recoñecer—; xa vimos o que se fixo no Banco de España, xa vimos como funciona absolutamente todo. ¡Pero é que vir falar o Partido Socialista de problemas na Radio-Televisión pública en Galicia, bueno, pois hai que estar, en fin, convencido!; hai que estar convencido dese sanchismo e radicalismo, e non nos podemos mover de aí. ¡Alá vostede! Eu dígolle todo isto con todo o cariño do mundo, porque o día de hoxe, de verdade, non é o máis acaído.

Mire, facía vostede a pregunta ao final, e dígolle que claro que imos traer nas próximas datas ao Parlamento de Galicia un anteproxecto da Lei de servizos de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. En contra do que vostede di, é un proceso transparente, participativo, plural e con vocación de consenso. E aquí unha das primeiras diferenzas: o seu xefe, o número un, fixo un decreto, un real decreto para modificar todo o que ten que ver con Radio-Televisión Española. Aumentou o número de conselleiros que son nomeados por maioría absoluta no Congreso única e exclusivamente para que a maioría fose máis reforzada, porque había catro que os nomeaba o Senado. Aquí facemos todo o contrario, señora Rodríguez Dacosta, non ten nada que ver; aquí o que facemos é unha lei, e traerémola e presentáremola neste Parlamento para poder debatela. Esta lei é un proceso transparente —diciálle— porque estivo publicado na web da Xunta e en fase de consulta previa, moito antes de que vostedes rexistrasen esta iniciativa e de que o Goberno lle quitase toda a razón, pero ben podería ter consultado este texto orixinal en vez de facer relación a periódicos e ao que publicaban nalgún periódico.

Foi un proceso participativo porque houbo opinións —algunhas a favor e outras en contra— e alegacións recibidas no prazo habilitado para tal efecto —xa terá noticias delas—. É un texto plural e aberto á participación durante a fase de elaboración para blindar a pluralidade da Corporación e a participación da sociedade, incluídos os propios profesionais, a través do Consello Asesor de Participación Social e Profesional; un texto elaborado para buscar o consenso —si, para buscar o consenso—, porque, efectivamente, se cre necesario que no nomeamento do director xeral se manteña esa maioría de dous terzos deste Parlamento. Iso si, transcorrido un mes, transcorrido o tempo suficiente para tentar chegar a un acordo, esa maioría de dous terzos cámbiase por unha maioría tamén cualificada de tres quintos; e un mes máis tarde, se esa maioría non funciona —efectivamente, vista a necesidade de bloqueo



que teñen algúns partidos para demostrar que as cousas non funcionan—, pois, entón, efectivamente, pódese facer por maioría absoluta. É un sistema que vostede agora xa non pode dicir que é tan malo, non o pode dicir. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non o pode dicir, de verdade!, ¡non o pode dicir! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero con varias diferenzas, o que fai o señor Sánchez é que, transcorridas 24 horas, se non hai consenso no Parlamento —24 horas; é dicir, non lles deu tempo de ir á casa e volver ao Congreso—, xa se fai por maioría absoluta no Congreso. (*Murmurios.*) E todos estes cambios fanse a través dun decreto. Mire vostede a pluralidade, a capacidade de poder opinar, a capacidade de facer de todo. Queda por ver se ese decreto sae adiante e quen vota a favor. Veremos quen vota a favor dese decreto; non o quero adiantar, pero veremos quen vota a favor.

Polo tanto, falamos dunha lei que —miren por onde— volve poñer de manifesto estas incoherencias da oposición parlamentaria: incoherencia ao rexeitar unha lei xenerosa, que ofrece fórmulas democráticas, transparentes e propiciatorias do pacto —co que dá tempo suficiente para poder chegar a un acordo—, pero que evita tamén as situacións de ingobernabilidade e interinidades indefinidas. Porque vir falar aquí do director da CRTVG, cando esta mesma semana a propia directora da Radio-Televisión Española suspendeu un consello porque se ía votar a súa destitución... ¡Suspendeu o consello de administración! Pois ¿que quere que lle diga? ¡Pero é que a primeira directora, nomeada a dedo por Pedro Sánchez! Botou non sei canto tempo e tivo que vir o Tribunal Constitucional dicir que estaba nomeada ilegalmente. ¡Pero é que estes son os seus! ¡Estes son os seus! Nomeárona ilegalmente e tivo que vir o Tribunal Constitucional dicir que estaba nomeada ilegalmente, e cambiárona por outra persoa. E agora vénnos dicir que na Televisión Galega hai unha produtora e que a propietaria —que non sei quen é— é unha asesora de M. Rajoy. Xa, pero é que a directora da Radio-Televisión Española é unha afiliada do PSOE e seguidora do número un do Partido Socialista. (*Aplausos.*) ¡E vén dicir que nós queremos controlar a Televisión Galega! (*Aplausos.*) ¡Oia, pero isto é unha broma! ¡É unha broma! (*Murmurios.*) ¡É unha broma, de verdade!, porque non ten ningún sentido que veñan facer críticas vostedes neste momento. O normal era ter retirado esta iniciativa. Bueno, ¡alá vostedes!

Entón, claro, non dan explicacións acerca dos procesos das oposicións que houbo en Radio-Televisión Española hai unha semana. ¿Vostedes imaxinan se en Galicia a Televisión de Galicia suspendese unhas oposicións porque había unha filtración? (*Murmurios.*) Aquí, no Parlamento, caían os teitos, caía todo o mundo, (*Murmurios.*) ¡caía todo! (*Murmurios.*) E protestarían e rasgarían as vestiduras todos. ¡Unha filtración! Claro, non ten nada que ver que o responsable de Recursos Humanos da Televisión Española fose o mesmo responsable de Recursos Humanos de Ineco, cando contrataron a famosa Jessi —que vostedes seguro que coñecen—. Iso non ten nada que ver. (*Murmurios.*) Agora, no mundo Sánchez non hai casualidades. ¿Pero é que suspenden as oposicións? Non pasa nada. ¿Que o exame foi filtrado? Non pasa absolutamente nada. ¿Que na consolidación das prazas dos traballadores saltan o turno? Non pasa absolutamente nada. ¡E veñen vostedes aquí dicir que na Televisión Galega hai unha produtora e que se externaliza! ¡Benditos problemas sexan eses!, ¡benditos problemas! Vendo o que hai por aí adiante, creo que imos bastante ben. (*Aplausos.*)

Polo tanto, nós imos traer esta iniciativa ao Parlamento, que é a onde as hai que traer, para que poidan participar tamén no debate, para que poidan presentar emendas a aquelas cousas



que non lles gustan e para se poida debater. E, loxicamente, tamén imos recibir —como non pode ser doutro xeito— as aportacións que queira facer calquera tipo de sindicato ou asociación. ¡Por suposto! Temos un sector audiovisual que, afortunadamente, está moi forte; probablemente é dos máis fortes de toda España. E ten moito que ver con esa fortaleza que acadou durante os últimos anos o bo facer, loxicamente, do sector; pero tamén o impulso que supuxo a Televisión Galega para todo este sector, do que nos sentimos profundamente orgullosos.

Imos seguir traballando igual e imos facer que a Televisión de Galicia siga funcionando; e sobre todo o que queremos, señora Rodríguez Dacosta, é que non se pareza á Radio-Televisión Española.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Ben, conselleiro, vostede tamén sabe que eu lle teño aprecio, pero hoxe vostede podería falar tamén do incumprimento da Lei de medios, que fixeron vostedes xa hai trece anos. É que non cumpre nin co Estatuto do persoal nin co Consello de Informativos, e diso parece que non quere hoxe falar.

Sobre o decreto, tamén me dirá despois que van votar no Congreso, porque seguramente o ten bastante claro.

Vostedes non creo que poidan sacar peito da xestión na CRTVG e do que está a acontecer na CRTVG: 335 «venres negros». Isto non pasa en ningunha televisión de ningunha comunidade autónoma de todo o Estado. (*Aplausos.*) Triste récord que ostentan vostedes. (*Aplausos.*)

E fala da externalización do programa *A Revista* como se non tivese importancia. É que durante máis de vinte anos —reitero— fixo unha produción propia. E é a primeira vez, conselleiro, que as produtoras externas achegan os contidos para esa manipulación da que falaba. Ademais, vostede sabe que hai 9 persoas traballando en San Marcos que son das produtoras, que non son persoal propio: en dirección de programas; 2 presentadoras; 1 xefe de produción; 2 axudantes de decorado; 1 de vestiario...; 9 persoas. Xa foron condenados por fraudes de lei na contratación por cesión ilegal de traballadores, e vostedes miran cara a outro lado. Son 16.000 euros por programa externalizado; botando contas, sáenos a 5.000 euros máis cada hora que *A Revista*. E sobre todo, conselleiro, para lucrar —si, si— esa exasora de M. Rajoy.

Vostedes deciden pagar un plus aos seus amigos, señor conselleiro, cando teñen un persoal perfectamente —e vostede sábeo— cualificado para facer estas funcións dentro da CRTVG. Isto é o que pasa. Ostentan vostedes o triste récord de ter máis de catrocentas sentenzas por



contratacións en fraude de lei. Non sei se iso o pode explicar na réplica. Pretenden vostedes mellorar a calidade externalizando e mellorar audiencias, porque a calidade din que vai ser maior.

E, miren, eu creo que isto é digno de ver. (*A señora Rodríguez Dacosta mostra unha fotografía.*) Resulta que é unha presentadora do programa *O Termómetro* —o novo programa externalizado—. Como ven, pon (*A señora Rodríguez Dacosta vai sinalando co dedo.*) en directo, en Ourense, ás 13:12 horas... E Ourense con praia, a praia das Catedrais. Esta é a calidade que está a demostrar *O Termómetro*, ese programa externalizado que nos custa aos galegos e ás galegas 16.000 euros/día. Pero temos moitos exemplos que creo que hai que mencionar: sesións de espiritismo, o 4 de outubro, en horario protexido; por non falar do día 30 de setembro, no que dende as redes sociais, dende a CRTVG fixeron un rechío dun anaco dun programa *Land Rober* que fai un tratamento deplorable dunha muller á que chama «madurita» fronte ás mulleres novas —non é só que se emitise, senón que se está amplificando dende as redes sociais—. Igual, o día 1 de outubro, dende a rede rechíase outro vídeo do programa de cociña *Estache bo*, no que se fan chistes sobre apalpar o mexillón, en clara referencia ao clítoris das mulleres. Isto é o que está a acontecer na Televisión de Galicia.

Tamén na Radio se externalizan programas como o programa *Convivir*, un espazo radiofónico presentado por persoal da CRTVG ligado á inclusividade, señor conselleiro, e aos colectivos do terceiro sector; e nesta temporada elimínano e, no seu lugar, poñen un programa externalizado *Seres*.

Indo á nova Lei de medios, posiciónase non só o Grupo Parlamentario Socialista, tamén a Academia Galega do Audiovisual, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, a Asociación Galega de Produtoras Independentes, a Asociación Galega de Profesionais de Dirección e Realización; a Asociación Sindical Galega de Guionistas, o Clúster do audiovisual galego, a Coordinadora Galega de Festivais de Cinema. Hai un rexeitamento frontal de todo o sector audiovisual, non só do PSdeG. A mesmísima Maja Sever, presidenta da Federación Europea de Periodistas, respaldaba a folga dos traballadores e traballadoras asistindo a unha concentración en San Marcos; que, por certo, non a deixaron entrar no ente público —todo moi democrático—.

¿E non entenden que supón un paso atrás na independencia e función social dos nosos medios? Porque fala vostede da dirección, pero non falou do Consello de Informativos nin do Estatuto do Profesional. Iso parece que xa non lle importa. Señor conselleiro, neste momento hai manipulación na Radio-Televisión de Galicia, non hai pluralismo, non hai cultura, non hai respecto pola lingua, non hai control dos contidos sexistas, non hai estatuto profesional, non hai consello de informativos, non hai contrato programa, non cumpren a Lei en vigor de medios públicos, e o persoal en folga, señor Calvo. E aquí non pasa nada, mírase cara a outras autonomías ou cara a Madrid.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Un director xeral —xa remato— nomeado por Feijóo no ano 2009, e despois utilizaron as leis de acompañamento para que seguira nese cargo ata o



día de hoxe. ¿Que pluralismo reflicten a través do ente público? Eu creo que nin político, nin ideolóxico, nin cultural.

Eu pídolle, señor Calvo, dentro do aprezo que lle teño, que rectifiquen —están a tempo—, e que cumpran a lei que teñen...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...que foi feita polo Partido Popular con ese estatuto profesional e con ese consello de informativos.

E falen cos traballadores e coas traballadoras.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que me fai graza porque isto da liberdade de información que dicía vostede é o que... Nós cremos na liberdade de información, señora Rodríguez, e temos o máximo respecto polos xornalistas, polo seu traballo. Non elaboramos plans de control dos medios de comunicación, como fai o Goberno do Partido Socialista do seu número 1. El si que elabora plans de control, co seu plan de acción pola democracia. Son vostedes os que van decidir que periodista é periodista e que periodista deixa de ser periodista. Son vostedes —o seu número 1 e todos os ministros— os que nas roldas de prensa non responden ás preguntas que non lles dá a gana de xornalistas acreditados, porque non lles dá a gana. Agora, iso si, os que respectan os medios de comunicación son vostedes.

Nós, cando damos unha rolda de prensa, respondemos a todo, ao que nos gusta e ao que non, pero nunca lle dixemos a un periodista o que lle están dicindo vostedes, diga o que diga o periodista, señora Rodríguez Dacosta. (*Aplausos.*) ¡Nunca!, ¡nunca pasou iso ata agora! ¡Nunca pasou isto! Nunca verán o Consello da Xunta de Galicia reunido —¡o Consello da Xunta de Galicia reunido!— para vixiar o que están publicando os medios. Iso non o vai ter vostede nunca. Pero si podemos ver unha delegación do Consello de Ministros decidindo que é o que se está publicando. ¿Pero vostede estase dando conta do que di? ¿Vostede realmente dáse conta do que están a facer? Van decidir vostedes que se pode publicar e que non e van perseguir os que publiquen cousas que non lles guste. Pero, aínda encima, queren facelo con rango de lei. Oia, ¿pero vostede dáse conta do que está a dicir e da deriva na que están metidos?

Fala vostede da promoción da lingua galega. Non corre perigo a lingua galega. E iso que vosdes crean para perseguir os bulos informativos é casualmente o que están tentando facer



aquí, dicindo que a lingua galega corre perigo. Non, na CRTVG, non. A lingua non é súa, nin nosa, e tampouco do Bloque.

E ese bulo que vostedes están tentando crear é o que vostedes din que van perseguir. Vaime dar moita graza ver a Pedro Sánchez perseguindo as declaracións dos deputados do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Nós temos un anteproxecto que contempla os mecanismos necesarios para garantir a independencia, a rendición de contas, a transparencia e a responsabilidade. Garántese a gobernanza, fundamental nunha xestión empresarial, e consolídase tamén un modelo de xestión baseado na Administración rigorosa, a eficiencia e a estabilidade.

Falaba vostede dos contratos e das denuncias, ¡pero se a maior parte, cando o señor Sánchez Izquierdo...! Por certo, nomeou o director xeral co apoio do Grupo Parlamentario Socialista daquel momento, ¡daquel momento! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home!, é que desde aquela... Cada tres días cambian. Eu non lle teño culpa. Xa pasaron non sei cantos voceiros por aquí, pero iso non é culpa do Partido Popular. Iso non é culpa do Partido Popular. ¡Ata aí podíamos chegar! (*Aplausos.*)

Pero fala vostede do director xeral con todo o que ten que explicar acerca da directora da Radio-Televisión Española. ¡Home, pero, por favor! E claro, vostede non era deputada naquel momento, pero eu fun naquel momento portavoz da Comisión da CRTVG durante o Bipartito, e vin como iso si que era un exemplo de como se tiña que levar a cabo a xestión dun ente público da CRTVG. Naquel momento, o que hoxe está de novo nos programas dando opinión, escribiulle unha carta —que era o secretario xeral da Vicepresidencia primeira de Anxo Quintana— ao director da CRTVG para que os profesionais da CRTVG non fosen aos seus actos, porque non entendían a cobertura que se estaba facendo, e dicían que na TVG só atendían a Touriño e aos conselleiros do Partido Socialista. Isto ocorreu aquí. (*Murmurios.*) Pero ocorreu hai nada, cando gobernaron vostedes e vostedes (*O señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Calvo Pouso, sinala co dedo os escanos do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.*) Iso foi o que pasou. Había denuncias, señora Rodríguez Dacosta. (*Aplausos.*) ¡Había denuncias! Tiñan prohibidos os da TVG entrar nos actos da parte nacionalista do Goberno. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tiñan denuncias, e eran entre vostedes. (*Murmurios.*) E nomearon vostedes o director xeral.

Polo tanto, señora Rodríguez Dacosta, ¿que quere que lle diga? ¡¿Que quere que lle diga?! Despois de ver como xestionaron un ente como a Televisión Galega durante catro anos que tiveron a posibilidade —e aquí foi unha festa continua; unha vergoña, pero unha festa continua—, despois de ver o que están a facer actualmente con Radio-Televisión Española, vén vostede aquí pedirnos explicacións. Pois, mire, pode estar vostede tranquila. Vaise traer o anteproxecto, vaise tramitar, vanse atender, escoitar e estudar todas as aportacións que se fagan, e esperemos entre todos facer un texto moito mellor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a transparencia na contratación pública da Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación, por tempo de dez minutos, ten a palabra don Paulo Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Boa tarde xa, señor conselleiro.

Xa algo onte adiantabamos deste debate que vai sobre o Plan de transporte público de Galiza, e a verdade é que, repasando as últimas incidencias puntuais —que seguramente lles chamará así vostede— do transporte público, podemos falar de moitas: podemos falar das de Lalín-Lugo, das de Cangas-Pontevedra, do que está acontecendo na Costa da Morte co transporte escolar, cun montón de nenos e nenas tendo que viaxar de pé unha cantidade considerable de quilómetros, podemos falar do que está acontecendo no Barbanza, podemos falar do que está acontecendo ultimamente na liña Ferrol-A Coruña e podemos falar tamén das de Vigo-Ourense. Podemos falar do que está acontecendo co transporte público neste país, do que acontece con tantas e tantas liñas nas últimas poucas semanas —apenas dez días, cinco días, quince días, como máximo—. E isto non é algo novo.

Eu xa tamén dicía onte, señor conselleiro, que eu era bastante amigo das bromas, dos chistes, pero que se rían na miña cara xa non o levaba tan ben. E isto é o que fixeron vostedes, a súa consellería, recentemente, no cumprimento do artigo 9. Xa é raro que o cumpran e máis raro é que contesten algo. Eu pedíalle á súa consellería que se me trasladase esta información: os expedientes sancionadores ás empresas concesionarias nos anos 2021, 2022 e 2023, e a súa resolución, indicando o motivo de sanción e o importe desta.

Supoño que é consciente da resposta que me deu a súa consellería, que foi: *(O señor Ríos Santomé le un documento.)* «Na data 1 de xuño téñense incoado no período indicado 1.489 expedientes sancionadores ás concesionarias de transporte público de Galicia, dos que 749 foron resoltos e o resto están á espera da avaliación».

Ou sexa, de todo o que eu lle preguntei non contestaron absolutamente a nada. E isto é algo que é moi recorrente no Plan de transporte público; unha opacidade total, ademais con todas as incertezas, todas as preguntas, todas as dúbidas, que tamén a xustiza pon enriba da mesa e que nos fan ter a nós esas incertezas e esas dúbidas.

Pódolle falar dos últimos autos, das últimas sentenzas do Tribunal Supremo, onde anula varias concesións do transporte público no sur do noso país. Podemos falar de moitas outras, como a que rexeita o recurso contra a incoación de dilixencias previas contra o anterior director xeral. Só lle estou falando das máis recentes, pero poderíamos retrotraernos tamén ao famoso caso de colusión e de repartición do mercado entre Alsa e Monbus, no que no día de hoxe a Comisión Galega de Competencia tivo, por orde xudicial, que abrir as investigacións.



E, ante estes feitos, vostedes din que aquí non pasa absolutamente nada, que a Xunta é cen por cento escrupulosa non só coa contratación, senón tamén co control e a inspección da execución dos contratos de transporte. Pero pretenden que a oposición tome as súas palabras como un dogma de fe, porque non aportan ningún tipo de documentación para que nós poidamos cumprir a nosa obriga e o noso dereito á fiscalización e ao control do Goberno. E tampouco están cumprindo coa súa obriga democrática de facilitar esa información cando se lles require. Non están nin cumprindo a lei nin cumprindo o Regulamento deste Parlamento. O que fai que con todo este cóctel que temos de incumprimentos que vemos todos os días, de dúbidas e de incertezas que tamén poñen enriba da mesa tanto as organizacións, persoas denunciante disto, como a propia xustiza, con varias sentenzas firmes xa e outras que serán recorridas nos próximos meses, vostedes non apoiem e non axuden a que haxa transparencia, todo o contrario. Entón, ¿que quere que pensemos nós, señor conselleiro? Nós levamos cun discurso eu creo que bastante claro, bastante coherente e bastante firme nos últimos anos, dende que se implantou este Plan de transporte. O discurso non cambiou e, de feito, téñenmo dito en moitas ocasións, que sempre estamos co mesmo, pero é que realmente a problemática non cambiou, e nestes catro anos que levamos denunciando esta situación si que vemos como hai tantos problemas e realmente a Xunta de Galicia non fixo absolutamente nada por traer algo de luz e de taquígrafos, por poñer branco sobre negro sobre esta situación.

Polo tanto, eu, señor Calvo, persoalmente non son crente e, se non son unha persoa relixiosa, moito menos vou crer no que vostede me diga sen ningún tipo de documentación que o avale.

Entón, nós o que lle propoñemos hoxe é que dote de transparencia todo este proceso, tanto no da contratación como no da execución do transporte, porque vemos —e tamén llo dicía na anterior interpelación que tivemos nesta mesma lexislatura— que ao mellor é que me estou equivocando e que a quen teño que pedirlle esa información é á empresa concesionaria, que se encarga absolutamente de todo, porque a Xunta de Galiza desmantelou certamente a Dirección Xeral de Mobilidade e aí non queda ninguén para atender os problemas. Hai unha persoa que dirixe todo o tema, que, desgraciadamente, quizais non é a directora xeral de Mobilidade, pero, ben, ese xa é outro tema. Realmente quen está organizando absolutamente todo, dende a redacción dos pregos, dende a análise das ofertas, a puntuación, o control, a inspección da execución dos contratos e demais é unha empresa consultora que tamén está acusada nalgún proceso xudicial de ter unha relación directa coa empresa concesionaria Monbus; e, como sabe e como me ten escoitado moitas veces, igual que todo o conxunto desta Cámara, nós sostemos que a Xunta está inflando con bombín un monopolio moi, moi perigoso que pode levar á desaparición real do sector do transporte público neste país, das pequenas e medianas empresas, que xa o propio sector certifica que ao redor do 30 por cento xa desapareceron dende a implantación do Plan de transporte público. E desapareceron por inanición, porque hai un proceso, unha tendencia monopolística total que deixa fóra estas pequenas e medianas empresas. Podemos falar de todo o que supuxeron as UTE e do control total de Monbus das UTE, nunhas porcentaxes totalmente maioritarias que para vostedes non constitúen que excedan o límite de contratos nos pregos da contratación pública, pero, para varios tribunais si que o fan; ou para a Mesa de Contratación do Goberno de Aragón, para a que si existe esta práctica, que vostedes dan como válida.



E despois de todo iso, despois de todas esas cuestións que levamos dicindo todos estes anos de forma insistente, aínda no día de hoxe non temos ningún documento que poña branco sobre negro sobre esta cuestión. Hóbooo, e por requirimento xudicial, no ano pasado tiveron que entregar, por exemplo, todo o que tiña que ver coas matrículas dos vehículos adscritos a cada concesión, e tiveron tamén que dar unha relación das sancións, collendo incluso ata o ano 2007. Totalmente ridículo intentar —como se soe dicir— afogar en documentación as persoas para que lles sexa moito máis difícil separar realmente o que é o importante do que non o é. E iso fala moi mal de vostedes. Se non hai nada que esconder, se todo está ao cen por cento escrupuloso, non entendemos por que este receo total, esa falta de transparencia, esa opacidade absolutamente total.

Efectivamente, contestáronme por este artigo 9, igual que me contestaron outros, e en ningún me contestou ao que lles pedía nin de lonxe. Dedicáronse a dar información que temos noutros documentos ou noutras intervencións, tanto súas como o da súa antecesora, como de calquera voceiro ou voceira que trouxese hoxe aquí esta cuestión e defendese a postura do Partido Popular, e vemos como realmente todo segue igual.

Podémoslle preguntar por moitas cousas, señor conselleiro. Hoxe centrámonos na cuestión da transparencia e podemos falar do que vai acontecer, do que vai acontecer o ano que vén cando saian eses cincuenta e sete lotes do transporte escolar, porque esa vai ser a proba de lume e o momento crucial para saber se realmente o sector do transporte público neste país vai aguantar o envite do monopolio ou van ser moitas máis as empresas que van pechar. E realmente temos un gran problema cando en prol de fomentar a competitividade e as pemes e demais conseguimos todo o contrario, ademais de forma —eu estou convencido— totalmente deliberada.

E dígolle: se algo do que eu dixen nestes catro anos ou hoxe aquí é mentira, entreguen a documentación que lle requirimos. Permítannos cumprir a nosa obriga, o noso dereito democrático de fiscalizar e de controlar o Goberno, que non o están facendo. Hai algo menos dun ano nós traíamos aquí tamén unha interpelación e da moción que despois se substanciou nós traíamos aquí uns cantos puntos dos que a gran maioría era que entregasen a este Parlamento a documentación requirida, á que temos dereito a ter acceso. O Partido Popular votou en contra, votou en contra de cumprir o mandato democrático da nosa capacidade de facer oposición e de facer control ao Goberno. E que é completamente ridículo, señor Calvo.

Por iso, o que lle digo é: ¿por que non queren entregar esta información?, ¿que vai facer para que a súa xestión á fronte desta área non se converta nun contínuum do que vén pasando no día de hoxe, que está deixando o sector realmente tocado e ferido de morte? e ¿que vai facer para garantir os dereitos democráticos da oposición a facer control e fiscalización do Goberno nun tema tan importante, onde están chovendo as irregularidades, os incumprimentos por todas as vías?

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.



O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señorías.

Grazas, señor Ríos, tamén polo ton amosado.

Dicía vostede que mantivo o discurso durante todo este tempo e que non cambiou. É certo, téñollo que recoñecer. Pero tamén me gustaría que vostede a ver se é capaz de dicirme nalgun plan dalgunha consellería deste Goberno que mantivesen un discurso distinto ao que se mantivo neste asunto. É dicir, vostede non cambiou o discurso porque dende o primeiro día tiña a consigna política de estar en contra, nada máis e nada menos.

Polo tanto, esa virtude que vostede di de manter o discurso non ten sentido, xa deixa de ser unha virtude para ser unha consigna política, porque non pode ser que todo o que hai en transportes estea mal. A vostedes cada vez que interveñen neste Parlamento absolutamente todo o que ten que ver co transporte público de Galicia é un desastre. ¡Home!, somos conscientes de que temos que mellorar cousas e tentámolo mellorar; cada vez que hai algunha aportación ou que hai algunha denuncia, tentamos mellorar e cambiámolo. Nós recoñecémolo, fixémoslo. Rescatamos —facía vostede referencia— o transporte na Barbanza, pois rescatamos a concesión. Non me faga entrar aí, porque había moitas queixas; cremos que o deseño estaba mal feito e rescatámola.

Vostede pode pensar que é unha rectificación. Pois chámelle como vostede queira, pero se se pode facer mellor, ímolo facer. Agora ben, ¿vostedes aplican ese criterio algunha vez? Non, nunca. Nunca alabaron vostedes a mínima cousa do Plan de transporte público de Galicia; nada, absolutamente nada. Dende a primeira á última folla todo está mal. Polo tanto, ¿que quere que lle diga? Este plan é un plan vivo, adaptable, e que cada vez que hai modificacións levamos cinco mil e pico expedientes de modificacións. Claro, por iso, porque cada vez que hai modificacións nós tentamos incluílas no propio contrato e levar a cabo esas modificacións porque nolas pide a xente, e ás veces piden cousas contraditorias, pero correspóndenos a nós establecer o que estimamos oportuno.

Escoitamos moito e facemos un seguimento continuo. E voulle dicir unha cousa, porque igual non caeu niso —a ver se mo compra—: os máximos interesados en que isto funcione, ¿sabe quen é? A Xunta de Galicia. Somos os máximos interesados en que isto funcione. Pódolle asegurar que se observamos algo que non funciona ou que se pode mellorar, tentámolo mellorar. Iso que lle quede claro, pero parece que non é así. E facémolo tamén por responsabilidade, porque estamos a falar de 102 millóns de euros do Plan de transporte público de Galicia e porque é o noso deber. Polo tanto, apostamos pola mellora en todo momento.

Pero tamén tendo en conta que para eses cambios os recursos son limitados, como non podería ser doutro xeito, e que se trata dun servizo colectivo, que nunhas veces hai un colectivo beneficiado e outro colectivo, tamén de viaxeiros ou veciños, ao que non lle gustan os cambios que poñemos. Entón, é imposible, como lle dicía, que todo estea mal.



Pero déase conta de que neste plan pasamos de novecentas a tres mil seiscentas liñas en toda Galicia; déase conta da magnitude da que estamos a falar: ¡tres mil seiscentas liñas! Imaxínense o que é xestionar tres mil seiscentas liñas. Pasamos de vinte mil paradas a cincuenta e oito mil paradas. E veñen vostedes aquí con que hai o problema nunha parada, non sei onde. Claro, seguro; un non, moitos máis que un, porque temos cincuenta mil paradas, e pode haber problemas nas cincuenta e oito mil paradas. Por iso, cando hai problemas nunhas cantas paradas estamos relativamente satisfeitos. Oxalá non houberese problema en ningunha, pero quen xestiona cincuenta e oito mil paradas ten que ser consciente de que vai haber problemas nas paradas e nas liñas, por suposto.

Un millón catrocentos oitenta mil servizos, e pasamos a 2,5 millóns de servizos ao ano. Polo tanto, claro que hai problemas cun bus que chega tarde, cun bus que non chegou, claro que si. E diso tamén facemos o seguimento e tomamos as decisións.

E melloramos as tarifas abaratando con carácter xeral o billete; é dos máis baratos que hai en España. Pero, ademais, centrámonos en dous colectivos, especialmente os menores de vinte e un anos e os maiores de sesenta e cinco, que somos a única comunidade autónoma de toda España na que se pode viaxar gratis ata un máximo de sesenta viaxes os menores de vinte e un anos e os maiores de sesenta e cinco. (*Aplausos.*) Pois nin sequera niso fomos capaces de acadar por parte de vostedes un certo recoñecemento.

Polo tanto, é moi difícil para nós facer algo no que vostedes se sintan compracidos, porque fagamos o que fagamos vano criticar, e ás probas remítome. Diga vostede un só plan que presentase este Goberno galego nos últimos anos que vostedes apoiasen. Ningún; dá igual a materia, ¡ningún!

Din vostedes que seguimos cos mantras de sempre. Fala vostede sempre que hai oportunidade de determinados mantras e de que favorecemos un monopolio. Oia: ¿cando vostedes gobernan en Santiago e Lugo e danllo á mesma empresa é porque tamén queren favorecer un monopolio? Porque, claro, cando fai a Xunta de Galicia, é que hai intereses ocultos e non sei que, pero se o fai o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista nos concellos aí non hai interese monopolístico, iso é simplemente que os propios pregos levaron á concesión desa liña a determinadas empresas. Pero se o fai a Xunta de Galicia, sempre pensamos mal. E iso é o que non pode ser, señor Ríos.

Di vostede que non lle damos datos, pero se datos ten os que queira. O que pasa é que vostede, por moitos datos que haxa, non vai mudar a súa opinión; dígollo en serio: non a vai mudar. Polo tanto, ¿que quere que lle diga?

Falaba dos procesos xudiciais. Mire: os pregos e proxectos que rexeron a licitación dos contratos do Plan de transporte foron especialmente escrupulosos e transparentes; difíciles de facer, como se pode imaxinar, pola cantidade de lotes que houbo, porque coincidían lóxicamente maioritariamente no tempo. E así o avalou ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia cando desestimou a práctica totalidade dos recursos presentados polo resto de empresas que competían neses concursos. Dos sesenta recursos presentados ante ao Tribunal de Contratación Pública, cincuenta e oito de sesenta foron resoltos a favor da



Xunta, e dous foron un para facer unha simple corrección nos pregos e outro para a revisión dunha documentación. Polo tanto, todos os contenciosos que se presentaron vía xudicial despois tamén foron a favor da Xunta; corenta presentados, corenta a favor da Xunta. Polo tanto, de cen recursos case todos, practicamente noventa e nove, foron resoltos a favor da Xunta. Por tanto, a actuación, cando menos...

Eu quérolle dicir que estea vostede tranquilo, porque eses fantasmas que ve vostede en cada esquina ou en cada papel, pois oia: cando a xustiza fala, dende logo non establece o mesmo ca vostede. Polo tanto, ¿que quere lle diga? Falan vostedes moitas veces —e non son plenamente consciente de que o fixera hoxe— do informe do Consello de Contas, que fala do transporte de finais do 2020, que fiscaliza o transporte do 2019 e do 2020. Estamos no 2024, e dende aquela houbo tantos cambios que ese informe queda totalmente anticuado. E para o único que vale é para mirar que non se cometan os mesmos erros. Pero pódolle asegurar que non se cometen nin no que falan vostedes do canon da concesionaria, en moitas ocasións de que non se lles pediu o pago, si que se lles pediu o pago a todas e teñen todos pagado, todos señor Ríos, todos.

Falan vostedes de maiores exixencias nas condicións da participación das UTE. É unha recomendación que fixo o Consello de Contas, unha recomendación. Falan da baixa participación das pemes nas UTE, e só trece dos cento vinte e sete lotes tiñan unha participación maioritaria de grandes grupos empresariais. De feito, había tantos lotes para intentar favorecer. Ese era o obxectivo, se non faríase un único lote ou dous ou tres, pero fixéronse cento dez para favorecer que as pequenas empresas fosen quen de participar na licitación deses lotes. Polo tanto, o interese da Xunta de Galicia era, loxicamente, manter o sector e que todos participasen. Ese foi o interese dende o principio.

Pregunta vostede se facemos un seguimento e control das concesións. Claro que si, pero non o facemos única e exclusivamente a través do sistema SAE, senón que, ademais, temos mecanismos de control como o sistema Monética, xestión de incidencias, queixas e suxestións, e tamén os servizos de inspección que fan os inspectores.

E o Plan de transporte público de Galicia contempla mecanismos reguladores que se aplican cando é necesaria a apertura de expedientes sancionadores e tamén penalidades contractuais. Levamos abertos moitísimos, claro que si. E cando se abren, hai un período de alegacións por parte da empresa á que llo abres e, despois, ou ben arquívase ou ben imponse unha sanción. Claro que si, son moitísimos.

A Xunta tamén mantén unha actualización constante do servizo ás demandas da cidadanía, como acreditan —como lle dicía antes— os cinco mil seiscientos expedientes de modificación dalgunha ruta ou dalgún servizo que se prestaba.

E no que atinxe as inspeccións e rutas no primeiro semestre deste ano, é dicir, nos primeiros seis meses deste 2024, houbo 946 controis de expedicións, coa incoación de catrocentos expedientes. Ben, ese é o traballo que levamos no día a día, e a verdade é que nos leva bastante tempo.

E no transporte escolar —e xa remato, presidente—, durante o curso escolar 2023-2024, detectáronse incumprimentos contractuais en dezanove das cincuenta e sete concesións.



Durante o curso pasado abríronse preto de setenta penalidades contractuais, das que unha trintena estaban relacionadas con incumprimentos nos vehículos que tiñan que prestar o servizo.

Polo tanto, nós claro que estamos dispostos a aportar documentación. O que si nos gustaría é que algún día algún dato que lle aportemos ou algunha cousa que se fai demostre vostede que o que lle preocupa de verdade é o Plan de transporte público de Galicia e non única e exclusivamente facer unha crítica á acción deste Goberno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Señor Calvo, eu creo que ou non entendeu ou non quixo entender absolutamente nada do que lle dixen e do que levo dicindo estes catro anos. O problema non son as incidencias puntuais, señor Calvo; o problema é de modelo, o problema é estrutural. Non é unha crítica porque un día un autobús non saía á súa hora, que iso pode pasar no mellor sistema do mundo. Esa non é a cuestión. A cuestión é que, como dixen onte, o Plan de transporte funciona perfectamente para o que foi feito, e iso non quere dicir que sexa para mellorar a mobilidade deste país, que non o é, que non o é.

Señor Calvo, voulle recoller o guante, porque eu díxeno en moitas ocasións, quizais ao mellor a vostede non lle coincidiu, pero as persoas que estiveron na Comisión 2ª na anterior lexislatura poden dar fe disto. Cando vostedes sacaron a cuestión, por exemplo, da Tarxeta Xente Nova, nós recoñecemos en moitísimas ocasións que era unha boa medida, que lle falta ambición. Nós despois trouxemos aquí a posibilidade —e farémolo tamén neses orzamentos— para que se dote de maiores recursos para ampliar a idade, porque non entendemos que ata os 21 anos sexa unha idade razoable coa situación que ten a mocidade galega no día de hoxe. Pero nós dixemos que era unha boa medida, a Tarxeta Xente Nova; díxeno no seu momento e dígollo hoxe agora.

Entón, primeira premisa do que vostede me dicía, cumprida. Entón, agora pódolle pedir documentación, ¿non? Era así. Que, se eu recoñecía algo, agora podía pedir documentación.

Señor Calvo, os expedientes sancionadores, ¿a quen? ¿Por que? ¿Que constitúen: unha infracción leve, unha infracción grave, unha infracción moi grave? ¿En que termos? Iso non mo dixo. A opacidade segue aí, porque vostede dime: non, no primeiro semestre deste ano 2025 abrimos catrocentos e algo expedientes. Moi ben. ¿A quen? ¿Por que? ¿En que derivou? Ben, loxicamente aínda están nese proceso de alegacións, pero os do ano pasado xa non o están, salvo os últimos meses do ano pasado.

E ségueme vostede sen dicir absolutamente nada, no tema do Barbanza por exemplo. Por agora o que temos é un anuncio, o que temos no día de hoxe na mesa é un anuncio no tema



do Barbanza, porque vostede, ademais —e xa traeremos a cuestión de forma moito máis concreta—, di que houbo moitas queixas, houbo incumprimentos. Efectivamente. ¿Sancionouse? Se se sancionou, ¿en que termos? ¿Esas sancións son as que derivan despois para o rescate da concesión? ¿Si? ¿Non? Porque o tema de rescindir de mutuo acordo é complicado cando hai incumprimentos notorios, señor Calvo.

É que vostedes intentan facer pasar isto como simplemente unha teima do BNG por unha cuestión ideolóxica, que imos en contra das empresas, ou toda esta historia, cando realmente todo o mundo sabe que aquí hai un problema estrutural e hai un problema de base, de orientación.

Vostede non me dixo nada do estado, por exemplo, do sector do transporte. O propio sector di que o 30 por cento das empresas tiveron que pechar, ou morren no día de hoxe de inanición con moi pouquiños, contados contratos que lles permiten sobrevivir, que realmente son polas que hai que apostar. Non me pode tampouco vender como pequena empresa, ou como unha peme, unha empresa dun grupo maior, que todos os contratos van firmados da mesma man e da mesma letra, señor Calvo. Iso non se pode facer, porque iso é facer trampas.

As ofertas das concesionarias, ¿por que non temos acceso ás ofertas que gañaron? ¿Por que non temos dereito a saber cales eran as melloras que propuxeron, polas cales foron puntuadas e polas cales gañaron as concesións? ¿Cantos quilómetros a maiores teñen que facer despois do que establecen os pregos? ¿Cantas melloras? ¿Que idade máxima e que idade media ofertaron? ¿Que rutas novas? ¿Que alternativas deron para que se lles puntuara para gañar as concesións? Todo iso non o sabemos, señor Calvo.

¿Como imos nós confiar en que todo vai ben cando todos os indicadores din que vai mal, cando hai problemas todos os días? Acaba de anularlle concesións de autobús escolar o Tribunal Supremo en Pontevedra e en Vigo, hai apenas menos de dez días, hoxe é día 23 e o auto da sentenza do Tribunal Supremo saíu o día 16 de outubro. Diso non me dixo absolutamente nada. ¿Que está pasando? ¿Que vai pasar cos 57 lotes que se saquen o ano que vén? ¿Que vai pasar con iso? ¿Que se vai premiar? ¿Cal vai ser o camiño? ¿Imos ter outra vez outros 8, 9, 10 lotes anulados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, á espera de que se fagan as cousas como se teñen que facer, señor Calvo?

É que o problema é que vostede non me dixo absolutamente nada, e vemos como nestes orzamentos realmente todo isto é un continuo. Non están atendendo tampouco ás necesidades das persoas do ensino postobrigatorio, realmente non se están centrando en mellorar a mobilidade das persoas. Están centrados en que as contas lles saian, e que os excel cadren, e os excel non son persoas, señor Calvo. Realmente hai unha desorganización brutal. Temos o noso rural tendo que moverse en taxi porque non teñen transporte público razoable para ir ao médico, para ir a comprar a xente maior, etc., etc.

E así temos o país, e mentres a algúns lles sigan dando os excels, para vostedes todo irá ben, pero é que non vai disto; o problema é que non vai disto, señor Calvo. Eu o que lle pido son cousas concretas, e que traeremos na moción do vindeiro pleno. Pero, cando menos, dígame: ¿por que nós, como oposición, como representantes do pobo galego, non temos dereito a



saber o que está pasando e me teño que fiar eu da súa palabra? ¿Por que? ¿Por que teño eu que fiarme da súa palabra e non me vén aquí coa documentación que lle pedimos?

É que así é moi difícil, é moi difícil realmente entender que o que me está dicindo é certo, é moi difícil, señor Calvo, sen a documentación que eu lle pido...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RÍOS SANTOMÉ: ...clara e concisa, sobre o que eu lle pido e á cal teño dereito a ter acceso. É que, señor Calvo, como dicía a miña avoa, «onde falan papeis calan barbas», e, mentres non os haxa, vostede e mais eu, que temos barba, falaremos, pero os problemas do transporte público seguirán sen arranxarse. Polo tanto, traia os papeis, señor Calvo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señoría, isto non vai de que eu por obra e graza lle pase información, como vostede dicía. Nós temos contestado neste Parlamento o cen por cento dos artigos 9 (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que o seu grupo presentou en relación co transporte. En relación con outros asuntos, na lexislatura pasada este Goberno é o que máis artigos 9 contestou de toda a historia do Parlamento de Galicia, e no que levamos de lexislatura aínda o superamos. (*Murmurios.*) Ben, xa llo digo a modo de modo de... (*Murmurios.*) non vai dirixido a vostede, vai dirixido ao xenérico do seu grupo, porque amosaban unha sorpresa, e tamén llo quero dicir.

Entón, vén vostede e faime unha interpelación acerca da transparencia, e eu contéstolle o que creo que lle teño que contestar, e díxenlle dende o principio que me parecía que, por moitos datos que lle dea ou por moito que lle conteste, non vou ser quen de cambiar a súa opinión, non vou ser quen, señor Ríos, iso témolo claro.

Di vostede que isto non vai dunha parada que non funcione. Ben, isto non vai dunha parada que non funcione, pero vostede na súa intervención inicial xa falou dun problema que houbo este día coa xente que ía de Lalín a Lugo —creo recordar— e que foron desviados a Monforte. Tamén abrimos un expediente nese caso, aínda se está abrindo nestes momentos, porque foi antonte, e pedimos loxicamente primeiro información.

Entón, non vai dun tema concreto, pero trae o tema concreto, e iniciativas neste Parlamento acerca de temas concretos de paradas leva moitos. (*Murmurios.*) Claro, non vai disto, pero é que todas as intervencións é: ¡joia!, non funciona unha parada. E di vostede: é que o plan está a cumprir os obxectivos para o que foi creado, e déixao así como nunha nebulosa. ¿E que obxectivos foron eses? ¿Os de crear un monopolio, que vostede sempre di? Claro.



E cando en Santiago ou en Lugo, como lle dicía antes, llo adxudican á mesma empresa, ¿aí non hai intención de monopolio? *(O señor Ríos Santomé pronuncia palabras que non se perciben.)* Claro que é comparable, señor Ríos, porque vostede está sempre deixando unha intención oculta en toda a actuación da Xunta, que non é certa, non é certa. E, se vostede ten algo que dicir, pois terá que acudir a un xulgado e demostralo, caramba. Pero non se pode estar así todo o día deixando iso no aire aí flotando.

Di vostede que este plan non valeu para nada. Ou sexa, pasar das... ¿cantas eran, 800?, a tres mil e pico liñas en toda Galicia, iso non vale para nada. Ou sexa, non hai ninguén beneficiado, puxéronse liñas por onde non hai xente. ¿Quere vostede dicir iso? Pasar de 20.000 a 58.000 paradas non beneficia a ninguén, ¡a ninguén! Non hai ningún galego que utilice as 38.000 paradas novas, ningún.

Que se faga o bus gratuíto para os maiores de 65 tampouco beneficia a ninguén, porque o máis importante é o fin para o que foi feito o Plan de transporte público de Galicia.

Por iso lle digo que é imposible chegar a un acordo con vostede, porque vostede ten perfectamente definido o que quere; enfócao, enfócao e de aí non sae. E dá igual os datos que lle poñamos enriba da mesa, dá igual os razoamentos que fagamos con vostede, dá igual que tentemos chegar a un acordo. Di: non, imos presentar unha emenda para que suban a idade por exemplo da Tarxeta Xente Nova a maiores, sabe Deus o que van poñer. E entón iso xa demostra que vostedes non están interesados en beneficiar o transporte. Non, demostra que nós queremos xestionar o transporte.

E se lle pregunta a cada un dos conselleiros se nos gustaría ter máis orzamento para levar a cabo as nosas competencias, todos, todos lle imos dicir que si. Pero isto non vai diso, isto vai de tentar arranxar todos os problemas de maneira coordinada, e de facelo o mellor posible. Entón, cando vén aquí e di que este sistema non é, ou que non vale para nada, pois mire, ¿que quere que lle diga?

Expediente de modificación de servizos —díxenllo antes—, 5.600 expedientes de modificación de servizos dende o ano 2020; neste ano 2024 levamos 521; é dicir, en 521 ocasións vaise modificar unha liña ou unha nova parada, porque se considera que é mellor. Porque as circunstancias tamén van cambiando ao longo do tempo; non é o mesmo hai tres anos que hoxe, por exemplo.

Din vostedes que no transporte escolar non se mellorou. ¡Carai!, este ano fixemos unha interpretación das nosas normas bastante mellores. Creamos 450 paradas novas este ano, ¡450! E o que dicimos creo que ten bastante sentido: se hai unha parada a menos de 500 metros, non se pon outra.

¿Vostede cre que iso é unha cousa que se nos ocorreu e que nos deu a gana e que o facemos por fastidiar? Non, porque, se non, é imposible xestionar un transporte. Se a 500 metros hai outra parada, ou vai para un lado ou vai para outro, son 250, salvo, iso si, que o rapaz ou rapaza teña, por exemplo, dificultades ou problemas de mobilidade. Entón si que se pon esa parada.



Pero cada vez que hai unha parada nun sitio, ¿quen está detrás da pancarta? Os do Bloque. Aínda que non teñan razón, están detrás da pancarta. ¿Para que? Para meter malestar á cidadanía, e para demostrar que este plan está artellado para que o excel e que as grandes empresas e non sei que. Non é certo, non é certo, señor Ríos. *(Aplausos.)*

Tentamos poñer as paradas onde se poden poñer, e ás veces pídennos cousas que podemos facer e cambiámolas, e facémolas, e outras veces pídennos cousas que non podemos facer. E tamén llelo explicamos pois por exemplo aos alcaldes, e dicímoslles: ¡joia!, por esta estrada de 4 metros de ancho non pode pasar un bus de 2,20, porque non é seguro, e non pode pasar, e non o entenden; ben, pois non o entenden, e hai que acarrear con esa situación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Remato, presidente.

Polo tanto, nós o que tentamos facer —e díxenllo na primeira intervención—, estea vostede seguro de que os que teñen máximo interese en que o sistema e o Plan de transporte de Galicia funcione é a Xunta de Galicia.

Polo tanto, ... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, así é imposible chegar a un acordo. Se vostede dubida diso, entón está claro que non imos poder chegar a ningún acordo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto sexto da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os efectos que están a ter nos concellos galegos, singularmente no seu financiamento, as últimas decisións do Goberno de España

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Bos días.

No ano 2017 chegouse a un acordo entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias, cando a Fegamp era outra cousa, para impulsar unha nova Lei de bases de réxime local de Galicia. Aí é onde dixemos que se tiña que blindar o financiamento local e definir competencias dos municipios, pero tamén advertimos da importancia de que o Goberno central acometera a reforma da nova lei estatal. Porque seguimos sen contar cunha normativa clara sobre as competencias entre as administracións e un sistema de financiamento local actualizado.



Lamentablemente, desde entón mudaron moitas cousas, entre outras e sobre todo mudou o Partido Socialista. Ese PSOE contaminado de sanchismo xa non quere saber absolutamente nada de pactos, salvo que estes sexan co independentismo; ese PSOE contaminado de sanchismo xa non quere saber nada dos concellos, e só pensa en dar privilexios a quen aposta por manter a Pedro Sánchez no Goberno; este PSOE contaminado polo sanchismo xa non quere saber nada de institucións independentes, salvo que sexa para asaltalas; só así se entende que o PSOE, coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego, convertera a Fegamp nunha plataforma política de ataque á Xunta de Galicia. O que non chego a comprender é o que fan os concellos do PSOE e do BNG pedindo máis e máis e votando en contra das medidas da Xunta cando son incapaces de xestionar o que teñen.

En Vilagarcía, o excelentísimo presidente da Fegamp deixou escapar 2 millóns de euros de fondos europeos EDUSI. Na Coruña, Inés Rey, a representante do socialismo galego na FEMP, deixou 326 millóns de euros sen destinar aos barrios da súa cidade; e este ano van 100 millóns de euros, e aínda dixo onte que a súa cidade merecía máis. En Vigo, o expresidente da FEMP —que algo tería que saber de financiamento local— perdeu recentemente 700.000 euros de fondos europeos para reformar o mercado de Teis, por non falar de 240.000 que tamén perdeu para dous parques infantís, por non falar dos seis millóns de euros que perdeu no PERTE da auga; aí si que Sánchez lle nega a auga e o sal a Vigo. En Santiago, a bandeira do BNG, executouse en 2023 menos dun 18 por cento, e a alcaldesa segue pedindo cartos á Xunta; ¿para que?; para non facer absolutamente nada.

É un desexo blindar o financiamento local, pero non axudan nin o mal exemplo dos gobernantes do PSOE e do BNG nos concellos nin os paus na roda que pon o Goberno central. Por iso lle preguntamos, señor conselleiro: ¿como prexudican as decisións do Goberno de España o financiamento dos concellos galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

A verdade é que o Goberno central ten feito moitas declaracións de intencións, pero todas quedan en nada á hora de solucionar os problemas dos concellos de España e de Galicia. Porque hoxe podíamos debater acerca do financiamento dos concellos e falabamos de que, efectivamente, á parte de legislar novas competencias para os concellos sen adicarlles nada de financiamento e, polo tanto, tensionar máis esa situación que teñen os concellos —por certo, aí os alcaldes do PSOE e do Bloque non teñen nada que dicir—, pois nesa situación a verdade é que non esperamos moito por parte do Goberno central.



Hai moito tempo que falou o Goberno central de que había que centrarse no reto demográfico, na España vaciada, nun estatuto básico dos municipios de menor poboación, polo que levamos esperando varios anos e non temos absolutamente nada de información. Pero hai evidencias innegables: tres de cada catro concellos perderon poboación, e isto non pasa só en Galicia, porque a Xunta —como dicían pola mañá— non faga os seus deberes, senón que é un mal de toda España.

O reducido tamaño dalgúns concellos fai imposible que poidan prestar ás veces os servizos e recorren a distintas formas de participación ou de colaboración entre eles, que poden chegar no caso de Galicia, como vimos, ao caso das fusións, pero tamén comparten funcionarios ou comparten autoría ou presentación dalgúns proxectos.

O Goberno central non só fai oídos xordos a esta situación precaria, senón que non ten reparo en agravala, como estabamos dicindo. E o máis urxente é a revisión integral do sistema de financiamento estatal e autonómico. Nós estamos de acordo con que os concellos teñen un sistema de financiamento que non é válido para a situación pola que atravesan nestes momentos, podémolo dicir berrando ou podemos poñernos detrás dunha pancarta, pero dicímolo claramente en todas e cada unha das nosas intervencións. Agora, iso si, o sistema de financiamento dos concellos ten que vir a carón, ao lado, ao mesmo tempo ou a continuación da renovación do sistema de financiamento das comunidades autónomas. Polo tanto, creo que iso queda claro.

E o que sería bo é que empezase o Goberno a pagar todas aquelas débedas que ten acumuladas, como falabamos antes no caso da Lei de dependencia, que —repito— no caso de Galicia chega a 2.500 millóns de euros. Pero iso parece que non é importante para algúns.

Polo tanto, nós faremos e estamos traballando nese borrador da Lei de Administración local de Galicia, onde hai que fixar esas competencias. Estamos traballando tamén nesa comisión coa Fegamp para aclarar cales son as competencias, pero, como lle dixen ao presidente da Fegamp —e díxeno en varias ocasións—, non se trata de facer os números á prisa e correndo. Se queremos realmente que ese traballo sexa serio, o que hai que empezar é a discutir xuridicamente que competencias son de cada administración, e non imos estar de acordo, como lle dicía pola mañá a outro deputado. Por iso ten que quedar, será un proceso longo, no que o primeiro que temos que facer é non seguir asumindo competencias que non son, porque claro que os concellos prestan...

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): competencias... (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, ben, conselleiro, en relación co que vostede acaba de dicir, gustaríame recuperar unha pregunta escrita que fixeron os nosos deputados no Congreso ao Goberno central: ¿que sistema de financiamento ten previsto o ministerio para facer



fronte ás competencias derivadas da Lei de benestar animal? Ollo á resposta: dende 2023 xa se están concedendo subvencións a entidades locais para a xestión de poboacións felinas. ¿Sabe, conselleiro, cantos concellos se acolleron a estas escasas subvencións? Once en 2023 e dez en 2024.

O Goberno central escúdase nesta limosna para xustificar unha lei que está traendo de cabeza non só aos donos das tendas de animais senón tamén aos concellos. Ese PSOE do que falaba eu antes, contaminado de sanchismo, está afogando os concellos con impostos innecesarios, como os derivados desa Lei de benestar animal ou a Lei de residuos.

Porque mire, señor conselleiro, (*A señora Prado del Río mostra un documento.*) tirar o lixo agora vai ser cousa de ricos, si, señorías, cousa de ricos, porque este taxazo, ou máis ben este sanchazo, non vai repercutir nos concellos. Isto vano pagar todos os galegos e galegas, e menos mal que a Xunta se comprometeu, señorías, a pagar o 60 por cento deste taxazo do Goberno de España. (*Aplausos.*) E as dores de cabeza da Lei de residuos non quedan só aí, porque tamén obriga os concellos a censar e xestionar a retirada do amianto, da que vostede falaba antes, unha medida que no día de hoxe case ningún municipio cumpre, principalmente por falta de recursos técnicos e recursos financeiros.

Está claro, señorías, que os concellos están case afogados polo Goberno central, que, ademais, se encarga de mergullalos máis na auga. Menos mal, señor conselleiro, que está a Xunta para apoiar e axudar os 313 concellos de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

A verdade é que lles estaba dicindo que estamos traballando na nova Lei de Administración local de Galicia e esperamos ser capaces de traela este ano ao Parlamento galego para poder debatela, melloralala e aprobala.

Pero en materia de financiamento, efectivamente, fomos pioneiros en España en garantir unha participación por lei nos ingresos da Xunta de Galicia a través do Fondo de Cooperación Local. Este ano subiu 10 millóns de euros para os concellos, pero hai algúns que cren que a suba é reducida, e na aportación total aos concellos pasamos a 642 millóns de euros que vai financiar a Xunta de Galicia nos distintos servizos, moitos deles competencia municipal pero que financia a Xunta de Galicia.

Pero tamén lle quero dicir: neste ano fomos capaces nesta consellería de financiar 677 actuacións en distintos concellos de Galicia, en concreto en 289 concellos de Galicia; ou, dito doutra maneira: o 97 por cento dos concellos galegos que pediron algún tipo de axuda con-



vocada por esta consellería tiveron unha axuda desta consellería. Deses 303 concellos, o 92 por cento recibiron esta axuda.

Nos orzamentos do vindeiro ano pois imos ter a liña de infraestruturas de novo para os concellos, con 3,5 millóns de euros; o Fondo de Compensación Ambiental, con 11,2 millóns de euros, para os concellos; unha nova liña de eficiencia enerxética, con fondos Feder, por 5,2 millóns de euros, que acabamos de solventar a deste ano, e foron beneficiados 51 concellos de menos de 30.000 habitantes; e imos seguir apostando tamén polas asociacións veciñais, que fan un inxente labor tamén nos servizos que prestan ás persoas que viven aí.

Si me gustaría facer dúas aclaracións. Primeiro: ¿cal é o papel das deputacións en todo isto? As deputacións están para asistir aos pequenos concellos e vemos que, efectivamente, non se fai. Trouxemos exemplos hai pouco a este Parlamento onde podíamos ver que na contratación de socorristas, que é unha competencia municipal, claro, aquí do que se trata é de que cada vez que di que unha cousa é competencia municipal hai que discutilo e dicir que non é competencia municipal, facemos xogo revoltado, e a partir de aí xa veremos por onde saímos. (*Murmurios.*) Si, si, isto é o que fai o Bloque e o Partido Socialista constantemente. Pois, ¡home!, nós destinamos 1,5 millóns de euros a socorristas e, non obstante, a Deputación da Coruña, que é a provincia que máis quilómetros de costa ten, non adica un só euro para poder contratar socorristas nas súas praias; iso si, se tes unha piscina, si, pero na praia non; isto faino a Deputación da Coruña.

Pero tampouco participan, como lles dicía antes. Dicía o Bloque que non participaba na reforma do mapa municipal porque eran todos homes. Mire, este convenio foi firmado coas tres universidades e na súa presentación estaban os tres reitores. Eu non sei se lles podemos pedir que sexan homes ou mulleres, pero eran os reitores, e a xente que decidiu a Universidade que fosen. Foron catro profesores universitarios decididos polas universidades, e decidían as universidades a que profesores llelo encomendaban....

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo): E na participación final estaba a directora de Administración local, e, como comprenderá vostede, non era unha presentadora.

O señor PRESIDENTE: Grazas, está entendido o tema.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Ese é o concepto que teñen vostedes das mulleres. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o tempo, señor Diego Calvo.

Pregunta da señora Vázquez Suárez, do Grupo Parlamentario Popular.



Pregunta de D. Julio García Comesaña e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación actual en España das probas da avaliación de bacharelato para acceso á universidade (ABAU)

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Benvido, conselleiro.

Coincidiremos en que a educación é unha das ferramentas máis poderosas á disposición das administracións públicas para garantir a igualdade de oportunidades e tamén estaremos de acordo na capacidade transformadora do ensino. É por iso que dende o Partido Popular de Galicia levamos anos avanzando en propostas que sirvan para asegurar a igualdade de todas as persoas.

Galicia é a comunidade autónoma máis equitativa de España; así o recolle o último informe PISA, que, ademais, constata que somos capaces de combinar excelencia e equidade, o que converte o sistema educativo galego nun referente.

Cada ano son centos de miles de alumnos os que queren iniciar estudos nunha universidade pública española e deben realizar os exames de avaliación para acceder á universidade para conseguir unha das prazas; en concreto, en Galicia na ABAU deste ano foron preto de 13.000. A pesar de que o noso país funciona como un distrito universitario único, as probas que dan acceso a ela son diferentes en función do territorio no que se desenvolven.

A todas luces este modelo non atende ao mérito nin á capacidade, vai en detrimento da calidade e da excelencia do sistema educativo e provoca grandes desigualdades entre o conxunto dos cidadáns. Baixo este marco, existen dende hai moito tempo desigualdades no noso país en relación coa ABAU, ao non existir un modelo común. O alumnado non ten asegurados os mesmos dereitos, desigualdades que non só observamos dende o Partido Popular. Se estaban na rúa, é porque afectaban loxicamente a moitos mozos e mozas.

O Grupo Popular sempre apoiou unha ABAU máis xusta, que introducira criterios comúns en todo o territorio, e xa quedou demostrado ademais nesta Cámara, a través de multitude de iniciativas, que por certo foron rexeitadas polo PSOE e polo BNG, seguindo as instrucións de Madrid, porque vostedes si atenden ao ditado do que di o ditador.

Aínda que non é nada novo, a actitude do Goberno central do PSOE en temas de educación non deixa de sorprendernos, a pesar de ser esta unha das materias máis importantes para a prosperidade e o benestar do noso país. Por iso nos sentimos moi satisfeitos de que Galicia teña criterio propio e de ser impulsores nesta materia, xunto a outras comunidades autónomas, dun acordo histórico. E tamén estamos moi orgullosos de que fose o presidente Feijóo o que conseguise este gran pacto.

Galicia foi a primeira comunidade autónoma en publicar os modelos de exame para a nova ABAU, a finais de agosto. E, polo tanto, Galicia ten os deberes feitos en tempo, prazo e forma,



co que garantimos certezas ao profesorado, aos alumnos e ás súas familias. Triunfalismo, non, pero o que non imos tolerar é o discurso catastrofista da oposición nesta Cámara.

E, por todo isto, señor conselleiro, o Grupo Popular quere preguntarlle: ¿que fixo Galicia e non fixo España respecto da ABAU?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, presidente.

Señoría, ten vostede toda a razón cando di que, dende Galicia, dende hai xa bastante tempo —cinco ou seis anos, aproximadamente— levamos actuando para conquistar unha proba tan importante para o futuro de miles e miles de xoves; por suposto, galegos, pero do conxunto de España. Unha proba da antiga selectividade, agora chamada PAU, que xere as mesmas oportunidades para o conxunto dos alumnos; por suposto, de Galicia, pero do conxunto de España.

A clave é coñecida: España funciona como un distrito educativo único; unha única porta de entrada, pero dezasete camiños diferentes. Ese é un modelo asimétrico que ten xerado desigualdades e que —e está demostrado— prexudica comunidades autónomas como Galicia, que teñen unhas moi boas cualificacións en todas as etapas educativas e, sen embargo, na proba de selectividade non é así. Isto afecta aqueles alumnos que queren acceder aos graos máis demandados.

Fomos pioneiros en impulsar unha ABAU común. Unha ABAU que xere igualdade entre os xoves españois; que non prexudique os xoves galegos. A verdade é que tivemos unha oportunidade histórica de facelo, desechada polo Ministerio, desechada polo Partido Socialista e os seus socios de esquerdas. E tivemos que ser as comunidades autónomas quen asumísemos o traballo que non fai, que non quixo facer o Ministerio.

Neste caso, doce comunidades autónomas rexidas polo Partido Popular —aproximadamente o setenta por cento dos alumnos de España— puxémonos a traballar. E puxémonos a traballar dun xeito coordinado internamente, tamén coordinado coa propia Ciug e tamén coordinado coa propia CRUE; é dicir, coa Comisión interuniversitaria das tres universidades galegas e tamén coa Conferencia de Reitores. Fomos traballando con moito diálogo, con moita sensatez, para que fosen converxendo as diferentes propostas iniciais, que ao final están posibilitando e posibilitan que teñamos para o próximo curso un modelo de proba moito máis común que o preexistente.

Traballamos en catro liñas. Primeiro, en unificar as datas. Algo que pode parecer *baladí*, pero non o é de ningún tipo de xeito; sobre todo pensando nos chamamentos que se fan aos alum-



nos das diferentes facultades. Tamén, sen dúbida, no máis importante, que son os contidos mínimos, as denominadas «matrices de contidos»: é dicir, o que se pregunta, o que se vai preguntar en cada unha das probas. Tamén nos criterios de avaliación e tamén na estrutura, na forma do exame.

Efectivamente, Galicia ten os seus deberes feitos. Fomos a primeira comunidade autónoma que puxemos encima da mesa un modelo de exame para dar certeza e seguridade ao profesorado e ao alumnado. E, en definitiva, estamos demostrando que si é posible traballar nunha proba común, contrariamente ao que sempre está anunciando o Ministerio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Vázquez Suárez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Grazas, presidente.

Moitas grazas pola resposta, señor conselleiro.

O que nos vén dicir é que estamos conseguindo o que levabamos anos reclamando: unha PAU máis xusta e homoxénea para acabar coas desigualdades entre comunidades autónomas. E, polo tanto, o noso discurso está sendo asumido a nivel estatal.

Falaba vostede das dificultades para conseguir este acordo, pero conseguiu a través do diálogo, do consenso e do entendemento. Algo tan escaso no «Goberno do un», que é como o apodan agora.

Pero imos ao que nos compite. As universidades españolas, como dixó, acordaron celebrar a nova selectividade en todo o país os mesmos días, os vindeiros 3, 4 e 5 de xuño do ano 2025, entre outros acordos que estableceron. Pero tamén lanzan unha demanda ao Goberno central; pídenlle que atrase a nova selectividade para estranxeiros non comunitarios, que está prevista para este curso aínda que non se aprobou o proxecto de real decreto que lle dá cobertura legal. As universidades temen que esta proba lles reste alumnado estranxeiro, cando buscan precisamente este alumnado para paliar a caída de matriculación que se espera pola crise demográfica.

Polo tanto, señor conselleiro, facémolle a seguinte pregunta: ¿que valoración fai o Goberno galego sobre a PAU para alumnado estranxeiro?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de...

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Como dicía...



O señor PRESIDENTE: Bueno, efectivamente, que é moi longo isto. Déalle, déalle.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Como dicía, estamos iniciando un camiño que non ten volta atrás. É un camiño que camiña cara a unha maior xustiza, e cara a unha maior igualdade nos alumnos que se van presentar ás probas da PAU, da antiga selectividade, en resumo.

Demostramos que si era posible traballar conxuntamente; demostramos que si era posible coordinar aqueles aspectos básicos, os contidos, o que se pregunta... Temos que traballar e seguir traballando no que é a estrutura, na forma de preguntar. Pero, en todo caso, creo que con traballo, con vontade, coa mente aberta, somos capaces de facer o que estamos facendo e deixando certamente en evidencia o Ministerio, o Partido Socialista, que se negou a impulsar esta liña de traballo.

Agora vemos como acaba de sacar o Ministerio unha liña que realmente é inaudita: unha nova proba de selectividade para o conxunto do alumnado estranxeiro que quere matricularse na Universidade española. E digo que é inaudita porque, en primeiro lugar, non se falou con ninguén; non se falou coas comunidades autónomas, non se falou coa CRUE, non se falou coas universidades. Moitas universidades, entre elas a de Vigo, xa dixeron que era absolutamente absurdo o que se plantexaba; que era sorprendente, porque ía en contra da lóxica. E nós tamén o pensamos así. E non o pensamos por unha cuestión simplemente partidista, nin moito menos; é que realmente hai moi pouca reflexión sobre este modelo. Ademais, é ben curioso: non somos capaces de poñernos de acordo, o Ministerio non é capaz de facer unha proba común para o conxunto de España, pero si é capaz de facer unha proba común para todos os países de fóra de España. É algo absolutamente absurdo e que vai en contra de aspectos nos cales queremos traballar e debemos traballar, como é a internacionalización das universidades, a capacidade de captación de alumnado estranxeiro. Isto vai en contra absolutamente desta liña.

Tamén é un modelo de selectividade que é unha barreira. É unha barreira para atraer futuros alumnos nun momento de caída de alumnado no que para Galicia é moi importante atraer alumnado tamén no sistema universitario. Tamén xera desigualdades nos propios países de orixe, xa que obriga a que os alumnos que queiran facer esta proba vaian, ben ás sedes da UNED, ben aos consulados. Nun país dunha superficie como por ser Brasil, como pode ser México, como pode ser Arxentina vai, por definición, excluír moitísimos xoves que poden ter dificultades para acceder a facer esta proba. É excluínste respecto a persoas que queren vir estudar a España e a Galicia. Ademais, eu creo que no caso concreto de Galicia nos afecta especialmente, debido aos lazos históricos, culturais, emocionais e sociais que temos cos países de Latinoamérica.

En definitiva, é algo que vai absolutamente en contra do sentido común. É algo que non ten practicamente ningunha lóxica, que está xerando moitísimas críticas. Estou seguro de que dentro de pouco a van modificar ou que alguén a terá que modificar, quizais máis pronto que tarde. Pero, en todo caso, demóstrase claramente que hai dúas formas de traballar: a do Ministerio, do Partido Socialista, que todo o que fai o fai mal e, neste caso, a das comunidades autónomas...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...que estamos intentando facer o traballo que non fai o Ministerio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Perdón? *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)*

Perdón. Déalle voz ao escano da señora Castro.

A señora CASTRO REY: Presidente, eu, con base no artigo 76 do Regulamento, quería solicitar unha rectificación ou unha retirada dunha palabra manifestada pola señora Vázquez, que afecta gravemente o decoro e a dignidade do noso grupo parlamentario.

O señor PRESIDENTE: ¿Cal é a palabra?

A señora CASTRO REY: A palabra é «ditador» para referirse a Pedro Sánchez. Cando ditador é unha persoa que se arroga pola forza...

O señor PRESIDENTE: Non, pero é...

A señora CASTRO REY: ...e se impón por riba de calquera ordenamento xurídico. Pedro Sánchez é o presidente do Goberno elixido tras unha votación democrática libre.

O señor PRESIDENTE: Pero eu creo que non se refería nese sentido.

A señora CASTRO REY: ¿¡Ah, non!? *(Murmurios.)* Pois a RAE só contempla unha definición de ditador, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Perdoe, non... Imos ver. Eu podereiME explicar, porque ademais o artigo 76 di «cando a xuízo da Presidencia...», que iso non o len vostedes. *(Murmurios.)* Claro, por iso entón a Presidencia terá dereito a falar.

Eu entendín o que dixo a señora Vázquez Suárez referíndose a cando «*el dictador dicta*» un escrito. *(Varios deputados e deputadas: ¡Non!)* Si, si. *(Murmurios.)* Si, si, si. «*A la orden de lo que dicte el dictador.*» *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora CASTRO REY: Home, o ditador...

O señor PRESIDENTE: «*A la orden de lo que dicta*», sobre «ditado»; de «ditar». *(Murmurios.)* Eu foi o que entendín. Pode vostede matizar iso.

A señora CASTRO REY: Si, si.



O señor PRESIDENTE: Pero, por favor, vaino matizar. Vaino matizar. Eu entendín iso, jeh! Porque se entendese a outra palabra, por suposto que lla retiraba no momento. Aquí non se pode mencionar esa palabra referíndose a ningún grupo. Pero eu entendín o outro. E está a señora aí para dicilo. Por favor, señora Vázquez Suárez, matice ese concepto.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Si, grazas, señor presidente.

Eu dixen «Ao ditado do ditador». Esas foron as palabras exactas.

O señor PRESIDENTE: Iso é o que eu entendín. *(A señora Vázquez Suárez pronuncia palabras que non se perciben.)* Outra cousa é que vostedes interpreten o que ela... Eu non o interpretei nese sentido. *(Murmurios.)* Polo tanto, a xuízo da Presidencia aquí non se lle chamou «ditador» no sentido que vostede aludiu a ninguén. *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Non o consentiamos? Non. *(Murmurios.)* Non, non, para min está aclarado, señora Castro. Non se referiu... *(Interrupcións.)* Non, para min está aclarado. *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdoe, eu creo que xa lle contestei. Non sei que outra cousa me pode dicir. *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(A señora Castro Rey: Iso é unha redundancia.)* Si, ¿que quere dicir? Déanlle voz. Xa sei o que é unha redundancia, pero eu non son quen para corrixir iso.

A señora CASTRO REY: Claro que é unha redundancia. A persoa que dita non é un ditador. Calquera persoa pode ditar. E o concepto de «ditador» é unha persoa que se impón pola forza...

O señor PRESIDENTE: Non, non, non...

A señora CASTRO REY: ...por riba de calquera ordenamento xurídico. E non ten máis... Non ten outra acepción, señor presidente...,

O señor PRESIDENTE: Non, non, por favor.

A señora CASTRO REY: ...pero se están coordinados e se prefire mirar para outro lado vos-
tede...

O señor PRESIDENTE: Non, por favor... Non está vostede agora no uso da palabra. Se é unha redundancia ou non eu non son quen para corrixir a linguaxe dos deputados. Eu non son quen. Iso é noutros estamentos. Eu entendín o que entendín: ditado de «ditar» —tomar nota, escribir—; non o que vostede di. E quero que iso quede meridianamente claro. Porque o primeiro que non ía consentir «ditador» no sentido que vostede aludiu ía ser eu. Polo tanto, debate morto. *(Murmurios.)*

Ten a palabra agora dona Alexandra Fernández Gómez, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Cando queira.

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da cobertura docente do CEIP Chans-Bembrive, de Vigo, para unha mellor atención á diversidade



A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Ola, conselleiro. Bo día.

É un feito que o número de alumnado con necesidades educativas e de apoio especiais non deixa de aumentar. Segundo as direccións dos centros, en Vigo a porcentaxe do alumnado que ten esas necesidades específicas de apoio educativo alcanza xa o vinte por cento. Por tanto, se hai máis necesidades ten que haber tamén máis recursos, independentemente do número total de alumnos que haxa no centro. E esta non é unha opción que vostede poida decidir. Vostede está obrigado por lei a garantir os dereitos destes nenos e nenas. Pero o certo é que cada ano hai máis nenos con necesidades e menos recursos, e cada ano a situación é máis grave.

Este inicio de curso os centros educativos de Vigo chegaron a unha situación insostible e límite. En todos os centros se repiten situacións graves, dramáticas para as familias: con nenos que non puideron nin tan sequera comezar as aulas porque non había coidadores; orientadores que teñen que atender varios centros a un tempo e son incapaces de prestar a atención que precisan os alumnos; milleiros de queixas de familias de alumnos con necesidades especiais aos que se lles quitaron os especialistas PT e aos que lles quitaron, en definitiva, a oportunidade de progresar nas súas vidas.

Hoxe traemos un caso concreto, que é o do colexio Chans-Bembrive, que simplifica e tamén pon rostro ás consecuencias das súas políticas crueis contra os máis vulnerables. Con 271 alumnos, a orientadora ten que facer o seguimento e tratamento de 70 alumnos; e todo nunha xornada parcial de 13 horas á semana, porque cando sae dese centro tócalle atender outro tanto noutro centro. Iso significa que esta orientadora ten uns dez minutos aproximadamente á semana por alumno para facer diagnósticos, para facer informes valorativos, para entrevistarse coas familias, para facer os tratamentos... Por tanto, por máis sobreesforzo que fagan os profesionais, con 13 horas á semana non é posible atender 70 alumnos para os cales esta figura é fundamental.

Ademais, a súa crueldade chega a extremos insoportables. Ana, unha nena deste centro, precisa do apoio dunha PT preferente. De feito, o ano pasado tíña asignada. Ten todos os informes valorativos médicos e da orientadora que acreditan que necesita esa profesional para poder avanzar. Pero non serviron de nada os informes: a Xunta denegoulle ese profesional de apoio alegando que «é que xa non hai máis recursos». Que non importa se Ana o precisa ou non, que non importa se Ana ten dereito ou non a ese profesional, como indica a lei, senón que aquí o único que importa é que a Consellería ten unha bolsa fixa de 150 especialistas de atención preferente para repartir por toda Galicia e que, aínda que hai moitos máis casos acreditados que eses 150, con informes médicos e de orientacións, aquí a cuestión é que uns teñen sorte e outros non. É como se cando precisamos un tratamento médico entrásemos nun sorteo para ver quen o recibe ou quen non; e por suposto, claro, quen pode paliar esas carencias pagando tratamentos ou quen non.

Están con estes recortes determinando o futuro dos nenos; que nunca máis volven ter esa idade, que nunca máis volven estar nese estadio de desenvolvemento. Ana está perdendo oportunidades polas súas decisións e por unha política cruel.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ¿Que van facer, neste caso, neste centro? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, a verdade é que comparto parte da súa reflexión inicial, e certamente o sistema educativo se enfrenta cada vez máis a un incremento substancial de alumnos con necesidades educativas especiais. Dende a Xunta de Galicia témolo moi en conta. Non podo compartir a súa afirmación retórica de plantexar o da crueldade, que facemos políticas crueis; nin tampouco a manipulación que vostede fai cando afirma que os informes da Xunta reproducen o que vostede di aquí: «*No, es que no le hace falta o no se le da porque no hay dinero*». Eu sei como son os informes de Inspección e estou seguro, señoría, de que non é así. Co cal, comparto a súa reflexión inicial; non comparto a súa polisémica agresiva e tampouco comparto a súa manipulación dos informes de inspección, estou seguro de que sen coñecelos en profundidade.

En todo caso, nós dende sempre —e para nós é un axioma— temos como un dos principios básicos da nosa acción política axudar os alumnos que máis o precisan en todos os sentidos. Xa non é algo que que se diga tamén dun xeito retórico, como vostede pode pensar, senón que está certificado por informes nacionais e internacionais que certifican; por exemplo, o propio Ministerio di que o ensino máis inclusivo do conxunto de España é o ensino galego. É obvio que sempre quedan cousas por facer. É obvio que sempre se poden facer máis cousas. Pero, con todo, señoría, creo que non se pode denigrar a función que fan miles de profesionais —ao redor de catro mil profesionais— todos os días para integrar, para dar oportunidades a aqueles alumnos que máis o precisan.

Evidentemente, vostede colle un caso e intenta facer causa xeral dese caso. Eu teño que dicirle claramente que este curso académico, pese ao que vostede está a dicir, na cidade de Vigo que vostede cita hai máis profesionais e especialistas de atención á diversidade: aproximadamente trinta e pico especialistas máis comparativamente co ano anterior. Iso é un dato xenérico, dificilmente discutible. Igual que é dificilmente discutible que, na organización deste curso, con menos alumnos temos un maior número de profesores. Podemos adornalo como queiramos e podemos dicir o que queiramos, pero é certo que os datos ao final son os que son. E no caso concreto do centro que vostede cita e que vostede di, teño que dicir que se cumpren absolutamente as *ratios*; por exemplo, en canto ao de infantil, que debía haber vinte, cando este ano de 25 hai 18. A *ratio* media deste centro é 11,7.

Tamén hai que dicir que o mapa educativo de cada centro evoluciona e son os profesionais quen fixan os criterios para poñer uns profesionais especialistas ou outros, porque as necesidades van mudando e van mutando en función do alumnado. Por suposto, este colexio ten todos os profesores de catálogo, sen ningún tipo de dúbida. Ten dous especialistas, un PT e



unha AL, e ten tamén, a través do programa PROA, medio AL máis. Tamén é certo que o ano pasado tiña un profesional enteiro do programa Acompaña, un programa que desapareceu este ano, pero ten un PT, un AL...

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...e medio AL a maiores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Mire, hai dúcias de centros en Vigo que están trasladando demandas concretas moi, moi de mínimos para saír dunha situación excepcional e crítica. Na escola infantil Aragón eliminouse unha mestra de apoio e precisan mestres AL e PT. O instituto Valadares demanda, como mínimo, un docente, dous PT, unha coidadora e unha orientadora. Os colexios Igrexa-Candeán e Santa Mariña reclaman a AL que lles quitaron. Na escola Infantil Vila Laura reclaman unha coidadora e denuncian que incumpren as *ratios*. Colexio Paraixal, precisan AL. Emilia Pardo Bazán, eliminaron a PT e a AL a pesar de que se manteñen as necesidades. En Carballeda denegouse a PT da atención preferente; necesita unha coidadora e unha mestra de AL, que só vai unhas horas. Na escola infantil Monte da Guía precisan PT, AL e coidadoras. Colexio Sobreira, supéranse as *ratios*. Mestres Goldar demanda máis horas de mestres, PT, AL e orientación. Ou o exemplo que lle din do Chans-Bembrive.

Non é un caso puntual, señor conselleiro. Hai un desmantelamento xeneralizado no apoio do alumnado que máis o necesita. ¡Xeneralizado! (*Aplausos.*) Hai unha situación de emerxencia, que ademais non se tapa cos parches do PROA. Por iso, a Asociación de Directores e Directoras dos Colexios Públicos de Vigo, que reúne nada máis e nada menos que trinta centros educativos da cidade, denuncia publicamente, xunto con Foanpas, que a Consellería non está atendendo o alumnado NEAE. De feito, o mércores pasado as direccións do centro, as ANPA e as familias saímos ás rúas de Vigo nunha mobilización histórica apoiada por milleiros de persoas. ¿E vostede vén dicirnos que non detecta nada preocupante na situación que estamos vivindo en Vigo? (*Aplausos.*)

Ten vostede en fronte toda a comunidade educativa e vostede está só. Aí na tribuna está a ANPA do Chans-Bembrive e as ANPA de todos os centros da cidade. ¿Quen o apoia e defende as súas teses, conselleiro? Se ata xefes territoriais xa non saben que escusas pór ante tantas situacións crueis. Vostede está só, e por iso o único que practica vostede é o silencio ante as direccións dos centros cando reclaman eses apoios; iso si, roldas de prensa que recrean unha política-ficción. Saia do seu *matrix* e diga que vai facer vostede ante a mobilización histórica...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...que vivimos nas rúas de Vigo o pasado día 12. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, señoría, é que vostede intenta facer crer que eu digo cousas que eu non dixen. Iso é o que se denomina puramente unha «manipulación». En ningún caso eu afirmei unha frase que vostede dixo aquí; en ningún caso creo que ninguén poida dicir que eu dixera o que vostede dixo que eu dixera.

En atención á diversidade, como xa lles dixen e repito, no conxunto somos a comunidade autónoma máis inclusiva de España; dío o Ministerio. Vostede fala do Concello de Vigo. Mire, no Concello de Vigo, cunha situación moi semellante —hai menos alumnos que o ano pasado, en xeral— á do ano pasado, hai máis de trinta profesionais e especialistas PT e AL. O ano pasado eu a vostede —cando digo vostede, dígoo retoricamente— non lle escoitei facer ningún tipo de cuestionamento a este respecto.

Creo que as cuestións ao final hai que contextualizadas. Como lle estaba dicindo anteriormente, este centro ten unha dotación dun PT e unha AL e medio AL vencellado a PROA. É certo que o ano pasado tiña un acompañante completo. Pero, obviamente, a nós infórmannos de que a atención aos alumnos con necesidades educativas especiais é coherente coas necesidades do centro. Obviamente, sempre pode haber máis; sen dúbida ningunha pode haber máis. Pero creo que os datos son os que hai.

Vostede cita tamén aquí os coidadores e vostede cita tamén os orientadores; son exactamente os mesmos ca o ano pasado, exactamente os mesmos ca o ano pasado. Eu non escoitei o ano pasado ningún tipo de posicionamento contrario á dotación deste tipo de profesionais. Se agora vostede o vencella cunha manifestación ou cunha serie de declaracións, estou seguro de que vostede sabe bastante diso.

Pero, en todo caso, creo que hai que ser moi serios nestas cuestións. Non se poden tomar decisións cunha perspectiva arbitraria ou con base en percepcións. Debemos actuar sempre con informes, con datos e debemos actuar sempre con base nas necesidades educativas e darlles resposta, sempre, ás necesidades educativas daqueles alumnos que máis o precisan; e estámolo facendo. ¿Que non é suficiente? Nunca nada é suficiente. Pero intentar plantexar iso, cando o propio Ministerio di que Galicia é a comunidade autónoma de España máis inclusiva e que mellor atende os alumnos con necesidades educativas especiais, é simplemente unha manipulación ou unha falta á verdade. ¿Que quedan cousas por facer? Moitísimas. ¿Que quedan cousas por mellorar? Moitísimas. Agora, non se pode plantexar un discurso catastrofista como o que vostede está aquí plantexando, sobre todo aludindo a un caso concreto onde creo que os datos son evidentes. Hai unha redución de *ratios*. Hai 11,7 alumnos por docente; fíxese vostede: 11,7 alumnos por docente. A dotación de profesorado é a correcta; cumprese o catálogo sen ningún tipo de problema. Hai profesores especialistas e os coidadores e os orientadores son exactamente os mesmos do ano pasado. Creo, señoría...



O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...que detrás desta pregunta hai moito máis que unha preocupación lexítima... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os prazos para a posta en marcha do futuro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense

O señor PRESIDENTE: Señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señora conselleira, a sociedade ourensá e, sobre todo, a Plataforma ProCAPD e moreas de familias levan moito tempo loitando por que Ourense teña o que xa teñen na Coruña, en Lugo ou en Pontevedra: un centro de atención a persoas con discapacidade maiores de 21 anos de xestión pública e directa. Un dereito social, un servizo público que a súa consellería debería garantir e que, se hoxe está máis cerca de poder ser unha realidade, é grazas precisamente ao esforzo de familias coma estas, que hoxe nos acompañan varias delas na tribuna e a quen lleS queremos agradecer de corazón o seu compromiso e o seu traballo ao longo destes anos. *(Aplausos.)*

Señora conselleira, tras anos de mobilizacións e máis de cincuenta mil sinaturas no ano 2016, todas as forzas políticas aquí representadas asinamos un compromiso co futuro CAPD de Ourense. Aínda así, o seu Goberno incumpriu reiteradamente. O primeiro proxecto non se correspondía coas necesidades das familias e houbo que axustalo. Pero a espera seguiu alongándose no tempo. Primeiro, sen partidas orzamentarias, despois, con partidas orzamentarias pírricas, ata que por fin no verán de 2020 arrincaron as obras.

Pero a espera non acabou aí. En agosto de 2021 a empresa comunicou á Xunta que non podía facerse cargo pola suba de prezos desta infraestrutura. Porén, vostede, a Xunta de Galiza, ocultou esta información ás familias ata que en marzo de 2022 o BNG destapou esa circunstancia nesta Cámara. Outra vez grazas á presión social, fíxose unha nova adxudicación, reactiváronse as obras e vostedes prometeron que estarían en funcionamento en xaneiro de 2024. Outra promesa incumplida, xustificada ademais en que choveu moito; algo impensable en Galiza. Despois dese brillante argumento, a última promesa do delegado territorial en Ourense en agosto foi que estaría para setembro. Estamos xa, señora conselleira, acabando outubro e hoxe supoño que vostede entenderá que as familias requiren de explicacións, que as familias están cansas de espera e que queren por fin unha resposta.

Eu supoño que hoxe vostede trae preparada unha data, un anuncio, un titular. Nós agradeceremos que se explique cando vai estar aberto, pero, sobre todo, hoxe pedímoslle que vostede teña a valentía de aclarar o máis importante, o que máis preocupa as familias e a plataforma ProCAPD, que é cal vai ser o modelo de xestión. Hoxe Ourense está preguntándose se imos ter un centro de atención a persoas con discapacidade maiores de 21 anos que sexa público



e de xestión pública e directa, a través de empregados e empregadas contratados directamente pola Xunta, como vostedes asinaron no 2016; se imos ter un CAPD público ou se van facer negocio coa discapacidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Presas, eu entendo e comparto o seu interese en coñecer o estado no que se atopa a construción dunha infraestrutura, que todos compartimos que é importante, que é relevante, pero que ademais é necesaria —non soamente na provincia de Ourense, senón tamén nesta cidade—, como vai ser este centro de atención a todas as persoas con discapacidade. Pero tamén entendo e considero que hai que facelo con rigor e hai que facelo tamén con seriedade.

Mire, o primeiro que hai que facer é botar a vista atrás e lembrar que, dende a adxudicación do contrato inicial por 7,6 millóns de euros, houbo que lidar non con poucos atrancos, señora Presas: cos efectos da pandemia da covid-19, coa suspensión de todos os procedementos administrativos, coa dificultade que tivemos coa subministración de materiais e tamén co encarecemento de todos os prezos e coa necesaria adxudicación dun novo contrato para rematar a obra tras o falido intento da empresa anterior. Polo tanto, todas estas incidencias afectaron non soamente nos prazos de construción deste centro, senón tamén no orzamento final. Un orzamento final que, por certo, supera nestes momentos xa os dez millóns de euros.

Polo tanto, señorías, eu quero deixar claro unha vez máis que ante todas estas circunstancias o Goberno galego actuou sempre coa máxima celeridade e informando tamén todas as familias. Por iso, infórmoos de que no día de hoxe as obras xa están rematadas e que xa contan con todo o equipamento necesario. Estou segura de que vostede mesma puido comprobalo persoalmente neste centro de atención ás persoas con discapacidade.

Pero tamén quero deixar claro que o persoal da Consellería de Política Social e Igualdade reuniuse cos pais e coas nais de todas as persoas futuras usuarias deste centro cada vez que se produciu un fito importante no que había que avisar.

Polo tanto, señora Presas, eu o que lle pido ao Bloque Nacionalista Galego é que unha vez máis non intenten enganar, non intenten manipular e non intenten confundir os cidadáns e os veciños desta cidade de Ourense. Eu pódolles garantir que o Goberno galego cumprirá coa palabra dada a todos os ourensáns e porá canto antes á disposición un servizo público especializado, accesible, pero, o que é máis importante de todo, que será da mellor calidade para todas as persoas con discapacidade que serán futuras usuarias deste centro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señora conselleira, ¿sabe que pasa? Que xa antes de que vostede fose conselleira de Política Social, as familias estaban loitando por isto. Polo tanto, a seriedade e o rigor que ten esta plataforma, estas familias e tamén —con toda humildade o digo— este grupo parlamentario é toda a que lle falta á súa consellería. *(Aplausos.)*

Aquí ninguén manipula ninguén. Os pais e nais que están detrás desta plataforma e que levan anos dando unha loita exemplar son persoas adultas, maiores de idade que defenden os seus dereitos. Non se deixan enganar por ninguén, tampouco pola publicidade da Xunta de Galiza.

A pregunta que ten vostede hoxe enriba da mesa, escrita de antemán nun papel, é clara e meridiana: ¿vai ser xestión pública e directa, si ou non? ¿Van cumprir o que asinaron de puño e letra, si ou non? Porque eu era candidata do BNG no ano 2016 cando todas as persoas que nos presentabamos a esas eleccións asinamos un compromiso moi claro con tres puntos, que vostede coñece perfectamente, pero que lle vou recordar cal era o terceiro: «o centro de atención a persoas con diversidade funcional será público, de xestión pública e atendido por empregados públicos». Iso foi o que asinaron. ¿Vaino cumprir ou non o Goberno galego? Iso é o que queremos saber hoxe.

Porque ademais vostedes teñen antecedentes. Son especialistas en privatizar a atención aos nosos maiores e seguilo facendo pese ás leccións que aprendemos na pandemia e pese ao que din os informes do Consello de Contas. Teñen antecedentes porque en Ourense xa pecharon o Centro de Menores de Montealegre, para despois abrir un recurso que era público, con traballadores públicos directos, como un servizo privatizado e con moitísimos problemas hoxe en día. Teñen antecedentes, porque acaban de privatizar os centros de atención 24 horas ás vítimas de violencia sexual; tamén o que vai haber en Ourense. Polo tanto, as familias están preocupadas. O que piden é o que xa hai na Coruña, en Lugo ou en Pontevedra: un centro de atención que sexa público e directo.

Mire, hoxe no xornal *La Región* vén unha carta de pais e nais que se fan a pregunta que nós lle facemos aquí: ¿vai ser un servizo público ou vai ser un negocio? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Peche desta pregunta, conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora conselleira de POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Presas, mire que teñen vostedes mala memoria. Vostede non se cansa unha vez máis de criticar unha e outra vez a suposta externalización dos servizos, pero cando vostedes gobernaban aplicaban exactamente o criterio contrario.



Fala vostede hoxe de antecedentes. Pois mire, voulle dar antecedentes: Goberno do Bipartito, xunto co Partido Socialista, externalización da residencia de Laraxe, de Quiroga (*Protestas.*) (*O señor presidente pide silencio.*) Cando vostedes gobernaban, externalización e privatización da residencia de Laraxe de Quiroga, de Viana do Bolo, de Castro de Rei, de Bande... Tamén externalizaron vostedes a xestión da residencia de Ribadeo. Onde vostedes gobernan externalizan o SAF, o Servizo de Axuda no Fogar, en case máis da metade dos concellos onde está o Bloque Nacionalista Galego. E, ademais, agora gobernan no meu concello, no Concello de Ribeira. Mire que pediron vostedes municipalizar servizos e agora, unha vez máis, van externalizar a xestión da Escola Infantil de Ribeira.

Miren, os do Bloque Nacionalista Galego xa os coñecemos. Vostedes municipalizan de palabra todo cando están na oposición e vostedes privatizan alá onde gobernan. Esa é a realidade. ¡Esa é a realidade! (*Aplausos.*) Así que lles pido que se deixen de contradicir, de intentar enganar unha vez máis todos os galegos e que sexan vostedes un pouquiño máis serios.

Pero miren, señorías, hoxe aquí en sede parlamentaria, eu podo anunciarlles que nos primeiros meses do ano 2025 imos poñer á disposición de todas as familias e todas as persoas con discapacidade de Ourense este centro, que sempre dixen e lle reiterarei que é necesario para todas as familias que viven nesta cidade. Un centro que vai contar con 110 prazas públicas de atención diúrna e atención residencial. Polo tanto, un centro que vai formar parte da rede pública autonómica.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Procedemos agora cun debate acumulado de dúas preguntas.

Pregunta de D^a Silvia Longueira Castro D. Julio Ernesto Abalde Alonso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as primeiras medidas que o Goberno galego pensa materializar para cumprir os pactos acadados cos estamentos que traballan en defensa da lingua galega

Pregunta de D. José Luís Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as principais medidas do Goberno galego para impulsar o uso da lingua galega e o incremento de neofalantes, especialmente entre a mocidade

O señor PRESIDENTE: Para formular en primeiro lugar a pregunta, ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Falouse moito hoxe aquí de lingua; e é que ás veces o inmaterial, aquilo que non é tanxible, aquilo que non se pode apresar, constitúe unha característica de vulnerabilidade. Hoxe aquí falouse dese patrimonio inmaterial que supón a lingua galega, e tamén de liberdade. Resulta



que case a metade do hemiciclo que está aquí sabemos que o Partido Popular, liderado dende hai quince anos polo señor Alberto Núñez, que era quen ditaba naquel momento —segundo o señor Santalices— borrou da face do entendemento a liberdade que se buscaba para seguir facendo grande o galego. E a liberdade é, nin máis nin menos, que o curto camiño que hai entre o cazador e a vítima. E vostedes gañaron. Vostedes gañaron esa cacería e fixeron a presa súa.

Practicaron o que se coñece como a glotofaxia —que xa foi practicada, desgraciadamente, na época franquista—, que é un proceso político-social mediante o cal a lingua dunha determinada cultura desaparece parcial ou totalmente, vítima da influencia, en maior ou menor medida, directa ou coercitivamente doutra cultura. Hai tres compoñentes neste proceso, que coinciden precisamente cos compoñentes que puxo en práctica o señor Núñez. Primeiro o compoñente económico, entendida a economía como unha rendibilidade política, que é a principal causa de conflito entre culturas e o que leva á emigración ou á colonización da cultura dominada.

Despois, o compoñente xurídico constitúe o aparato lexislativo que se pon en marcha no proceso de migración, no que o habitante autóctono se torna estranxeiro na súa propia terra. Parte dese aparato glotofáxico é a escola, xa que é obrigatoria e dítase na lingua dominante. Se preguntamos a persoas, por exemplo, de máis de oitenta anos do rural galego seguro que aínda nos dirían como se lles pegaba na escola por falar en galego; ou na miña propia familia, onde eran relatadas con todo luxo de detalles, ata chegar a demonizar iso no que non se podía falar.

E despois está o compoñente ideolóxico. Son prexuízos lingüístico-culturais que avalan a desaparición das linguas consideradas inferiores. Ademais, leva a confundir o concepto de colonización co de civilización, con todo o que iso implica. Pois este proceso, a réplica deste proceso, foi posta en práctica agora durante estes quince anos.

Hoxe levan vostedes na man o ofrecemento do diálogo co Consello de Cultura —galegofalante, por certo—, pero esconden pola porta de atrás a Lei de acompañamento orzamentaria que nos di que o funcionariado da Administración galega non ten a obriga de falar e escribir en galego. Non sei cales eran os seus ofrecementos, porque de seguro que mañá poderemos escoitalos e poderemos falar; e seguramente con calma, espero. Pero non nos parece que esa medida da Lei de acompañamento sexa unha boa maneira de comezar a falar sobre a nosa lingua. (*Aplausos.*) Non deixa de ser un camiño para unha medida coercitiva, a mesma que durante corenta anos de Ditadura neste país se lles impuxo ás linguas rexionais. Compartían un único cometido: o esquecemento. Intentouse reducilas a un mero folclore... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

Formula agora a pregunta o señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde xa, señor conselleiro. Señorías.



A Xunta de Galicia, dentro do seu amplo abano de actuacións para protexer e fomentar o uso da lingua galega en todos os ámbitos da sociedade, tanto no dixital como no social ou empresarial, vén de presentar unha nova achega económica conveniada coa Universidade de Santiago de Compostela, que se vai a prolongar ata o ano 2026, destinada a reforzar programas encamiñados ao fomento do neofalantismo. O termo «neofalantes» emprégase para referirse a aquelas persoas que aprenden a falar galego nalgúns dos seus espazos vitais e rematan por empregada de xeito máis ou menos habitual. Así, o neofalantismo preséntase como imprescindible para a dinamización da nosa lingua galega e para aumentar a porcentaxe de uso.

Desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos moi positivo continuar adoptando medidas encamiñadas a incrementar o uso do galego nos espazos onde se move realmente a mocidade galega, dado o imprescindible papel dos máis novos na preservación do patrimonio lingüístico e cultural propio de Galicia.

Precisamente, sacar a lingua do debate partidista e seguir impulsando e prestixiando o uso do galego en todos os contextos é o que o levou a vostede, señor conselleiro, a promover un acordo entre todas as forzas políticas no marco do pacto pola nosa lingua, que terá a súa primeira toma de contacto mañá mesmo; así o recordaba o presidente pola mañá. E nesta casa, a casa da palabra, e a palabra deste Parlamento é galega; e iso sen que ninguén o dite. Por iso, debemos tratar todo o que ten relación coa nosa lingua non desde trincheiras, senón desde un punto de vista positivo e construtivo; de intentar prestixiar a lingua, de intentar entendela e comprendela como patrimonio de todos e non como patrimonio de ningún partido político, de ningún movemento cultural nin de ningún grupo social.

Por iso, a figura dos neofalantes é unha boa fórmula para dinamizar a lingua, sobre todo entre a mocidade e entre aqueles que veñen de fóra e deciden vivir na nosa comunidade. Hoxe escoitabamos datos recentes que falan de que chegaron a Galicia máis de cento quince mil persoas nestes derradeiros cinco anos. Certamente, é esta unha emigración moi positiva para Galicia, en todos os aspectos. Ademais, enriquecénos culturalmente. Pero tamén nos supón un desafío, un reto para que se sumen e se incorporen ao noso modelo lingüístico.

Por todo isto, formulamos a seguinte pregunta: ¿cales son as principais medidas que adoptou o Goberno da Xunta de Galicia para impulsar o uso da lingua galega e o neofalantismo, con especial atención entre a mocidade?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi boa tarde xa a todos e a todas.



Bueno, creo que é unha boa noticia que no Parlamento hoxe, neste debate parlamentario, trouxésemos o tema da lingua como unha cuestión central, porque estou convencido —e non me canso de insistilo e de repetilo— de que é unha cuestión que nos ocupa e que nos preocupa a todas as forzas políticas; independentemente das diferenzas, creo que de estratexia ou de linguaxe, ou de cuestións que son alleas ás necesidades ou á realidade que eu creo que todos os galegos entenden como propias. Estas dúas respostas que hoxe tivemos aquí no Parlamento, a resposta do presidente á pregunta do Bloque Nacionalista Galego e estas dúas tamén —a proposta do Partido Socialista e do Partido Popular— veñen dar conta desa relevancia, desa importancia, desa preocupación.

Creo que o Goberno tivo unha actitude proactiva durante estes últimos meses; fundamentalmente máis dende que coñecemos os datos do Instituto Galego de Estatística hai aproximadamente doce días. Dende aquela puideron as súas señorías, como ben apuntaba o deputado do Grupo Popular, dar conta neste foro, no Parlamento de Galicia, dun debate a unha comparecencia por petición propia do secretario xeral de Política Lingüística, que na súa intervención deu conta dos resultados que recolle esa enquisa aos fogares do Instituto Galego de Estatística.

Posteriormente hoxe —como dicía antes— no debate neste pleno céntrase tamén un asunto importante e fundamental, por parte da pregunta ao presidente e por parte destas dúas preguntas.

Creo que durante este tempo os grupos parlamentarios, as distintas forzas políticas, tivemos a oportunidade de confrontar claramente os modelos. Xa digo, en moitos ámbitos nós, por suposto, puidemos analizar e ver cales eran os posicionamentos das forzas políticas en relación aos seus programas electorais en materia de lingua. Teño que dicir que o posicionamento do Bloque Nacionalista Galego é un posicionamento claro, que, á parte, quedou meridianaamente explicado hoxe por parte do presidente na campaña electoral. Creo que teñen un programa claro de cal é o seu modelo lingüístico para a nosa comunidade autónoma.

Non así o Partido Socialista. Tiven a inquietude de intentar atopar cal é a estratexia do Partido Socialista en materia de lingua no noso programa electoral e sinto dicirlle que non aparecía absolutamente ningunha mención á cuestión da lingua. Espero que agora, a partir destas reunións nas que tendemos a man, poidamos coñecer realmente cal é a súa preocupación e a situación que teñen en relación á lingua galega.

Gustaríame abordar, desde logo, estes datos que temos enriba da mesa, que nos fan reflexionar. Creo que é importante que fagamos unha reflexión, que teñamos unha mirada analítica, que o fagamos sen perder a referencia do rigor e da obxectividade. Creo que é innegable que temos dúas cuestións claras, que quedan definidas nesa enquisa. Unha é que as competencias lingüísticas están acreditadas na sociedade actual. Creo que temos o nivel de coñecemento en lectoescritura máis alto de toda a historia; creo que temos garantidas esas competencias. Os xoves e os galegos saben e teñen un nivel de aprendizaxe en lectura, en escritura e en entendemento do galego por encima do noventa por cento. Creo que aquí temos esa parte cuberta. Pero tamén é certo que non podemos obviar que temos que traballar por mellorar o uso social da lingua.



Houbo tamén aí un dato claro: que houbo un cambio no proceso de transmisión da lingua. Antigamente ese proceso de transmisión era por parte das familias; hoxe o centro de transmisión do ensino da lingua son as escolas. É certo tamén que hai un factor ao que apuntaba tamén aquí na súa pregunta, que era ese grupo de neofalantes, esas persoas que non teñen o galego como idioma materno e se achegan ao noso idioma por primeira vez. Temos que buscar as fórmulas necesarias para conseguir chegar ou actualizar a nosa normativa a eses novos factores demográficos. Temos —como dicía antes— máis de cento quince mil novos galegos que veñen residir a Galicia; o cal é unha grandísima noticia, pero que evidentemente esta situación afecta e modifica moitos parámetros e non pode ser tampouco a lingua allea a eles. Polo tanto, aí temos que aplicar desde logo as nosas políticas.

Creo que temos en Galicia unha política lingüística baseada na cordialidade e na integración; unha política lingüística que no día de hoxe socialmente non xera ningún conflito. Ademais, creo que temos fundamentalmente un elevado coñecemento do galego. ¿Que temos que facer? Seguir avanzando. Para iso propuxemos dende o primeiro momento na miña comparecencia un grande acordo, un gran pacto pola lingua. Espero e desexo que a partir de mañá poidamos confrontar, poidamos debater, poidamos opinar, poidamos —seguramente— ter posicións diferentes e distantes. Pero, ao final, espero que sexamos conscientes do moito que nos estamos xogando; do importante que é que transmitamos tamén como formacións políticas con representación nesta Cámara ao resto da sociedade galega.

Eu creo que a sociedade galega quere que, dunha vez por todas, eliminemos do apoio ao galego o debate crispado, o debate enfrontado, o debate atrincheirado nalgúns casos en determinadas posicións ideolóxicas. O que busca a sociedade galega, desde logo, é un debate de altura no que poidamos chegar a acordo. Aquí imos facer propostas nese pacto que van ir dirixidas a ese colectivo de neofalantes, a ese colectivo de persoas que teñen por primeira vez contacto coa lingua. E, desde logo, imos facer unha proposta ambiciosa e unha proposta que creo e espero que estea á altura do resto de formacións políticas para chegar a conseguir ese gran pacto que necesitamos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Eu agradézollo, conselleiro. Vostede foi un bo alcalde e seguramente por iso e por outras moitas cousas é vostede hoxe conselleiro aquí no seu partido. Pero é que este problema crérono vostedes. Ou sexa, nós o que queremos é volver a unha situación que... Volvo repetir, eu non me podía imaxinar que ía estar neste Parlamento falando do señor Fraga. Ou sexa, eu o que quería era a situación que plantexou o creador do seu partido político, e que foi capaz de poñer de acordo diferentes pensamentos, diferentes ideoloxías e diferentes formas de entender o galego. Non queremos máis que o que tiñamos. ¿Que pasa? Que a persoa que ditaba no Partido Popular no ano 2009 deuse conta de que había unha masa social da que, axitando a lingua, podía sacar réditos políticos; e sacounos. ¡Claro que os sacou! Pero o pro-



blema non existía; o problema creárono vostedes. Entón, ¿queren que o arranxemos? Pois trataremos de arranxalo.

Con respecto aos neofalantes, haberá 115.000 neofalantes —por certo, hai 100.000 xoves que expulsamos de Galicia, supoño que veñen compensalo, dadas as políticas que temos tan maravillosas—, pero tamén hai neofalantes en Cataluña. Eu pódolle asegurar que no Raval de Barcelona escoito falar catalán a persoas de diferentes razas, diferentes cores e diferentes crenzas; e non pasa absolutamente nada. Compramos nas tendas do Raval e aténdenas perfectamente e teñen unha inmersión lingüística sen ningún tipo de problema. ¿Por que? Home, porque en Cataluña o catalán sempre foi un idioma que respectou desde a burguesía ata as clases menos podentes e que foi un orgullo de país. Claro, diso se trata cando se goberna: de darlle para arriba ao que un ten, como valor. Había unha novela de Bernardo Atxaga, que se chamaba *El hijo del acordeonista*, onde hai un poema que se chama «*Muerte y vida de las palabras*», en que fai unha oda ao lamento da perda das cen maneiras que hai de dicir «mariposa» en euskera, por exemplo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: E iso basicamente o que queremos...:

O señor PRESIDENTE: Grazas. Está entendido.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Acabo agora.

O señor PRESIDENTE: Non...

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...que atenda á situación que tiñamos de cordialidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Perdoe, isto vai como vai agora. Xa sabe que no tempo isto agora vai doutro xeito.

Réplica, señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, polo que escoitamos da súa resposta, comprobamos que para a Consellería é moi necesario e importante poñer en marcha accións específicas orientadas ás vantaxes de falar galego e apoiar os novos galegos que están pensando ou xa teñen decidido optar polo galego como lingua de comunicación.

Señorías, parece que os grupos da oposición non abandonan a súa intención de facer da nosa lingua unha arma arroxadiza. Fronte a esa política, nós imos seguir inmóbiles, insistindo no que realmente cremos e queremos: na necesidade de manter todas as portas abertas para formular un diálogo sincero no marco do pacto pola nosa lingua.



A situación do galego, o noso principal sinal de identidade, é unha cuestión que nos importa e nos une —ou nos debería unir—, señorías, a todos. Por suposto que non hai verdades absolutas, pero tampouco hai liñas vermellas —así llelo están transmitindo dende o Goberno—, liñas das que non se poida falar. Teremos todos que achegar posturas e seguro que facer algunhas cesións; pero todos. Tendo en conta que o principal obxecto é prestixiar a nosa lingua e intentar sumar novos galegos e novos falantes, buscar confrontacións nalgo como a nosa lingua, que nos une a todos os galegos, é estéril e contraproducente. É, señorías, non saber de que vai a película.

Está claro, señor conselleiro, que o uso do galego é o reflexo da nosa sociedade; e esta sociedade está en continuo cambio. Por iso temos que adaptar as novas políticas lingüísticas para que sexan máis certas e efectivas. Todas as forzas políticas temos un pacto pola nosa lingua e temos unha grande oportunidade. Non a imos desaproveitar, polo menos dende o meu grupo.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche destas preguntas, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, presidente.

Pois claro que temos un firme compromiso coa nosa lingua, co noso idioma. Ademais, este compromiso vaise reafirmar nos orzamentos, cuxo trámite parlamentario se iniciou hai...

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pódolles garantir que é bastante incómodo intentar falar cando se está interrompendo. (*Murmurios.*) Eu creo que debían ter un pouco máis de educación, sobre todo porque estamos nunha zona bastante próxima e deberían tentar respectar un pouco o turno de palabra. Deberían, polo menos. (*Aplausos.*) Xa sei que os pon nerviosos isto de falar da lingua, pero deberían de ter cando menos un respecto e empezar desde logo con mellor pé un proceso de negociación; e máis desde o respecto, que eu creo que vai ser a actitude que vai ter o Partido Popular. Non nos cansaremos nunca de facelo. (*Murmurios.*) Non se preocupen, que aínda que do outro lado recibamos este tipo de actitudes, por parte do Partido Popular van ter seguido a man tendida para intentar poder chegar a acordos. Neste tema e noutros moitos, porque o que nos importa e o que nos preocupa realmente é a nosa lingua. Para iso sabemos que temos que intentar chegar a algún tipo de acordo. Eu non me vou cansar de ter unha actitude tranquila, sosegada e moderada nesta cuestión. Porque lles podo garantir que, a diferenza do que escoitamos algunhas veces —ou que levo escoitado eu estes últimos días— de que isto pode ser unha estratexia política, que pode ser a busca dunha foto por parte do Partido Popular, xa lles digo terminantemente que non. E digo que non porque o Partido Popular, sinceramente, en todo este proceso non busca un rédito político nin busca un interese electoral.



Neste momento, despois dunhas eleccións autonómicas e a seis meses de ter gañado cunha maioría absoluta, despois de observar como o tema da lingua foi un debate nuclear no proceso de eleccións municipais hai escasos seis meses, onde había un claro modelo lingüístico que defendía o noso partido e outro modelo que defendía o Bloque Nacionalista Galego, os galegos faláron. E faláron claro e referendaron, ademais dun modelo económico, dun modelo social, dun modelo de políticas a longo prazo, tamén un modelo de políticas lingüísticas. *(Aplausos.)* Eu creo que nese aspecto o Partido Popular non ten necesidade ningunha de acreditar nin de buscar ningún tipo de lexitimidade para poder falar do galego. Creo que nese aspecto todos podemos coincidir en iso que é así. Abrimos un escenario, desde logo, —pódolle garantir— con total sinceridade, con total honestidade e preocupados única e exclusivamente polo futuro do noso idioma; exclusivamente, sen ningún tipo de vantaxismos nin tampouco de buscar ningún tipo de intereses políticos.

Por iso dicía que poñemos en marcha evidentemente un esforzo importante en materia orzamentaria: incrementaremos un millón de euros para poñer en marcha políticas dedicadas a eses novos colectivos que se achegan ao noso idioma. Tamén para poñer en marcha as posibles medidas que poidamos detraer, que poidamos sacar dese novo pacto, coa actualización posible dese Plan Xeral de Normalización Lingüística. Ademais, garantimos a posta en marcha de máis de cen cursos para neofalantes e un novidoso programa de voluntariado lingüístico, que tamén creo que é importante para poder chegar a todos eses colectivos a nosa lingua con certa amabilidade.

Creo sinceramente que temos unha oportunidade importante. Eu coincido coa señora Longueira na súa preocupación. Fala a señora Longueira en vésperas dunha reunión importante que teremos mañá coas formacións políticas. Creo que non é o momento de reproches nin de botarnos en cara nada. Poderíamos falar desa ruptura do pacto e do acordo lingüístico. Podémola retrotraer ata o ano 2009 ou podémola levar tamén ata o ano 2007, co decreto que aprobou o Bipartito. Eu creo que iso non aporta absolutamente nada e creo que, se entramos nesas dinámicas, ao final non estaremos recollendo o fundamental, o esencial que nos pide a sociedade galega.

A diferenza doutros temas —en moitos temas, creo, por cuestións de ideoloxía política podemos estar mantendo posicións moi diferentes—, eu creo que no ámbito do galego pódolle garantir que eu intento escoitar e intento estar próximo. Vou ter e teño, dende logo, unha actitude totalmente positiva. Porque sei o que nos xogamos, sei o que temos entre mans e creo que é moitísimo máis o que nos une que o que nos separa, moitísimo máis. Temos moitísimos puntos en común, temos moitas cousas nas que traballar conxuntamente.

Temos retos por diante, evidentemente. Hai unha lei, hai un marco normativo do ano 1983, hai un Plan xeral de normalización lingüística. Os dous saíron por unanimidade nesta Cámara, de forma distinta. As unanimidades ás veces é verdade que... Parece chocante que o Partido Socialista ou o BNG defendan agora a figura de don Manuel Fraga ou a figura dos acordos aos que se chegou naquel momento. Bueno, nunca tiveron a dignidade de facelo cando gobernaba; fano agora a toro pasado para intentar contraponer a realidade con este Goberno. *(Murmurios.)* Esta é unha estratexia política habitual e normal. Polo tanto, non nos estraña. *(Aplausos.)*



Pero non temos que semellarnos a ninguén. Eu non envexo absolutamente nada o modelo lingüístico catalán nin o modelo lingüístico vasco; nin eu nin a maioría social dos galegos envexamos en absoluto ese modelo. E dígolle máis, non é que non o envexemos... Eu xa sei que isto non gusta moito, pero é a realidade: os datos empéñanse en dicir que onde máis competencias lingüísticas hai e onde máis uso social hai dunha lingua cooficial é en Galicia; máis que en Cataluña e máis que no País Vasco.

Polo tanto, eses modelos que vostedes defenden non serán tan bos ou é que ao mellor o modelo que ten Galicia é moito mellor que os modelos que teñen o País Vasco e Cataluña. (*Aplausos.*) E, polo tanto, nin tan mal. Ao mellor non estamos tan mal.

Eu emprázoos a que mañá á mañá, de forma sosegada...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...falemos e cheguemos a un acordo...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Mañá hai tempo para todo iso...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...para un gran pacto polo galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego verbo da execución do convenio entre o Concello de Lugo e a Xunta de Galicia para desenvolver o proxecto do Museo da Romanización de Galicia

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Conselleiro, imos facer unha viaxe ata o século pasado.

Ano 1997. Acordo plenario para adquirir uns terreos e cederlle despois ao Ministerio de Defensa eses terreos para reconverter o cuartel de San Fernando, como contraprestación, nun equipamento cultural.

Ano 2003. Fírmase un convenio para a compra do inmovible, co fin de poñelo á disposición da Consellería.

Ano 2008. Asíñase un protocolo entre Consellería de Política Territorial, Consellería de Cultura, Consellería de Vivenda e Instituto Galego de Vivenda e Solo co Concello de Lugo, co alcalde naquel momento, o señor Orozco, para crear un auditorio, Museo da Romanización e vivendas protexidas.



Ano 2009. O Cuartel de San Fernando é declarado BIC pola Xunta de Galicia.

Ano 2010. A Xunta de Galicia abre un concurso de ideas para o anteproxecto do Centro de Interpretación e Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando.

Ano 2011. A Xunta anuncia un investimento de dez millóns de euros e que comezaría reforma ese mesmo ano.

Ano 2012. O *DOG* publica o contrato para o proxecto básico, cunha achega de máis de douscentos mil euros.

¡Ah!, pero chega o ano 2013 e a Xunta paraliza o proxecto.

Ano 2014. O alcalde naquel momento, o señor Orozco, pídlle ao conselleiro de Cultura que asuma a titularidade do edificio.

Ano 2015. Eu, como alcaldesa, teño unha reunión co [ditador] (*Expresión retirada do Diario de Sesións por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) que ditaba naquel momento, o señor Núñez Feijóo, para que reactive o proxecto do cuartel.

Ano 2016. Desenvólvense unhas obras de mantemento e de urxencia por máis de douscentos mil euros.

Ano 2017. Eu mesma, novamente, teño unha reunión co señor Núñez Feijóo para pedirlle unha vez máis que reactive o proxecto.

Ano 2020. Novamente, nunha reunión mantida con Núñez Feijóo, solicítolle o mesmo e parece que se abre a estudar que o Museo da Romanización se faga en Lugo, no cuartel de San Fernando.

Ano 2023. Reúnome co señor Rueda coa mesma finalidade —era quen era presidente naquel momento— e comprometeuse a financiar o museo. Iso si, logo negárase, a pesar de que hai evidentemente unha rolda de prensa e hai testemuño do mesmo e podémolo escoitar se fose preciso.

A realidade é que dunha obra que debería está xa rematada e que debería de ser un referente —non só para os lucenses e as lucenses, senón para todos os galegos e as galegas— no día de hoxe non hai absolutamente nada. Polo que, logo de vinte e sete anos, a pregunta é sinxela, conselleiro: ¿pensa o Goberno galego cumprir co compromiso que tiña xa adquirido...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...para a creación do Museo da Romanización no antigo cuartel de San Fernando? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Resposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señora Méndez, eu tamén fun alcalde e sei o difícil que é ás veces sacar adiante os proxectos. Ás veces é unha loita complexa, dificultosa; pero tamén, en certa medida, depende da inercia, da capacidade, da influencia, do poder de decisión que tamén teña a corporación municipal e a persoa que está enfronte dela. E creo que é importante tamén esa capacidade de decisión que pode ter un alcalde á hora de poder manexar ou xestionar proxectos; ou, simplemente, moitas veces a liberdade ou a autonomía que pode ter dentro dunha propia corporación municipal. Ás veces sei que non é fácil gobernar con certas minorías que, ao final, dificultan a consecución de determinados proxectos. Creo que ao mellor unha das orixes deste problema pode estar aí, ¿non? Pode radicar nesa diferenza ideolóxica que había entre os partidos que formaban parte da Corporación en Lugo.

Facía vostede historia. Eu entendínlle —espero que a entendera mal— que falaba do señor Núñez Feijóo como «o ditador que ditaba». Espero que tivera... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entendínlle mal, espero que non sexan eses os termos nos que nos temos que referir nesta sede parlamentaria. (*Murmurios.*)

Pero teño que dicirlle que no 2005, efectivamente, o Concello adquiriu ese cuartel por 2,4 millóns de euros e anunciou que llo cedería á Xunta. Creo que facían vostedes naquel momento moito fincapé en que o uso para ese cuartel tiña que ser destinado a un auditorio; que era, desde logo, a estratexia que tiña o Partido Socialista en Lugo. Por aquel entón, como dicía vostede, estaba como concelleiro de Urbanismo o señor Gómez Besteiro e chegaron incluso vostedes a confrontar duramente co BNG en relación ao uso que habería que darlle a esa infraestrutura. Acusaba ao seu socio de Goberno, ao BNG, de non cumprir con Lugo. De feito, creo que tiveron bastantes enfrontamentos en relación a este tema.

Todos recordamos eses anos do Bipartito. Vostede pasou por encima. Fixo un recordatorio histórico, pero eses catro anos do Bipartito pasounos por encima. Pero voullos recordar eu. Falaba desas políticas de confrontación entre socialistas e nacionalistas, que tiñan modelos diferentes para este inmovible. Daqueles problemas de hai vinte anos veñen hoxe as consecuencias, vinte anos despois. ¿E cal é a situación real? Independentemente do que vostede acaba de dicir, pois que teñen un auditorio, o Auditorio de Magoi, que está pechado e no que a Xunta investiu máis de vinte e cinco millóns de euros e que teñen o cuartel de San Fernando abandonado, que segue sendo competencia do Concello de Lugo o seu deber de conservación. E teñen aínda un pechado e outro completamente abandonado, sen que se asuma ningún tipo de responsabilidades desde a parte da xestión municipal, que as terán tamén.

Polo tanto, creo que o fácil nestes casos é volver á confrontación coa Xunta; buscar un inimigo externo para xustificar esta situación. Eu creo que a Xunta aí tivo un papel importante. No ano 2008 firmouse ese convenio ao que facía vostede referencia para a construción e adecuación do Museo da Romanización...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ... e no 2009 chegouse tamén...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Xa llelo contarei no turno de réplica. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, señor conselleiro.

Fala vostede da capacidade dos gobernos, intentando menosprezar os acordos e os convenios firmados. Hai que ter incluso mala fe para vir dicir vostede isto aquí. *(Aplausos.)*

No ano 1997 quen gobernaba na Xunta de Galicia xa era o señor Fraga, o Partido Popular. E, ademais, dende o ano 2009 ao ano 2013 quen gobernaba na Xunta de Galicia —recórdolle— era o Partido Popular, sendo Núñez Feijóo, o «*[ditador]* (*Expresión retirada do Diario de Sesións por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) que ditaba» —en palabras da súa compañeira—, o que gobernaba en Galicia e na Xunta de Galicia. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O que lle estaba dicindo, señor conselleiro, é que de maneira unilateral no ano 2013 a Xunta deixa de apostar por esta infraestrutura; de apostar por un referente cultural en Lugo, en Galicia e no noroeste peninsular. A pesar do rico patrimonio que hai na nosa cidade, onde hai máis de quince mil pezas catalogadas. Que, ¿sabe vostede onde están, señor conselleiro? Pois no concello, na deputación, nalgunhas dependencias da Xunta e ata en vivendas particulares de arqueólogos, polo amor que lle procesan á súa profesión e tamén polo amor que lles profesan a eses restos arqueolóxicos. Son propiedade da Xunta de Galicia, igual que o cuartel de San Fernando. Quen ten a capacidade e quen ten a competencia de facelo e de protexelo é a Xunta de Galicia, porque está declarado BIC. Así o declararon vostedes, señor conselleiro. E vén dicir que iso é competencia do Concello, cando ten unha declaración de BIC e cando, ademais, había un compromiso firme de que o Concello adquiriría ese edificio para cederllo á Xunta de Galicia. Atendeuno durante uns anos e dende o ano 2013, de maneira unilateral, deixaron de lado este proxecto. Incluso faláron despois de facer alí un parador...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...Estaban dispostos a financiarlo con cinco millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...e agora non queren poñer nada para o cuartel... *(A señora Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. (*Aplausos.*)

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señor presidente.

Si, claro que o imos facer. De feito, creo que ten vostede información de primeira man, porque se reuniu co presidente da Xunta sendo a alcaldesa. Hai un ano nestas datas reuniuse con vostede, recibíuna o presidente da Xunta e faláron de moitos asuntos relacionados co tema de Vigo. Fala vostede de que deixamos en abandono unha infraestrutura cultural fundamental para Lugo, ¡como se vostedes desde o Concello non deixasen en abandono un auditorio que custou 25 millóns de euros e que non son capaces de abrir! (*Aplausos.*) E estráñalle que a Xunta de Galicia non cumpra, cando vostedes son incapaces de abrir unha infraestrutura única en Galicia e que teñen vostedes parada desde hai un montón de anos.

Fala vostede do financiamento por parte da Xunta de Galicia e de que a Xunta de Galicia non pon. Vostede dicía como alcaldesa o 15 de outubro do ano 2022, ademais, de solicitar un financiamento de fondos europeos para a súa consecución. Creo que eran 12 millóns de euros os que pedía vostede ao Ministerio de Fondos *Next Generation*. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, eu falo do que dicía vostede nos medios de comunicación: fondos *Next Generation* de 12 millóns de euros para a reforma desta infraestrutura. E falaba despois en outubro, ademais, de que non só era o Ministerio o que ía aportar esas cantidades, senón que ademais o Ministerio de Cultura —naquel momento co señor Iceta— falaba de que ía participar tamén no que era o Plan de musealización e toda esa infraestrutura.

Tiña vostede perfectamente definido o financiamento e o proxecto para esta obra. E o que lle trasladou o presidente nesa reunión días despois —ou semanas despois— de saír estas noticias foi que quería que a Xunta de Galicia participase no financiamento dese proxecto. E o presidente naquela reunión díxollo perfectamente claro, e creo que ese é o compromiso do que saíron a dar conta os medios de comunicación: que a Xunta de Galicia apoiaría a construción desa infraestrutura sempre e cando o Concello de Lugo conseguise o financiamento por parte dos fondos europeos e conseguise a colaboración ou o financiamento doutras entidades; ben sexa do Goberno central ou ben sexa de fondos europeos. Non conseguiron nin unha nin outra. De feito, é que nesa xestión que fixeron vostedes para conseguir ou incorporar dentro dos fondos *Next Generation* este proxecto, non é que non conseguise a valoración mínima necesaria para poder ser financiado; é que nin sequera foron capaces vostedes de conseguir que valorasen a súa proposta, porque non cumpría coas condicións que esixía o Ministerio.

Polo tanto, de momento o Concello de Lugo non fixo a súa parte. Eu pódolle garantir, podo afirmar aquí que o presidente Rueda cumprirá, por suposto, con Lugo, como leva facendo durante todos estes anos. E cumprirá con esta infraestrutura, sempre e cando vostedes cumpran coa súa parte. O que non se pode é estar sempre buscando un inimigo fóra para intentar xustificar a incapacidade do que non se fai na casa.



Eu pídolle que se sume á Xunta, que traballe con rigor por este proxecto, que é sostible, que é viable e que é factible. Se o Concello de Lugo e vostedes cumpren coa súa parte, a Xunta cumprirá coa súa. Non lle caiba ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, xa sei. *(Risos.)* ¿Con base en que artigo?

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Con base no artigo 76.3, «cando a alusión afecte ao decoro ou á dignidade dun grupo parlamentario». Neste caso aludiuse ao presidente nacional do Partido Popular. Como tal, atentouse contra o decoro deste grupo e pido un turno de palabra, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Ben, un momento, eu poderei falar.

Imos ver, creo que eu o expliquei antes do mellor xeito que se pode explicar. A señora deputada utilizou o termo «ditador», de ditado —«copiar texto»—. Se vostedes queren seguir por outro camiño, claro, entramos nun problema. Non é o mesmo «ditador» de copiar texto que «ditador» de persoa absolutista que dá instrucións e que fóra diso... Todos sabemos o que é o concepto «ditador». Hai unha diferenza... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, aínda non terminei. Hai unha diferenza entre o que dixo a señora Vázquez Suárez e o que dixo a señora Lara.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Perdón, se deixan falar... Hai que ser demócratas e, sobre todo, se fala o presidente. Todo isto é sempre a xuízo do presidente.

A señora Vázquez Suárez non deu ningún nome; eu non llo escoitei. A señora Lara deu un nome, que é «Núñez Feijóo». Eu xa sei que é unha rabieta, que o fixo en concepto rabieta; non en concepto de querer dicir que o presidente Feijóo —cale, por favor— é un ditador. *(Interrupcións.)* Non, é porque eu estou explicando. Entón, eu o que lle pido á señora Lara é que, se o concepto que quixo dicir é «ditador» como «persoa que todos entendemos como algo malvado que non se debe pronunciar neste Parlamento», se o pode retirar. Estoullo pedindo a vostede. *(A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Podo falar?)* Si, si, como non. Déalle voz ao escano da señora Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Fixo referencia ao presidente do Goberno. Non deu o nome, pero todos sabemos que é Pedro Sánchez. En todo caso...

O señor PRESIDENTE: Non, non, non. *(Interrupcións.)* ¡Perdón! *(Murmurios.)*

(Unha señora deputada: ¡Xa está ben! Está incumprindo o Regulamento, señor presidente.)



O señor PRESIDENTE: Non complique. Eu estou tomando como referencia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdoe, o Regulamento cúmpreo e seino. Vostede acábame de dicir unha cousa e eu estou reconducindo a situación. E pedinlle á señora Lara esa cuestión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estou falando con ela agora. ¡Por favor, silencio! Por favor. Xa sei como cumprir o Regulamento. Estou falando con ela con base na cuestión que vostede me plantexou. *(Murmurios.)* ¡Perdón! Por favor, non está vostede no uso da palabra. ¡Por favor!

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ¿Sigo coa intervención? Estábame referindo ao que ditaba naquel momento as directrices da Xunta de Galicia, que era o señor Núñez Feijóo. En todo caso, eu non teño ningún problema en retiralo, sempre e cando o retire o Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non, é que o do Partido Popular vai noutro contexto. Imos pór as cousas no seu sitio. O do Partido Popular é noutro contexto; o de vostede non é, se non o quere retirar, nese mesmo contexto. Eu entendo que o de vostede sexa unha rabieta, pero entón véxome obrigado a retiralo eu. Retíroo e queda retirado. E, consecuentemente, se o teño que retirar eu, iso obrígame a unha... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero eu non teño ningún problema. Retíroo eu e, consecuentemente, ao retiralo eu, unha chamada á orde. Isto é o que di o Regulamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Interrupcións.)* Isto é cumprir o Regulamento e aquí rematou a cuestión.

(Interrupcións.) *(Murmurios.)*

Non, non, xa rematou. Está retirado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E logo por que? Si, está retirado. Retireino eu. *(A señora Prado del Río: ¿Déixame falar?)* Si, pero, por favor, voulle pedir que non o complique máis. Non o complique. Xa está complicado. Eu creo que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu non o complico, eu aplico o Regulamento, e non sempre hai que ter a razón. ¡Coidado! *(Interrupcións.)* Hai que saber darlles evolución ás cousas. Eu creo que vostede planteoume unha cousa e eu tratei de reconducila. Terminou. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, ¿que quere dicirme?

A señora PRADO DEL RÍO: ¿Déixame falar?

O señor PRESIDENTE: Si, déixolle. Xa lle deixei falar. Unha certa orde.

A señora PRADO DEL RÍO: Hai que deixar falar os deputados, aínda que sexamos do PP. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, iso non llo cre nin o apuntador, pero bueno. *(Risos.)*

Dígame, por favor, que é o que quere dicir. Diga, fale.

A señora PRADO DEL RÍO: Señor presidente, en aplicación do Regulamento, se ten algunha dúbida eu agradeceríalle que consultase cos servizos da Cámara que é o que ten que facer neste momento. Eu pedín polo artigo 76.3: «cando a alusión afecta ao decoro ou á dignidade dun grupo parlamentario, o presidente poderá concederlle a un representante daquel o uso



da palabra, polo mesmo tempo e coas condicións que se establecen nos apartados 1 e 2 do presente artigo». Eu pedínlle a palabra. Vostede, con base neste artigo, ¿que vai facer, señor presidente?

O señor PRESIDENTE: Deille a palabra.

A señora PRADO DEL RÍO: Non, non me deu a palabra. Señor presidente, non me deu a palabra.

O señor PRESIDENTE: Deille a palabra. Por favor, se está falando...

A señora PRADO DEL RÍO: Non, deulle a palabra á señora Méndez.

O señor PRESIDENTE: Non. Despois, porque eu intentei reconducilo.

A señora PRADO DEL RÍO: Deulla á señora Méndez.

O señor PRESIDENTE: Eu deille a palabra a vostede. Vostede...

A señora PRADO DEL RÍO: Non me deu a palabra, señor presidente. Está gravado.

O señor PRESIDENTE: Vostede expresou a súa queixa e eu, consecuentemente, dou isto por zanjado. Está zanjado este debate.

Suspéndese o pleno. Bueno, suspéndese non; rematou. Rematou este pleno.



Remata a sesión ás dúas e cincuenta e un minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

